

# Uvas e granito\* (II)

## Viaxe por Galicia

Nina EPTON

Traducción da A. e F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO

### ÍNDICE

<b>Explorando a penedosa costa noroeste</b>	<b>125</b>
<b>Curiosidades das Rías Baixas</b>	<b>138</b>
<b>Peregrinaxe á montaña</b>	<b>149</b>
<b>Unha serra salvaxe e un Cáliz Sagro</b>	<b>152</b>

### EXPLORANDO A PENEDOSA COSTA NOROESTE

Despois das festas de Santiago decidín dirixirme cara as “rías” da costa do norte, asequible, segundo me informaron, desde Carballo, onde unha pequena compañía de autobuses fai o servizo diario. Ademais dos grandes e cómodos autobuses dun piso que rolan nas rutas principais de Santiago a Pontevedra e Noia por exemplo, desde a estación de autobuses un número de compañías privadas operan con coches máis pequenos, e non tan cómodos, nas rutas menos frecuentadas e de estradas máis malas, fóra dos lugares visitados polo turismo. Estes coches resultan do máis estraño para un estranxeiro, principalmente porque non se suxeitan a un horario fixo. Ademais, as súas oficinas abertas a horas non especificadas, durante un período de tempo indeterminado, para se pechar despois, dan a sensación de que abandonaron o negocio por bancarrota.

Os autobuses das vilas galegas parecen tan malparados como as mulleres. Fanlles traballar sobexamente ata que se fan inservibles. A equipaxe, tan pesada, amoréase nas súas bacas, o que fai que raramente poidan ir rápidos; arrástranse máis ben baixo o coidado dos choferes que, unha ten que admitilo, son expertos na súa fatigosa tarefa. Aos viaxeiros permíteselles ir na baca xunto á equipaxe, inda que este xeito de viaxar a penas se pode recomendar por mor do moito pó que se ergue arreo das estradas. As bacas destes autobuses resérvanse correntemente para viaxeiros varóns ordinarios cando non hai sitio dentro, e para os cabaleiros gasalleiros que lles deixan ás mulleres o seu sitio no interior.

Na viaxe a Carballo, as máis das mulleres eran aldeás con duras trenzas negras ata a metade do lombo. Había unha de trenza loira e ollos azuis estruchada entre eu e o chofer. Este quería saber o que eu ía facer a Carballo. Díxenlle que agardaba coller outro coche desde alí ata as máis fumosas vilas de pesca da costa. Quizais Malpica, para comezar. O chofer aconselloume con teimosía, que fose, en troque, a Corme. “O máis da xente non se decata do feiticeiro que é”, díxome; “e o que é máis, vostede pode tomar un autobús

para alí, desde Carballo, esta noite”. Era isto unha grande vantaxe, porque outro desafortunado aspecto dos autobuses de aldea de Galicia, é a súa extremada individualidade; cada ruta proxectouse sen pensar nos posibles enlaces con outras localidades.

Santiago e as torres da súa catedral esvaéronse rapidamente da vista, e entramos de súpeto nun mundo de rusticidade medieval. Os grupos en troupelada de aldeás vestidas de negro, parábanse a nos mirar tan intensamente cando pasabamos, que lle facían lembrar a unha a profética e intuitiva Muller de Canterbury na obra de T. S. Elliot “Asasinato na catedral”. Os seus ollos melancólicos estaban cheos de presaxios, e nos seus delgados beizos non había tenrura algunha. Vivían en casas de labranza afastadas, onde por casualidade ollarían a un home a cabalo, ou nun pequeno e rexo cabaliño do país. Foi nun val como este, pensei, onde naceu Perfecto López, e outros incultos e resoltos homes como el. Cada un destes vales é un berce de emigrantes, pasados e futuros.

Desde Carballo, unha boa estrada conduce á Coruña, e nesta cidade hai bos hoteis e as amenidades dunha urbe. Hai tamén ruidosos tranvías, moito po, e xente de máis. Vira unha vez A Coruña e non sentía desexo algún de ollala de novo. Hai soamente tres cousas merecentes de se ver nesta cidade, e escribiuse xa moito sobre elas; a campa de Sir John Moore, o faro fenicio, e as casas con galerías fronte ao porto. Tamén sabe todo o mundo que os homes de Drake foron burlados pola heroína local María Pita, e que a Armada Invencible se fixo á vela aquí para as costas de Inglaterra.

Os coruñeses aínda falan con orgullo dunha novelista do século XIX, a Condesa de Pardo Bazán, que escribiu sobre as “muchachas cigarreras” da Coruña; pero poucos deles lembran a un neno de faciana eslourida que vivía aquí cando a Condesa estaba no cume da fama. O seu pai era profesor na Academia e tiña pombas que o neno gustaba de debuxar. Tamén o fascinaban os cadaleitos de nenos que penduraban igual que acios de uvas nos pendellos do mercado. Os nenos morrían como moscas naqueles días, e había unha gran

demanda de cadaleitos baratos. “Anda, mércame tamén un cadaleito”, imploraba o neno collido da man do seu pai cando pasaban polo mercado. “Anda, mércame un branco e que sexa bonito... ¡Mira, son case tan brillantes como as nosas tres pombas!”. O nome do neno era Pablo Picasso. El nunca esqueceu á Coruña, e sabemos que non esqueceu ás pombas, nin aos cadaleitos, polos seus debuxos de hoxe.

Despois de Carballo, a estrada a Corme serpea sobre un val de fresco esverdeado; pásase o “pazo” onde o poeta Pondal naceu (Pondal, o autor do prohibido “Himno Galego” dun nacionalismo marcado), ata os piñeirais dos que el escribiu tan elocuentemente. Logo, a estrada tórcese cara a embaixo desde o cume do outeiro, e ao longo dun cabo ata o extremo da “ría” onde Corme se agacha na súa curva badía.

Fomos recibidos por un enxame de nenos descalzos, de cabelo desguedellado e estrañamente loiro. O chofer sinalounos coa man e riu. “Este é un artigo no que Corme é ricaz: nenos. Unha familia de aquí ten dezaseis e gañou o premio especial de familias numerosas. Non xantan a diario”, engadiu máis seriamente. “O mesmo aquí que en calquera sitio da costa. A sardiña foise e levou con ela o medio de vivir da xente. Hai, desde logo, outros peixes no mar, pero non hai a suficiente demanda deles, e nunca compensarán a perda da sardiña. Nas “rías” máis ao sur, onde o chan é máis úbedo, a xente pódese dedicar á agricultura cando os tempos veñen mal, pero aquí, en Corme, depende só da pesca. Por fortuna as langostas son boas e atinxen bos prezos.

Baixei andando pola estreita rúa principal cunha das mulleres compañeiras de viaxe, quen me ofreceu voluntariamente os seus servicios como guía e maiteira. Esta é unha disposición tipicamente galega. Asímea sempre unha muller vestida de negro que aparece ao cabo da viaxe, e tranquilamente obrígase a lle presentar a vostede unha “fonda”. Nunca agarda nada tan vulgar como unha propina. Quizais obedece a algún instinto patricio de ser amable co viaxeiro. É tan orgullosa como unha raíña, inda que se abaixe a levar a súa maleta. A súa é unha humildade alteirosa, e ela camiña á súa beira, quizais un pouco diante, con graciosa serenidade. É a introductora, a abridora de portas, un personaxe dun baixorrelevo expicio antigo.

A miña descoñecida compañeira fíxome paso a través dun nó de xente que se atopaba de pé ante o mostrador da tenda mixta, desde carnicería ata “fonda”; esta era propiedade dos xoves señor e señora Garrido, e a miña introductora despois de me presentar desapareceu entre a xente cun lixeiro sorriso enigmático como un xenio dun conto árabe.

O señor Garrido fíxome unha reverencia e aseguroume que me prepararían unha habitación de contado; no entanto, a súa grosa e pequena esposa empuxounos, a min e á miña maleta, cara ao comedor. Era este un local xunto á tenda, amoblado cunha longa mesa cuberta con linóleo, na cal un viaxante de comercio de nariz de sífilítico e orellas de abelurio escribía as súas cousas. Senteime un algo amolada porque tiña dor de cabeza e corríame o nariz, presaxios da chegada do meu forte arrefrío anual. Era esta unha cousa mala, pois Corme non me parecía lugar cómodo para estar fisicamente indisposta.

O viaxante de comercio ergueu a vista do seu traballo e de seguida comezou coas preguntas familiares, ás cales xa agora me afíxera. “¿A onde vai ir vostede desde aquí?”, preguntoume. “A Fistera, e despois ao longo da costa”, díxenlle laconicamente. O viaxante enrugou os beizos, ergueuse da mesa, achegouse a min de vagariño coa pluma na man, inclinouse e borbóriou dramaticamente ao meu ouvido: “Non vaia alí, sexa o que sexa ao que vostede se dedique”. Quedeime asustada perante el. “¿Por que non?”, preguntéille con aglaio. “Porque”, confioume, “nunca pagan. Son unha banda de ladroeiros e estafadores”. “Ben, ben”, observei, “entón parece que non cambiaron moito desde os tempos de Borrow”. “Perdóeme, pero non a entendo”, díxome o viaxante algo confundido. “Estouille agradecida polo seu consello”, comecei a lle dicir, “pero non son o que vostede pensa. Eu non son viaxante de comercio, son só unha escritora viaxeira”. “¡Ah, unha escritora!”. O viaxante parecía aínda máis confundido. “Rógolle que me perdoe. Tiña por seguro que vostede era unha colega, pois polo xeral a xente non vén a estas terras tan afastadas agás que non teñan algo que vender”.

Neste momento a nosa conversa foi interrompida pola chegada dunha agresiva e fermosa muller, vestida cun apertado traxe de rosetas negras e levando zapatos de tacón alto, cun pitillo abalante no extremo da boca. Seguía un home de feitura feble, cuns ombreiros puntiagudos que estaban mal agachados polo moito recheo dunha chaqueta azul lourido. Á súa vez, seguía a el un neno precoz, que herdara os belos ollos negros da súa nai. “Síntoo, pero teremos que nos levar a mesa”, dixo a muller secamente, e os tres tórérona e déronlle voltas en tódalas direccións ata que, ao cabo, puideron tirala pola porta.

Cando se foron, mirei interrogativamente ao viaxante de comercio. “Son comediantes ambulantes que andan a actuar polas aldeas de pesca”, explicoume. “Xa levan traballando aquí desde hai dúas noites. Actuarán na praza despois da cea”.

A señora Garrido entrou cando estábamos a falar e meteuse na conversa. “Pouco poden gañar”, dixo, “pero así e todo, parecen satisfeitos co que tiraron aquí”. Encolleu os seus recheos ombreiros cun aceno de desprezo, e continuou: “As xentes pescadoras non coñecen nada mellor. Non hai polo común forma algunha de entretemento aquí, de xeito que se divirten con calquera esbrinzo destes “tintina-relas” (unha engaioladora e expresiva palabra local para nomear aos cómicos malos). Decateime, polo seu desdén ao falar dos habitantes, que a señora Garrido e o seu home non eran nativos de Corme. “¡Desde logo non somos!, respondeume cando llo preguntei. “Non somos, desde logo..., vimos de Baio e o meu home é “bachiller”.

Polo que souben, Baio era un insignificante lugar do interior, de mercado, e non moito maior que Corme; pero os habitantes do campo consideran estar nun nivel de educación superior ao dos desensinados pescadores, que a penas mandan algunha vez aos seus fillos á escola. ¡Home, non había outro “bachiller” en todo Corme, agás o “Señor Cura”!

A señora Garrido anuncioume que o meu cuarto estaba listo, e precedeume, subindo as escaleiras, ata un ben fregado faiado.

“Serviráselle a comida no cuarto”, díxome a señora; “será moito mellor para vostede, ¿non si?”. “Pero vostede non vai subir todo por esas escaleiras”, retruqueille. A señora Garrido sorriu. “¿Por que non?”.

Estou afeita a traballar. Despois de todo, para iso está unha aquí. Algunhas persoas naceron para traballar”, díxome cun algo de fatalismo. Era unha frase que escoitara moitas veces antes en Galicia: “Algunhas persoas naceron para traballar”. Díciase no mesmo ton de voz que se podería empregar para citar a Declaración dos Dereitos Humanos: “Tódolos homes naceron libres e iguais”.

Sentíame moi agradecida de poder cear no silencio do meu faiaido. O meu arrefrío era agora tan forte que, inda que amarguradamente sentía o “contratempo”, decatábame que tería que estar un día no leito cando menos. Resultaba desconcertante vir a unha “fonda” estraña e ter que se deitar de contado despois de chegar; pero, pese aos meus primeiros receos, non podería escoller lugar mellor e matrimonio máis amable para me coidar. A miña única mágoa foi que perdín o sentido do gusto, e non podía apreciar así a excelente cociña da señora Garrido. Non tiven corazón para lle dicir que non podía tomarlles gusto ás seis variedades de peixe frito que seguiron ao tradicional “caldo galego”, como tampouco ao groso polo e á tenra becerra.

A representación ao aire libre dos “tintinarelas” comezou polas dez da noite; unha hora moi razoable para España, pero logo os pescadores non se van deitar tan tarde como os habitantes das cidades. Eu mirei desde o balcón, mais era imposible durmir mentres a función se desenvolvía baixo a miña fiestra.

Na medianoite, a “plazuela” mantíñase no seu noitego deserto, entregada á matinalización ao redor dun polícromo cruceiro de pedra. Só nas primeiras horas do mencer me despertei polo clop-clop de pesados zocos facendo eco na praza. Pertencían, sen dúbida, a un pescador que voltaba despois dunha noite no mar.

Ao seguinte día, o señor e a señora Garrido turnáronse para me subir a comida. Pese ás miñas protestas, teimaron en matar para min o seu mellor leitón. Estaba deliciosamente tenro. Cada vez que a señora Garrido me traía unha bandexa, quedábase a me falar dos seus asuntos e da mentalidade da xente do lugar. “Os homes de Corme son uns folgazáns do demo”, declaroume. “Só saben pescar, e nada máis, e cando non hai peixe séntanse a xogar ás cartas mentres as súas mulleres traballan na terra. Sen embargo, os homes de Laxe, fronte á badía, son moi diferentes. Vostede nunca os ollará folgazaneando, e as súas mulleres non teñen que traballar tan rexamente tampouco. Deberá ver vostede as olladas desdeñosas que lles botan aos homes de Corme cando pasan de preto, coas súas botas, e os miran xogando ás cartas no peirao.

“Bueno”, fixénlle notar secamente, “o seu home parece que se deixou influír polo costume local, porque, de ceno, faina traballar moi duro a vostede”. A señora Garrido sorriu tristeiramente. “Só casou comigo para que traballase para el”, díxome sen romanticismo. “El tiña a oportunidade de mercar esta “fonda”, e como non era capaz de atender só, cumpríalle unha muller. Así que me pediu que casásemos. En fin, eu xa tería que traballar de tódolos xeitos. De antemán fíxome saber. Casamos ás oito da mañá, e ás nove estábamos facendo a limpeza aquí en Corme. ¡Xa non voltamos á casa despois da cerimonia para facer o almorzo de voda!. Hai moitos outros homes en Galicia que casan pola mesma razón...”.

Os Garrido, non obstante, tiñan un punto en común, e era o seu mutuo desprezo polos pescadores. Isto viña ser un tópico inaca-

bable de conversa. Moitos mariñeiros visitaban Corme como escala na súa viaxe á Coruña, ou no seu regreso para Cádiz e Alicante. Algúns deles pasaban simplemente o tempo necesario para que os capitáns se xuntasen coas súas esposas, disfrutando unha noite ou dúas con elas na “fonda”, e algunhas veces levándoas consigo ata o porto de escala máis achegado. Despois de aproveitar tal xornada, as mulleres voltaban xuntas aos seus fogares. “Sempre anda á procura de praceres esta xentualia de mar”, díxome a señora Garrido, pregando os beizos con desprezo.

As mulleres de dous mariñeiros de buques de carga chegaron á “fonda” ao seguinte día pola tarde. Viñeran todo o camiño en autobús desde Muros despois de convir cos seus homes, que estaban ámbolos dous no mesmo costeiro, que pararían en Corme para levaras ata Bilbao. As dúas mulleres déronlles o cuarto que estaba fronte por fronte do meu; roncaban o bastante alto nas súas camas xémeas como para me ter desperta ata as catro da mañá; a esa hora os ledos mariñeiros, os seus maridos, subían a rúa desde o porto, de ganchete un do outro e cantando a toda voz, na procura das súas esposas que aínda seguían a durmir profundamente. Cando chegaron á “fonda”, os alegres mariñeiros comezaron a bater e abanear a porta principal con estrondosa teimosía de chimpancés, pedindo que lles deixasen entrar para cear.

Un algo despois ouvín os afogados pasos do señor Garrido facendo renxer as escaleiras ao baixar. A seguido murmurou unhas preguntas, antes de abrir a porta, que os mariñeiros respostaron a berros. Ao cabo abríulles a porta para que entrasen na tenda de viños, tendo que se valer de toda a renartería diplomática dun culto bacharel (segundo me confiou á mañá seguinte), para impedir que os rexoubeiros mariñeiros tomasen por asalto as escaleiras para se ir deitar coas súas mulleres. Paciente e firmemente, o señor Garrido explicoulles que non podían exercer os seus dereitos conxugais porque as dúas mulleres compartían o único cuarto dispoñible. Suxeríulles, polo tanto, que o mellor sería que volvesen ao barco, e que voltasen despois a unha hora máis razoable a procurar ás súas esposas. Logo de tres barulleiras rondas de viño branco, os mariñeiros baixaron pola rúa facendo eses, e o señor Garrido regresou á súa habitación co menor ruído posible, borboriñando inintelixibles xuramentos galegos, impropios dun bacharel.

Non me facía nada ben estar no leito e comer carne de porco. Sería mellor que me erguese e alentar algo de aire fresco, díxenme a min mesma. Ademais había demasiado barullo na “fonda” polo día. Os clientes, condutores de camión, os “tintinarelas”, parecían todos eles estaren xordos polo xeito en que berraban uns a outros. Resultaría moito máis descansado estambullarse nun uzal á beira do mar e agardar alí filosoficamente a que o arrefrío “seguisse o seu curso”.

O único pracer que tiraba de estar na cama era o poder ollar a “plazuela” pola fiestra, dándome a sensación do corido decorado dun teatro coas súas casas de pinturas brillantes. Ao se pór o sol os carros de bois baixaban dos montes cargados de madeira, abaneándose pesadamente ao pasar o cruceiro cun Cristo de brillante cor de rosa e a súa Virxe vestida de azul. Pola noite, cando a lúa enchía a “plazuela” como case po prateado, e as fachadas das casas de enfronte semellaban louridas e cansas como pallasos descansando entre

actos, tiraba a miña cabeza pola fiestra, e parecíame estar no medio da praza. ¡Figurábaseme esta tan pequena!

Pero non tódalas casas de Corme estaban pintadas e coidadas como as da “plazuela”; nas retortas rúas que conducen a esta, as casas tiñan unha fea e triste presenza. As mulleres achegábanse ás portas para me mirar, como furtiva banda de inquiridores gatos mouros, ata que me atopei coa muller loira que viaxara comigo desde Santiago. Saudoume aquecidamente e preguntoume por onde andivera desde que cheguei, xa que non me ollara polo lugar. Pensou que marchara. Despois volveuse e dirixiuse ás medio agachadas figuras nas portas das outras casas, informándoas en voz alta de que era unha inglesa e que estaba a escribir un libro sobre Galicia. Boteime cara a atrás durante esta arenga de presentación, sorrindo un algo amedoñada e preguntándome eu mesma se debería ou non facer unha reverencia. As agora envalentonadas mulleres saíron das súas portas para me mirar ao seu gusto, e os nenos presionaban cara a adiante con ansiedade. “Fala castelán”, engadiu a miña madriña do momento, acenando coa man cara a min como me animando a falar. Evidentemente todas estaban agardando a que eu dixese algo. “¿Canto tempo vai estar vostede?”, preguntoume a miña madriña como unha invitación. Tódalas mulleres se adiantaron un paso para non perder palabra da miña resposta. “Probablemente un par de días, non vin nada da costa aínda por mor de que estiven con catarreira no leito”. “¡Vedes!”, exclamou triunfante a miña madriña, “¡Fala castelán!”. As mulleres asentiron coa cabeza e sorriron. Fun aceptada. A miña madriña informoume que embarcaría para Venezuela cos seus dous fillos dentro de dúas semanas para se reunir co seu home, que levaba alí máis dun ano. Mirou ao mar cun movemento de cabeza despreciativo. “Xamais poderíamos gañar a vida aquí”, díxome. Fóra do pequeno porto, onde uns poucos homes preguizosos manexan redes e amolocen polbos cun mazo de madeira, Corme perténcelle ás resoltas mulleres.

Alén do porto, estreitábase unha praia de forma triangular ata un regueiro onde a auga doce mesturábase coa salgada, lugar de reunión para as aves zancudas, cheo de recendo dos lirios brancos que medran na area, e alfombrado de floriñas rosadas e doutras cores.

Dúas mulleres novas atinxíronme cando eu gabeaba por riba do regueiro ao longo dun carreiro cuberto de partículas de mica que brillaban ao sol como lentelliñas. Ían descalzas e levaban grandes bocelas cheas de víveres sobre as súas cabezas. Preguntáronme ata onde ía, respondínlles que non o sabía xa que non tiña idea de a onde conducía o camiño. Isto fíxolles sorrir compracidas, como se eu tivese necesidade de que se me perdoase por derramar un tempo tan valioso. Ninguén pasea por pracer en Galicia, e menos nun camiño onde non hai un fin coñecido. As praias admirables ao longo da costa están desertas. A ninguén se lle pasaría polas mentes o se bañar ou tomar o sol nelas soamente pola ledicia de vivir.

“¿E a que parte van vostedes? ¿Permitenme que lles faga compañía un pouco?”, preguntéilles ás mozas. “Pode vir connosco todo o camiño ata á casa, se vostede quere. Nós vivimos en Vallares”, díxéronme, sinalando vagamente un cotarelo distante. Mentres camiñabamos a través de toxeiros e subiamos e baixabamos outeiros da marabilliosa costa galega porteña, ando unha pode andar durante millas no medio dunha pacífica soidade, trocamos anacos de información

persoal. Unha das miñas compañeiras de camiñada chamábase Maruxa, que é un nome corrente en Galicia; pero a outra, que era a máis seria das dúas, tiña un nome raro, un nome que cadraba ben cunha terra de uces, uvas e pedra grá, de devanceiros que levaban colares e coroas de ouro: Otilia, dixo que era o seu nome, o que xamais ouvín antes nin despois... Otilia, un nome que puido cantarse na Corte dos reis visigodos.

Pregunteille de onde viñera a súa familia. Polo que ela sabía, sempre viviran nesta costa e na mesma vila, se é que se podía chamar vila a só as catro casas de labranza no val de fronte do mar. O chan era pobre, díxéronme, abalando as cabezas. Quizais algún día se fosen xunto a un seu tío na Arxentina. Había catro anos que non tiñan novas del, pero parecía que a isto non lle concedían importancia. O tío tiña dabondo con escribir ao levar as contas do seu negocio. Ningunha delas sabía moito de escribir cartas; ¡había tanto tempo que deixaran a escola!. Crin adiviñar que os seus coñecementos de aritmética avantaxaban aos de composición literaria.

O escritor vigués Álvarez Blázquez contárame como chegara ao seu poder o libro de apuntes dun emigrante, libro que o seu neto estivera a piques de chimpar. O libro era unha estraña mestura de contas e diario; o diario comezaba desde o momento no que o emigrante regresou de Buenos Aires á terra natal para se atopar con que a familia medrara desde a súa partida cunha unidade adúltera. As contas revelaban que estivera a aforrar durante o seu desterro ata xuntar unha suma de consideración, abondo para mercar terras e unha casa maior de labranza, así como máis gando cando voltou. Pero o orgullo do seu gaño víñase abaixo pola amargura que medrou cos anos, transformándose en odio á súa muller; odio que atopou expresión escrita en estraños comentarios de resentimento, inxeridos entre as contas diarias que levou teimudamente ata o día antes do seu pasamento. A súa infiel esposa morrera dous anos antes que el, e a ledicia que este suceso lle causou fixo que a súa rabiscadora pluma vibrase con alporizamento por única vez a todo o longo do amarelo manuscrito. Para a mente do aldeán galego, o vello emigrante debería comentar que, despois de lle dar entrada ao pasamento da súa muller no seu Libro Maior, “¡ela aínda me enganou sobre o prezo dunha vaca, en certa ocasión!”.

Os meus amigos intelectuais de Santiago, que pertencían á populosa e máis sofisticada, segundo pensa a xente, provincia de Pontevedra (mesmo o pintor Colmeiro, nado e criado na aldea), foron unánimes en me avisar contra os inconvenientes de vagar sen compañía ao longo das abandonadas costas do norte. “Sería mellor para vostede agardar ata que o seu prometido chegase de Inglaterra”, aconselláronme. “Non era que ninguén, realmente, puidese facerlle mal; desde logo que non, pois iso sería impensable en Galicia. É soamente que a xente non está afeitada a ollar mulleres estranxeiras viaxando por aí soas, e vostede podería sentirse amolada por esaxeradas manifestacións de curiosidade. Tamén a policía podía importunala”. Estes intelectuais, a maior parte dos cales non tripasaran estas rexións, deron proba de estaren trabucados. Deixaran pasar por alto o feito de que na Galicia matriarcal cada muller pode vagar ao seu aire, e que as súas incontables petaduras nunca serán criticadas. A nobre Otilia díxome así ao seu xeito cando camiñabamos en ringleira de a unha polos espiñentos marxais. Ela deume con von-

tade a información, despois de que eu lles dixese a ámbalas dúas o que me trouxera ao seu país. “En fin, hai unha cousa sobre Galicia”, díxome con orgullo, “e é esta: calquera muller pode ir completamente soa dunha banda a outra do país sen medo a que ninguén a amole”.

Chegamos ao cume dun outeiro desde onde se dominaba media lucía de leguas de terra rosada que nos afastaban da vila pescadora de Laxe. Había brétema no horizonte, unha brétema transparente e brillante, típica das “rías”. A praia, abaixo, estaba cuberta de oucas postas a secar antes de ser recollidas para esterco. Alá, ao final, estaba amarrada unha pequena lancha de pesca, soa, como un neno besbellizo que está castigado. De vez en vez o son afogado dun estourido de dinamita cachaba o ar desde o val, alén de Vallares, onde os homes traballaban nas minas de titanio. Chumbo, prata, titanio, volframio..., o sochán de Galicia é ricaz, quizais máis rico do que ela e o goberno saben, inda que parece que pouco se fixo ata agora para desenvolver estes latentes recursos; agás no caso do volframio, co cal se mantivo un activo comercio cos Estados Unidos durante a Segunda Guerra Mundial, e mesmo hoxe, segundo me informaron. Os primeiros fenicios e os romanos viñeron aquí á procura do estaño, mentres os xeólogos do século XX andan a se ocupar na procura de uranio. Ata os aldeáns se preocupan do uranio, como descubrín máis tarde nos Ancares.

Otilia suxeriu que, pois que eu chegara tan lonxe e estaba a se facer tarde de máis, ¿por que non pasaba o resto do día explorando a costa arredor de Vallares? Había magníficas dunas na abra veciña; ela ouvira que os visitantes que viñan de Madrid exclamaban que nunca ollaran nada igual nas súas vidas. Esta manifestación dos conservadores “madrileños”, que viaxan pouco e que, polo tanto, non son quen para faceren comparanzas, non me impresionou; pero a costa, o mar e os piñeiros eran do máis convidador, aínda que as dunas non foran máis altas que as de Etaples. “Podemos facerlle unha tortilla de patacas e fritirille algo de peixe para a comida e a cea”, dixo Otilia. “Díganos só a que hora lle gustaría facer as súas comidas”.

As horas esvararan suavemente e sen o notar, como a través dun reloxo de area. O mar non estaba tan quente como o Mediterráneo, pero era confortante; o sol queimaba e o ar estaba arrecendente, alternando o almiscrado das oucas en fermento e o cheiro do piñeiro, segundo de onde viña o vento. Nunha atmosfera como esta podía comprender porqué os lexionarios romanos sentían tanto medo a cruzar o río Limia, ao norte de España; pois dixeránlles que era este o sonado Leteo, e que unha vez que o cruzasen esquecerían todo, mesmo os seus nomes. Deixóuselle ao realista disipador de mitos Décimo Bruto confutar esta teoría. Cando as súas tropas se detiveron dubidando nas beiras do Limia, encirrou ao seu cabalo a cruzar a corrente; chegou felizmente á outra beira, e despois galopando por ela enriba e abaixo, dixo a berros os nomes dos seus soldados para lles probar que o Limia non afectara de xeito algún á súa memoria. Ante tan incontrovertible proba, os soldados romanos animáronse a se xuntar co seu xefe. Foi esa a fin dunha lenda que protexera a Galicia durante moitos anos.

A cea serviuse tarde baixo a feble luz dunha simple bombilla pendurada da parreira fronte da pequena casa de Otilia. Os seus

homes regresaron das minas de titanio e deixáronse caer sentados nun banco contra a parede, remusgando nunha mestura de castelán e galego a pobreza da provincia e do mal que estaba gobernada. Escoiteilles as mesmas queixas a tódolos galegos, murmurando ao xeito inarticulado de falar dos lugareños, ou nos termos máis elegantes e analíticos dos intelectuais. Non eran meramente contra o réxime presente polo que os galegos protestaban; era contra tódolos réximes que tiveran as rédeas desde a centralización dos asuntos españois en Madrid, e que trataran a Galicia con máis ou menos indiferencia.

Mentres os homes barafustaban alá á sombra, as mulleres seguían a cociñar amosando nas súas facianas ese levián sorriso irónico con que moitas mulleres galegas miran aos seus homes. Otilia comentou sobre o grandor das sardiñas que puña, renxendo aínda da tixola, riba da mesa. “Son tan pequenas nestes tempos”, díxome cun algo de tristura. “Voltará vostede a sentir fame unha hora despois de comelas. Cando as sardiñas eran máis grandes, unha notábase satisfeita por varias horas”.

A lúa de cor de mel lucía brillantemente sobre os piñeiros, pero aínda así o camiño de croios a través do uzal para volver a Corme non resultaba doado de atopar. Otilia teimou en que o seu irmán Fernando me servise de guía polo outeiro detrás de Vallares, baixando despois ata unha vella ponte na outra banda, desde onde unha corredeira leva directamente a Corme. Isto suporía invertir un pouco máis de tempo, pero sería máis doado para min.

Puxémonos en camiño pasadas as once, con Pedro, o pequeno can dos Garrido, brincando diante de nós, ulindo con ansiedade o fresco ar. Ouvíase o canto do moucho nos bosques. Era unha fermosa e soberana noite.

Despois dunha media hora de ter deixado a casiña, quedámonos amedoados polo ladrar agudo e estarecente de Pedro que ía unhas cen iardas diante de nós. Achegámonos á ponte en desfeita entre os piñeiros, e eu podía escoitar o lixeiro gurguleo da agachada corrente. Había tamén outro son, un borboreo de voces humanas. Mirei interrogante a Fernando, que trataba de albiscar na escuridade, todo perplexo. “¿Quen pode ser?”, pregunteille. Abanou a cabeza e dixo: “Non o sei. Quizais algúns xitanos que están acampados por aquí”. Logo ouvimos unha voz de home ríspida e perentoria seguida dun ouveo laiante de Pedro, que viu correndo cara a nós en procura de axuda. Era evidente que lle dera un couce o home, ao que podíamos distinguir agora claramente, xa que estaba de pé no medio da ponte coas mans nos petos. Sentíame contenta de ter a Fernando comigo. ¿Trabucárase a nobre Otilia sobre os seus paisanos, e tiñan razón os meus amigos intelectuais de Santiago cando trataron de me disuadir de que viaxase soa ao longo das “rías altas” da deserta costa porteña?

“¡Suxeite a ese can!”, gruñiu o home alá na ponte. “Non lle fará ningún mal!”, respondeulle Fernando en galego, engadindo: “¿De onde é vostede?. Non me parece que o coñeza”. “Vostede debe suxeitar ese can”, teimou o home. “Somos de Lalín e desexamos que nos axuden se teñen a bondade de estar aquí connosco un anaco”. “¡Ah!, i agora comezo a comprender!, exclamou Fernando para si. “Penso que xa sei o que queren. Teremos, xa que logo, que suxeitar o can”. Eu sentíame completamente perplexa, pero xa non tiña medo.

Despois o forasteiro, que tiña a face cuberta de sombras, vultouse cara a min receosamente, preguntando: “¿Quen é esta muller?”. Fernando explicoulle que era unha viaxeira inglesa que falaba castelán. O forasteiro quedouseme mirando e parecía dubidar. “Ben, está ben”, gruñiu ao cabo, “non creo que teña importancia. Con tal de que non diga unha palabra”. Aquelo era tan incomprendible para min, que decidín acordar non dicir nada. Comecei a imaxinar toda clase de explicacións posibles para a estraña conducta do home, desde o asasinato ata un golpe revolucionario dos “galeguistas” arredistas, aínda que se me dixese que se espaxaran a finais do século XIX. Pero como unha nunca sabe...

Despois, por primeira vez, comecei a ouvir voces de mulleres borboriñando alporizadas alá embaixo a carón do río. O forasteiro anicouse para coller un croio, que lle guindou ao pobre Pedro para que non se achegase á ponte. Pedro botouse cara a atrás uns pasos, ouveando, e volveuse para se sentar sobre os seus cadrís coas orellas ergueitas. Tamén el estaba cheo de curiosidade diante destas máis que incomprendibles accións humanas. Os ralos da lúa trocaran a cor do seu pelo, ordinariamente algo atexado, nun branco brillante de espectro, e sentado inmóbil semellaba o can gardián dunha tumba faraónica. Comprende que tiña que agardar e non fixo máis intentos de cruzar a ponte.

“Vide logo”, murmurou o forasteiro, baixando o encostado camiño ata a beira do río. “¿Está vostede ben?”, preguntoume Fernando cun algo de ansiedade, cando me ouviu escorregar na sombra sobre os pelouros cobertos de carpazas. “Perfectamente ben, só que non podo ollar axeitadamente na escuridade. De tódalas maneiras, ¿que é todo isto?”. Fernando fixo unha pausa como en procura de palabras. “É realmente difícil de llo explicar”, comezou. “E un costume de por aquí ao redor... En fin, non creo que a xente da cidade saiba algo sobre iso. Trátase dunha cousa cómica, inda que vostede poida pensar o que queira sobre o asunto, e coido que é posible que moitos se rían diso; pero debe de lle dicir que a vin facer varias veces e, créase ou non, conseguíuse sempre”. “Aínda non me explicou o que é todo iso: ¿que se consegue, Fernando?”. “Pois, o que vostede vai ver”, foi canto o atormentado individuo diría. Quizais tiña o medo primitivo ás palabras e ao seu máximo poder, porque parecía amosarse nunha afunicante vaguidade. Había maxia no ar, pero se pertencía á variedade negra ou branca, eu non estaba segura.

Debaixo do arco da antiga ponte brillaban media ducia de pares de ollos: ollos grandes, negros e resoltos. Pouco a pouco, cando os meus se afixeron á escuridade, vin as formas de catro mulleres, moi envoltas en chales, e as de dous homes, un vello e un mozo, sentados á beira delas nos penedos. Tamén me decatei de que había dúas enormes cestas cubertas con limpísimos panos brancos.

As mulleres abritáronse cando nos achegamos, e unha gaceou un “¡Hola!” non moi caluroso. O forasteiro acarouuse a elas, dirixíndose a unha en particular. “Agora xa estamos listos”, dixo. “¡Que sorte ter atopado a alguén tan axiña!”. “Deus quéreo así”, murmurou a muller á que lle falara, cunha voz lixeiramente musical.

Fernando tirou a gorra e achegouse ao pequeno grupo con ar humilde. O forasteiro presentoullo de seguida á muller, despois de inquirir cal era o seu nome. A muller fixo unha inclinación e aperitou máis o seu negro chal sobre os ombreiros.

Acaroeime máis, non sabendo ben se quedar de pé ou me sentar, pero as mulleres convidáronme a me sentar nunha pedra a carón delas. “É unha estranxeira”, advertíronlles, “pero Fernando coñécea, así que está ben”. Isto pareceu deixalas satisfeitas, e sorríronme dicindo que agardaban non sentise moito frío, xa que ía vestida máis lixeiramente ca elas.

Tódalas mulleres, agás a figura central, que parecía ser a esposa do forasteiro, volvéronse agora ledas e falangueiras. Os outros dous homes (crin adiviñar que serían o irmán e o sogro do forasteiro) sentáronse un pouco afastados, medio matinantes e cohibidos, inclinadas as súas cabezas cara ao regueiro.

Decateime agora de que a muller do forasteiro atopábase en estado avanzado de preñez. Un pequeno ruído e un afogado rinchar que viña dun grupo de árbores alén da ponte, indicaban a presenza de cabalos. Quizais viñesen de lonxe. Tencionei lembrar onde ollara a Lalín no mapa, e costume traballo de facer un sinfín de preguntas.

“O nome da criatura será Xosé se é neno, e Xosefa se é nena”, informoulle o forasteiro a Fernando brevemente, pasándolle un vaso que tanto el como a súa muller tiraran de antemán, coidadosamente, co mesmo pano branco.

Fernando colleu o vaso con certa delicadeza entre os seus labruscos dedos, achegouse ata a beira do regueiro, inclinouse logo e encheuno de auga. Inda que as súas demosas eran moucas, el executounas, non obstante, con certo respecto. Despois de encher o vaso, volveuse con el a onde estaba a muller sentada coas mans cruzadas sobre o ventre nunha actitude ritual, o mesmo que unha das inchadas criaturas algo godalleiras das pinturas en rocha de Bush.

O forasteiro díxolle a Fernando nun borboriño: “Agora borriفة a auga sobre o estómago dela, facendo o sinal da cruz e repetindo: “No nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo, bautízote... Xosé ou Xosefa... Que sexas librada con felicidade ao chegar a hora. Amén”.

Fernando obedeceu docemente, borriفة o ventre da muller, murmurou a fórmula máximo-relixiosa, e despois quedo, de pé, recitou o Pai Noso seguido da Salve, coa que pechou a cerimonia. Tanto o forasteiro como a súa esposa déronlle as gracias a Fernando, o home con sequidade, a muller con patético afervoamento. Alí rematou o dramático asunto, desatáronse as cestas, destapáronse as botellas, e o humor galego ceibouse durante unha hora máis ou menos. Gabeei ata a ponte polo medio do festín para lle levar un anaco de empanada a Pedro, que abandonou a hierática postura exipcia; arrastrouse ata min para me saudar movendo o rabo, botando aínda miradas medoñentas na dirección da ponte.

Agora que a cerimonia rematara, Fernando fíxose máis expansivo. Este “bautismo adiantado”, explicoume, faise cando unha muller queda preñada de novo despois de ter varios abortos. A cerimonia celébrase polo común no séptimo mes de embarazo, sempre debaixo dunha vella ponte e á beira dunha corrente de auga. A presenza dun can considérase de malísimo agoiro, por iso Pedro foi tan mal recibido. A preñada, na compañía do seu home e parentes achegados, chega á ponte escollida un algo antes da medianoite, e alí agardan todos ata que pasa o primeiro camiñante, ao que lle piden que bautice á criatura aínda non nada. Crese que isto é un

xeito infalible de asegurar un nacemento feliz. Cando o neno nace, bautízase da maneira corrente polo crego da parroquia.

Nestas “rías altas”, como se lles chama, onde as vilas de pescadores están nos tres vértices dun triángulo (un a cada banda dunha estreita lingua de terra, preto do extremo, e o terceiro no esteiro onde a “ría” se estreita ata parecer un pequeno río), as comunicacións son vagacentas e non frecuentes.

Determinara deixar Corme con tempo para coller o enlace das cinco da tarde de Ponteceso a Ponte do Porto. Agardaba coller aquí outro autobús ata a vila de Camariñas, sonada polos seus encaixes; pero a menos que puidese aproveitar un camión que pasase, tería que tomar o autobús das seis da mañá en Corme, e esperar en Ponteceso todo un día.

Tiven sorte. Unha camioneta grande da Coruña cargada de bailadoras latas de gasolina baleiras, entrou facendo ruído na “plazuela” á unha da tarde; o chofer estreitouse amablemente todo o que puido, así como un dos compañeiros, para me deixar sitio con eles. O señor Garrido deume a man aquecidamente e desexoume un “buen viaje”, como a xente fai sempre en España, aínda que o punto de destino dunha no estea máis lonxe que a distancia dunhas poucas millas. Non obstante, unha viaxe é unha viaxe, calquera que sexa a distancia, e unha seria empresa na que pode vostede perder a vida.

Por iso as mulleres nunca deixan de facer o sinal da Cruz coa maior devoción tan axiña como o vehículo no que van comeza a se mover.

A señora Garrido presentouseme cunha modesta conta, dun valor inferior a unha libra esterlina, polos tres días de abundosa manutención; despois quedouse de pé tras do seu marido en sinal de respecto, e só se decidiu a me da-la man cando estiven a piques de caer da camioneta ao tencionar chama-la súa atención. O seu home inclinouse reverente e sorriu con cortés dignidade, pois ¿non era un “bachiller”, o único “bachiller” en Corme, e un home de mundo, pese a vivir nunha escura vila de pescadores e tratar con rudos homes de mar e “tintinarelas”?

Tratei de lle meter unhas poucas pesetas na ancha man ao chofer do camión, pero botouse atrás nun xesto magnífico. “¡Son galego!”, declarou dramaticamente, “e considérome honrado de lle poder ser útil”.

A viaxe ao redor da “ría” ata Laxe, no solpor, foi tan fermosa que refuguei responder ás preguntas dos meus compañeiros, por medo a perder calquera particular paisaxe interesante do camiño. Esta parte de Galicia está escasamente poboada, e os outeiros teñen unha arboreda máis mesta que os de máis ao sur.

Desde Laxe, o autobús fixo con rapidez o traxecto de suaves recostelos ata Ponte do Porto; é esta unha humilde aldea de brancas casas que beirean a “ría” no lugar que, estreitándose, se transforma en “río”, e son acariñadas delicadamente por pequenas ondas dun verde esmeralda. Aquí cambiei de coche para Camariñas. Os viaxeiros, incluídos dous mariños andaluces que se sentían engaiolados ante a inacabable sucesión de verdecidos milleirais, eran un vello aldeán de mal cheiro e medio cego e unha recatada rapaza duns quince anos que fixo todo o camiño ata Camariñas coas mans cruzadas, amosando un selo de virxindade nos rasgos delicados da súa faciana.

A chegada a Camariñas faise entre os edificios encalados dunha fábrica de conservas de sardiña e bonito. Fóra destes edificios había barras de madeira das que penduraba peixe destripado e aberto a secar, en ringleiras mestas, ao coidado dun rapaz e dun home de media idade, quen saían e entraban, alternándose, nunha casoupa en forma de capela á beira das madeiras. Desde lonxe parecían ser os sacerdotes gardiáns dalgún estraño culto ictiófago.

Camariñas está construída nunha estreita e máis plana lingua de terra que a de Corme, e todo está cultivado. En troque, Muxía, na beira oposta, brilla na badía preto dun cotarelo penedoso onde a resaca rompe en grandes columnas de espuma sobre o santuario de “Nosa Señora da Barca”, unha imaxe que, segundo se supón, che-gou á deriva nun barco de pedra.

A primeira fileira de casiñas arredor da badía de Camariñas, e aínda a maior parte das da segunda fila, amósanlle ao visitante inmaculadas fachadas brancas; pero a fileira de máis atrás penetra en calellas sen laxear ata o grupo de vivendas amoreadas das costas da vila, as máis sucias, grisallas e afumadas; e logo chégase a un labirinto final de cortellos e agrupados “hórreos” empoleirados sobre estreitas paredes. Máis alá están os eternos bálalos, campos de millo e altas coles, e a illada igrexa de San Xurxo, un santo patrón popular ao longo desta costa norteña.

A recatada rapaza do autobús teimou en me levar a maleta á “fonda”, unha das brancas casas que dan ao porto. Non tiña letreiro algún, e eu non sabería que se non trataba dunha casa particular. Un grupo de albañís, pescadores, nenos e cans, atuaba a entrada. Abrímonos camiño a empuxóns ata a porta principal, onde nos atopamos con máis albañís, rodeados por refugallos de madeira; á nosa dereita, as táboas do piso rompidas presentaban un burato por onde podíamos ollar unha grande sala embaixo, seguramente o salón de baile da vila. Algunhas persoas ían e viñan correndo polo corredor e entraban e saían de dous dormitorios coas portas abertas, que amosaban a unha muller nun leito e a unha rapaza no outro; ámbalas dúas coa cabeza e faciana cheas de vendaxes. Era evidente que non se trataba do momento máis axeitado para recibir un novo hóspede, e a dona case lle puxo mala cara á rapaza por me traer. O piso afundírase poucas horas antes; a nai da propietaria fora levada en coche ao hospital máis veciño cunha perna crebada, mentres as outras dúas mancadadas, que eran tamén parentas, dicíase que sufrían feridas leves co conseguinte ataque de histerismo. Eu pensara sempre que un ataque de nervios debería tratarse coidando de que a paciente estivese queda, pero de certo non é ese o tratamento no que cre a xente de Camariñas.

Tan axiña como me pareceu que o podía facer sen apoupar os sentimentos de ninguén, comecei as xestións para que me desen un cuarto. Daquela descubrín que todos estiveran baixo a impresión de que eu era a “inglesa” que agardaban nesa tarde de Santiago; e cando os informei de que eu era outra “inglesa” que viñera de Corme para estar dúas noites todo o máis, pareceron disgustados, e déronme un cuarto pequeno que acababan de pintar de novo cunha capa de pintura tan grosa que a porta non pechaba.

Había outros dous hóspedes para cear: un capitán da mariña mercante e un home de media idade que viña pasar, por deporte, as súas vacacións; cando me viron agardar pacientemente, despois de

xantar o prato de carne, díxeronme amablemente que non era costume servir postre naquela “fonda”.

Á mañá seguinte fun á procura das que facían encaixe de bolillos, que lle deron sona a Camariñas e a Muxía, inda que esta industria local se viu seriamente afectada polo encaixe máis barato feito a máquina en Cataluña. O clic-clic das pequenas bobinas de madeira, escóitase aínda nas frescas sombras das “plazuelas” e nos escuros recantos das rúas. Non tódalas facianas que se erguen para nos mirar, son vellás; hai tamén, entre elas, rapazas noviñas que continúan a tradición local, e que non son temesiñas para parar o seu traballo e berrarlle a unha: “¿Non quere mercar o meu fermoso encaixe, señorita? Veña mirar o noso labor”. Cando me adiantei para inspeccionalo, non quedei, sen embargo, impresionada de todo cos debuxos, xa que carecían de imaxinación e fineza. Polo menos é este un exemplo onde unha non sente mágoa algunha de que a obra manual tradicional sexa reempresada polas máquinas.

Muxía parecía moito máis atraente que Camariñas. E así, ao seguinte día, despois de xantar algo, encargueille á pequena camareira da “fonda” que me procurase un bote de vela para me levar á outra banda da badía. O encargo fíxoo moi sinxelamente a camareira, tirando a cabeza pola fiestra do comedor, e berrando “¡Xosé!” abondo alto para que o escoitase toda a flota pesqueira. A súa chamada causou, como repostas, unha ondeación na vela dunha pequena embarcación alá no extremo da badía, e que agora avanzaba cara á “fonda”, chegando ao pequeno peirao de embaixo onde a vela quedou flameando ao se quedar parado o bote. Despedínme a presa das vendadas vítimas da fonda, e a camareira levou a miña maleta ao pequeno bote, onde nos recibiu o serio Xosé, cunha inclinación de cabeza e un seco “buenos días”, antes de saír para Muxía. “Non nos levará moito tempo chegar a Muxía con este vento”, murmurou Xosé, que se volveu máis falangeiro no mar. Unha gaviota de longas patas aleteaba preguizosamente sobre a “ría”. Xosé seguiu o seu voo con mirada impasible. “Esas aves son correúdas de máis para comelas”, comentou. Igual que a meirande parte dos galegos só estaba interesado no aspecto comestible da vida animal.

Cando estábamos no medio da badía, quedámonos dexergando o punto negro dunha lancha motora no horizonte, que se dirixía mar afora. Xosé fíxolle sombra aos ollos coa man, e seguiu o seu andar vagacento e traballoso cun interese de aglaio. “¿Olla aquela embarcación que desaparece no mar?”, díxome, sinalando cara a alá. “Vai nela un home só, e diríxese a América”. Parecía unha embarcación demasiado flebe para cruzar o Atlántico. Fitei, incrédula, cara a ela. “¿Quen é? ¿Por que vai tan lonxe?”. Xosé encolleu os ombreiros. “Porque a el non lle interesa a vida en terra”, advertiu. “¿Quen é? Ninguén o sabe. É dun xeito de ser estraño. Anda polas costas durante anos, gañando a vida levando carga dunha a outra banda do Atlántico”. “¿Contrabandeando, quizais?”, suxerín. “Quizais”, dixo laconicamente Xosé.

Muxía sobranceaba nos seus penedos e faixas de terra desinzaadas, celosamente choídas por lousas de pizarra e de pedra grá, inaxeitados vencellos de propiedade, orixe de liortas e preitos. O máis notable era a igrexa sobre o outeiro cun campanario construído, afastadamente, sobre unha meseta á beira. ¡Que igrexa máis curiosa..., parece demochada!, dixer. Xosé fitou durante uns segun-

dos, sen comprender. “¡Ah! vostede dirao polo campanario”, dixo ao cabo. “Iso é porque se veu abaixo durante unha violenta treboada de inverno, e os “veciños” decidiron que podía permanecer sobre o chan para o caso de que o derrubara outra treboada. Muxía está moi exposta ao vento”. En efecto, non hai nin unha simple árbore ou arbusto no cotarelo onde sopran os fortes ventos. ¡Muxía..., o seu nome o di!

Non obstante, todo estaba acalmado cando íamos no bote. Unha calma silandeira, na que a penas se movía a auga. Un illado porco trotaba afanoso polo peirao. Un cabaleiro de media idade, vestido de negro e con colo duro, camiñaba dándose importancia coas mans ás costas, en dirección a un respectable “semi-pazo”, que podía pertencer ao médico da vila ou a un emigrante con corte. Era o señor Abente, banqueiro retirado e poeta local, que ao ter as obras esgotadas, non me permiten facer comentarios sobre elas.

A comida na “fonda” de Muxía era execrable. ¡Como añoraba as excelencias das da señora Garrido! O comedor estaba instalado nunha baranda grande que daba ao mar; tódalas fiestras estaban hermeticamente pechadas, e enxames de moscas amoreábanse sobre as migallas de pan que quedaban sobre as mesas e o chan. E había moitas migallas. Non resultaba doado crer a aserción da viúva propietaria, de que un conde e a súa muller viñan con frecuencia de Madrid, ía pasar a fin de semana alí!

A viúva e as súas dúas fillas estaban desexosas de saber máis detalles sobre o “horrible” accidente que ocorrera na “fonda” do seu colega de Camariñas. A nova cruzara a badía, pero elas cobizaban información máis precisa e pormenores máis arrepiantes. ¿Era verdade que a vella nai fora levada ao hospital coas dúas pernas crebadas? ¿Tiña Dona Branca, realmente, unha clavícula fracturada? Coidei que as aledaría saber que tales musmús eran moi esaxerados, pero pareceron quedar un algo disgustadas polar estricte verdade.

En España está unha obrigada a crer que o feito de ser solteira é unha ofensa merecente de castigo. As habitacións que nos son reservadas non só son as máis pequenas (unha xa agarda iso), senón as máis núas de adobíos e as menos acolledoras e asoelladas. En Muxía leváronme a un cuarto escuro que non tiña fiestras, inda que si dúas portas, unha delas daba ao comedor. O lavabo parecía tan raro que merecía figurar nun museo costumista galego. Sobre a rachada almofia había un espello dentro dun feble marco; era este un luxo que pasaba do corrente, pero estaba alto de máis para que puidese mirarme ben; inda que era o mesmo, pois a pequena parte da face que se reflexaba nel amosábase borrenta e en contorsión como unha aparición rara nunha pantalla de televisión.

O santuario da Nosa Señora da Barca estaba pechado cando fun velo, e non había por alí ninguén que puidese abrillo. Como o exterior non ofrecía nada de interese, consoleime co pensamento de que a imaxe de dentro non tiña sona de ser de gran mérito artístico, e que o único obxecto digno de se mencionar, segundo o excelente libro-guía de Galicia do señor Otero Pedrayo, é o retablo churrigueresco. Non pensei que a miña perda fose irreparable. Pareceume que Muxía era o último lugar da terra onde un retablo churrigueresco merecía estar. Aos estilos de moitos enfeites como este cómprelles sol e calor (e mellor aínda: exuberancia tropical) para que luzan. Sentino polos pobres querubín espídos de dentro, e polas guirlan-



das todas douradas de mesta follateira formando escamas coa humidade do Atlántico.

Desde o cume do outeiro tras do santuario albisquei embaixo o van do istmo sobre o que está situado Muxía, e os innumerables hortos onde as mulleres vestidas de negro sachaban e recollían patacas. Este exército de mulleres semellaba como un anacrónico sobrevivente de “mujiks” da Rusia Imperial. Pero eses “mujiks” de Galicia, pobres como son, están aínda en mellor situación económica que os obreiros do campo de Extremadura ou Andalucía, rexións de ricos e a miúdo ausentes propietarios de vastos dominios. Aquí en Galicia case todos son donos dun anaco de terra, unha vaca e un porco. Con isto van vexetando na vida.

Despertáronme ás cinco e media da mañá para coller, sen tempo a almorzar, o “coche de liña” que vai a Berdoias; desde aquí, como axusteí confidentemente, tomaría ao cabo un enlace para Fisterra.

A viaxe de vinte millas a Berdoias levou algo máis dunha hora e cuarto. Alí, ás sete e media, deixoume o coche fronte a un lúgubre café, onde tiña que agardar outras catro horas antes de que chegase da Coruña o ómnibus para Fisterra.

Empuxei a porta e entrei. Unha muller mal encarada que estaba tras do mostrador deume os “buenos días”, e informoume que tiña que esperar un pouco para tomar café, porque o lume non se acendera aínda. As escaleiras que estaban a carón renxeron moito ao baixar por elas, con zocos, un home sen afeitar, de cabelo esverdeado, que saía a procurar un caldeiro de auga; a muller comezou a partir leña para acender o lume na cociña que estaba ao fondo do café. Galiñas de pescozo pelado, feroces como crías de boitres, peiteaban famentas no piso sen varrer. Un gato maiando daba voltas ao redor do fogón da cociña, mentres un porco desacougado se esfregaba contra a porta de atrás bufando por un almorzo de patacas crus. Fóra, o vento do outono sopraba a grandes refoladas.

Despois de que a muller me serviu un descolorido café, retirouse escaleiras arriba para coser nunha máquina que facía o mesmo ruído que unha locomotora e abaneaba a casa tan violentamente que o pouco xeso que quedaba no teito comezou a caer no piso. Non quedou alí moito tempo, pois engulipárono de contado as galiñas.

Pasado un anaco baixei pola estrada a dar un paseo, e batín cunha ringleira de xitanos ambulantes. Tres mulleres de amplas saias zangoneaban á fronte do cortexo; tras delas, e só, camiñaba un home aceitunado de moura barba puntiaguda e faciana delgada que esculcaba o horizonte coa extasiada expresión dun santo de Zurbarán. Seguía unha leda rea de catro burros, sobre os que ían sentados catroce nenos da tribo, cantando a toda voz e disfrutando, evidentemente, da viaxe. Máis homes e mulleres viñan despois. “¡Adiós, buen viaje!”, díxenlles. “Adiós, igualmente”, responderon as mulleres con peculiar sorriso.

As nubes que corrían a través do ceo comezaron a se espaxar deixando pasar o sol, un sol aínda abondo forte para queimar e producir bochas. Pasaron dúas aldeas con anchos sombreiros de palla, medias grosas e botas como de espantallos, conducindo uns carros de bois que parecían prehistóricos. As súas roupas, de certo, levaban varios meses sen se lavar. En contraste, as sabas que estaban postas a secar e albeaban ao sol sobre os arbustos en ámbalas bandas da estrada, non podían ser máis brancas.

Unha muller a caballo subía pola estrada. Levaba un neno de peito envolteito no seu manto negro, e atrás, sobre a grupa da cabalería, ía montado un rapazolo. Desde lonxe semellaban un grupo dun fresco medieval, tirado de “A fuxida a Exipto”. Mirei ao durmido neniño, e pregunteime se no futuro desaparecerían a monotónía dos milleirais, a dura terra que só produce pan agre e viño acedo, e as mulleres vestidas sempre de negro, viúvas ou en espera, en espera ou viúvas...

O coche de liña para Fisterra chegou con dúas horas de retraso, resopando e ampeando como unha alporizada señora vella, e acugulado de viaxeiros de mal xenio. Tódolos que remataban de subir tiñan faciana ameazadora por mor do retraso, así que me abrín camiño empurrando e pedindo perdóns rapidamente, ata me meter na parte de atrás entre os viaxeiros de segunda clase.

Despois dunha hora chegamos á costa e ás feiteceiras vilas de Corcubión e Cee, que se miran unha á outra a través da estreita baía; os reflexos dos cristais das galerías das casas case se amosaban no centro da “ría”. Estas dúas pequenas vilas, cos seus balcóns brillantes e certo ar de prosperidade, teñen un evidente parentesco coas cidades máis grandes do norte de Galicia, tales como Lugo e A Coruña. Hai un ar agradable de sofisticación neles, que se esvae tan axiña como unha dobra a curva da “ría” na dirección de Sardiñeiro e a longa lingua de terra onde o famoso faro de Fisterra avisa coa súa luz aos barcos que se achegan.

É difícil imaxinar unha extensión de costa máis fermosa que esta, cos seus moitos outeiros e badías, os seus súpetos relumbres en forma de media lúa con area entre piñeiros, uces e xesta. Desde Fisterra, nun día claro, pode albiscarse toda a costa deica Muros.

O noso coche meteuse pesadamente pola rúa principal de Fisterra, igual que unha zoupona eiruga ao longo do borde dunha folla tenra, facendo que os peatóns se apertasen contra as paredes; ou se metesen nos recunchos escuros de tendas misteriosas, con cheiro a viño e aceite resesos, onde se vende de todo desde doces ata anzois. Mirei pola xaneliña conforme íamos andando entre paredes grisallas e as facianas de poucos amigos da xente de Fisterra. Tódalas casas estaban amoreadas unhas con outras nun confuso montón cincento, non deixando sitio para unha leda “plazuela”, nin sequera para unha árbore. Non vin nin unha simple flor nin un testó.

O autobús detívose a carón dunha das dúas únicas “fondas” de Fisterra. Os visitantes son case raros. Soamente un destemido forasteiro que outro veñen nos meses de verán, un ou dous pintores, algún viaxante de comercio, e estudantes estranxeiros. Había dous estudantes alemáns do Sarre na “fonda”, que falaban un co outro á beira do coche en voz alta, con longas e complicadas frases como se estivesen declamando versos épicos.

Unha parte da tenda, cunha mesa e dous bancos, servía de comedor, onde se xantaba por turno, xa que era pequeno de máis para acomodar a máis de catro a un tempo. O chofer do noso autobús, que permanecía en Fisterra ata a súa saída para A Coruña ás seis da mañá seguinte, agardou humildemente a que eu rematase de comer, antes de entrar coa súa pequena friameira esmaltada, na que trouxera a súa comida durante o longo e poirento camiño desde A Coruña. Eu refugara o vaso de viño branco que el gasalleiramente me ofrecera cando baixamos, pois todo o que podía beber daquela

(medio afogada de po despois da longa viaxe), era só auga. Quizais el tomase a miña negativa como un desprezo. Ollando o xeito cerimonioso con que destapaba a súa friameira, colocándoa con coitado sobre a mesa fronte del, e estendendo un enorme pano de mesa sobre os xeonllos, unha agardaba que andaba a prepararse para se dar un gran banquete. Lavara as mans, calosas de andar coa equipaxe, na billa do corredor, pois o español, aínda o de clase máis baixa, é moi particular sobre este punto. Vostede atopa unha billa e un pequeno lavabo fronte a todo comedor nas “fondas”, pousadas ou hoteis españois, aínda que eu soamente vin que os usan os homes.

O chofer do autobús, despois de saudar gravemente cunha reverencia aos ocupantes dos bancos do comedor (os dous estudantes alemáns e mais eu), chantou os seus cóbados firmemente sobre a mesa e tirou unha sardiña grande da súa friameira, quitándolle a escama delicadamente cos dedos antes de metela na boca. Había tres sardiñas na friameira e algo máis dese número de pequenos peementos verdes cociñados. A dona, unha muller de idade de face inexpresiva, que entraba e saía do comedor sen facer ruído algún, coas súas zapatillas de feltro, suplementou silandeiamente a frugal comida do chofer con medio pan de centeo. El suspirou cando collía as súas sardiñas. “¡Que sorte teñen vostedes de poder viaxar!”, díxome. “Nós non podemos facer iso en España. Só os forasteiros poden viaxar, e polo que vin, a maior parte deles son da clase media, xente completamente vulgar”. Brandindo o rabo dunha sardiña cara a mira, proseguíu: “Aquí, en España, hai demasiado diñeiro concentrado nas mans duns poucos, demasiado poucos, e moita pobreza nas masas. Ademais, a relixión está metida en todo. Dásenos o mesmo prebe en tódolos pratos. Fíxese, eu non estou contra a relixión. Estou porque se lle deixe á xente crer o que lle pareza. É asunto de cada quen. Pero non me gusta ser intimidado e que me digan o que teño que facer. Estannos oprimindo. Non obstante, xa virán tempos mellores”, rematou cun sorriso difícil de entender, cando desescamaba a súa terceira e derradeira sardiña, chupando os dedos dun xeito felino. “¿Como?”, pregunteille, pero sorriu de novo e repetiu enfaticamente: “Xa virán tempos mellores”, cun ar misterioso de convicción profética.

Sentíame desesperadamente cansa, pois o meu arrefrío estaba aínda lonxe de se ter curado, e o po da viaxe non axudou moito para iso. “Vostede debería durmir a sesta”, aconselloume cunha atención paternal libre de toda sospeita de familiaridade. Asentín que era unha boa idea, e pedín que me conducisen ata o meu cuarto. A dona da “fonda” díxome que tiña unha “fermosa” habitación nunha casa enriba da rúa que pertencía a un tío do seu home, e mandou a unha filia a que a preparase. Isto levoulle case unha hora; despois a filla, levando a miña maleta rúa arriba, conducíume a través dunha entrada ampla que parecía dunha corte, subimos unhas escaleiras apovilladas, e chegamos a unha habitación grande chea de incómodos mobles anticuados. A cama de ferro no esquinal cadraba xusto coas medidas da pequena alcoba caleada, e por baixo dunha gastada colcha brillaban brancas como a neve as sabas que foran branqueadas ao sol. Alá ao final do descanso da escaleira, o tío do marido da muller da fonda e a súa esposa miraban inquiridores desde unha porta entreaberta. Eran vellos e secos e estaban todo tremeliques. “Non lles faga caso”, murmurou a filla da dona da “fonda”; “a muller é ei-

vada e o home está tolo”. Non había ninguén máis na casa. Pois si que era agradable a cousa, pensei, botándolle unha ollada á chave da pechadura, e preguntándome se funcionaría ben. Pero estaba demasiado cansa para me preocupar. O meu único pensamento cifrábase en me tirar o vestido, lavarme con toda a auga que contiña o xarro que estaba á beira da almofia, porme a bata e descansar ata as catro e media da tarde; despois desta hora tería que lle facer unha visita oficial ao Doutor Recamán, delegado de Fisterra no Congreso de Prehistoria, co que me atopara en Ourense. Todo estaba tranquilo, agás polo suave bater das vagas debaixo da fiestra. A atmosfera era quente, pero non apremante. Pechei os ollos. Mesmamente ao chegar ao punto grato entre o consciente e o sono, sentínme súpeta e cruelmente desperta por un fero pinchazo detrás do pescozo. A violencia da picada significaba só unha cousa: que había chinches no leito. Volvínme vagacemente de lado e erguín a modo a almofada. Alí estaban; os seus corpos inflados e arrepiantes sobranceaban claramente na enganadora brancura das sabas. Era unha familia de varias xeracións igualmente gorraxas: dúas grandes, tres de tamaño medio e catro pequeniñas fuxindo rápidas en todas direccións, pero aínda abondo cachaceiras para collelas e esmagalas. Non había dúbida de que, estiveran privadas de gosto do sangue humano por algún tempo, e que a fame obrigáras a este destemido ataque á luz do día.

Xa que logo, non era cousa de continuar a sesta. Unha vez que os espasmos do arrefrío foron a menos, sentínme mellor. Brinquei da cama, abrín de golpe as contrafiestras, vestínme, fixen a maleta e baixei correndo as escaleiras. Os dous maliciosos demiños ao final do corredor estaban alí trembilcando cando pasei, e o vello adiantouse cara a min berrando: “Déixeme a chave do seu cuarto, idéixeme a chave!”. Quedei parada, dubidando, nas escaleiras. “¡Déixeme a chave!”, teimou, apoiándose no pasamáns cun aceno de ameaza. “Esta é a miña casa e esa é a miña chave... Non pense o demo do meu sobriño que aluga o noso mellor cuarto sen nos consultar, e que nunca nos dá unha peseta por iso. Déame a chave, cómpreme ir procurar algo que está no armario”, e estendeu a súa tremelante man. “Está ben, entón; aquí está a chave”, díxenlle, deixándoa caer na súa man semellante a unha gadoupa. “Pode vostede gardala pola miña parte, pois non penso volver”. E saín correndo á rúa e baixei deica a “fonda”. Alí agardei ata que serviron a dous clientes, despois de lle facer un sinal á dona, quen palpabrexou ao me mirar igual que unha tartaruga con sono. “¿Que ocorreu?”, preguntoume. “¿É o tío do meu home?”. “Non”, resposteille secamente, “son as súas chinches”. “¡Ah!”, exclamou case sen voz, dándolle un couce a unha galiña que se lle puxo diante. O home apareceu na porta do dormitorio de enfronte, todo espelourado despois da sesta. “Hai chinches na casa da rúa de enriba”, informouno a muller laconicamente. O home era comprensivo. “Daquela a señorita terá que durmir aquí”, dixo; e dese xeito vinme outravolta preto dos estudantes alemáns, no que evidentemente era un cuarto para cachafullas vellas, cunha fiestra aberta a un longo e estreito balcón comunal. Aquí, polo menos, non había parásitos.

O Doutor Recamán vivía nunha casa construída sobre un pequeno alto de penedos que sobranceaban cara ao mar, como uns gigantes nocellos á banda oeste do porto. As vagas inquiridoras rol-

daban os seus socháns, deixando fuxir un gruñido antes de volver de novo ao mar aberto, sen a presa que viñeran procurar. Desde a fiestra da parte de diante podía unha ollar a fragosa costa preparada para esnaquizar a todo o que se aventurase a se achegar de máis.

Descubrín axiña que o Doutor Recamán é moito máis que o médico de Fisterra; é, ao propio tempo, profesor voluntario de segundo ensino (por entón conducía aos seus alumnos que facían por libre os estudos de bacharelato). Na época na que non había alumnos nin pesca, tencionara probar a qué folgados pescadores lles interesa tirar algún diñeiro escavando, pero, como me informou con ar de resignación: “A xente pescadora ten na mente só un camiño; non atina a pensar noutra cousa que non sexa a pesca”, e refugaron con desprezo a súa desinteresada suxerencia.

A terceira e quizais máis ardua tarefa que se impuxera a si mesmo, era despertar interese pola historia local. Isto bateu tamén cunha apatía xeral, pero como o entusiasmo persoal do doutor era tan grande, non o transtornaba moito a falta de curiosidade dunha poboación que se dirixía a el respectuosamente onde queira que fose, chamándolle “Señor Doutor”. Era o home que sabía todo sobre as novas e maravillosas drogas, e que podía asegurarlles unha cama no hospital de Santiago cando estaban doentes, o que lles interesaba. O home que visitaba pacientes a cabalo en aldeas distantes; o home que estudiara na Universidade de Compostela, a grande cidade catedralicia e herdade común que moitos nunca ollaran, pero da que todos se sentían orgullosos.

A maior cobiza do doutor é dotar a Fisterra cun museo de cousas antigas locais. O edificio actual estaba case de remate cando estiven alí, coa importante excepción do tellado, por carecer de fondos en caixa.

Sospaixo que a meirande parte do diñeiro para as catro paredes, cos seus patéticos nichos baleiros, saíra do propio peto do doutor. O lugar para o museo fora admirablemente escollido dentro dun muro de fortificacións do século XVIII construídas por un excéntrico duque.

O que conterà o futuro museo estao atesourando o doutor nos armarios e adegas da súa propia casa. Amosoumo todo con amoroso coidado, e case se alporizou procurando dous anacos de pedra que desaparecieran do seu sitio na adega. O máis do exhibido consistía en porcelanas crebadas procedentes dos naufraxios ingleses. Había pratos azuis e brancos da compañía navieira John Tennant & Co.; unha fonte de cor café e branca cun deseño, no fondo, da Exposición do Palacio de Cristal do 1851, coa Raíña Victoria e o Príncipe Alberte contemplando o vasto interior desde unha entrada ao lado; e un xarro grande sen crebadura algunha que se arranxou para sobrevivir dun naufraxio e permanece tan ledo e chamativo como antes.

Os obxectos indíxenas consistían, principalmente, en tellas da veciña cidade romana de Duio e anacos de sartegos. Resultaba claro que se non se desaterraban máis cousas, o museo, pequeno como era, quedaría aínda moi baleiro. O doutor, decatándose diso, proviuse dunha colección para amosar temporalmente enchendo os ocos. Esta colección tiña pouco que ver con Galicia, pois tratábase de recordos traídos das Américas por emigrantes voltos aos seus lares, cun gusto por espécimes de taxidermistas: caimáns recheos e varios membros exóticos da familia dos lagartos.

O doutor preguntoume se subira deica o faro, o primeiro lugar que todo turista que se respecte debe visitar en Fisterra. Eu persoalmente inclínome a pensar dos faros e dos camiños que levan a eles como de algo monótono, en calquera sitio que poidan estar. Fisterra non é unha excepción; pero para aqueles que disfrutaban loitando contra un constante e forte vento, visitando interiores de faros e mirando fragosos penedos batidos por un mar irado, recoméndolles moito as dúas millas de camiño desde a vila de Fisterra deica o cabo do mesmo nome e o faro, que semella unha gaivota sen ás no extremo dun brazo de terra sombriza.

O doutor non me acompañou, porque tiña que asistir a un enterro en Duio; pero ao día seguinte, que era domingo, estaba libre de obrigas profesionais e sociais, e anxeioso de me amosar as ruínas dunha cela medieval de ermitán, construída nun “castro” situado no outeiro tras da igrexa parroquial.

Pregunteille ao doutor se o enterro ao que asistira o día antes resultara algo fóra do corrente, pero abalou a cabeza negando. Os enterros son completamente ortodoxos nestes tempos, díxome, inda que hai só uns poucos anos os “chorones”, ou mulleres choronas, eran chamadas para acompañar o cadaleito con laios ruidosos. Nas aldeas recuadas ao longo da costa onde non hai estrada, un pode ouvir de vez en cando un “pranto”, un laio improvisado da viúva perante o cadáver do seu home ao ser tirado da casa para o seu enterro. O Doutor Recamán escoitara un recentemente. Foi algo así: “¡Adiós, Juanito! Agora vas a unha casa nova... ¡Que fría a atoparás! Que agardes alá por moito tempo antes que eu e os nenos nos xuntemos contigo. ¡Ai! Juanito, meu Juanito, que soa quedo... ¿Quen me consolará nas miñas mágoas, e a quen me volverei durante a noite?”.

O costume do “pranto” atravesou o mar e consérvase en países como o Brasil. Na provincia de Lugo, unha curiosa “canción de abella” adoitaba cantarolarse ao redor do defunto polos seus parentes e amigos antes de que deixase a casa. Isto lémbreme a crenza bereber de que a alma abandona o corpo na forma dunha abella para atopar a súa cela na colmea celestial. ¿Podería haber algunha relación?

Tamén a adoración polos devanceiros pódese deducir do calvario “polos esquecidos”, que aínda se atopa en moitos camposantos aldeáns de Galicia.

Antes de subir ao outeiro para ver a cela do ermitán, ouvimos a misa das once na bela igrexa parroquial nas aforas da vila. E esta unha igrexa da que foi transferido o moi venerado “Cristo bizantino” á catedral de Ourense no século XV. Unha imaxe case idéntica, o “Cristo da barba Dourada”, gárdase tras das cortinas de veludo nunha das capelas laterais. A prostrada efixie dun membro da familia Mariño (foi un bispo deste nome o que levou a imaxe con el cando foi nomeado para Ourense) atópase no exterior do pórtico principal.

As tres cuartas partes da congregación que chegara alí cedo conosco, estaban espaxadas en ledos grupos sobre os montículos cubertos de herba ao redor da igrexa. Nós estivemos de pé parolando co crego ata que faltaban tres minutos para as once, cando el de súpeto mirou o reloxo e dixo que era “hora de chamar á xente para que entrase”. Fixo isto batendo palmas e dando volta arredor da igre-

xa con longos e atléticos andares que amosaban as súas altas botas de campo baixo a sotana. A congregación obedeceu de contado, igual que colexiais ordenados que volven á escola despois do recreo. Os homes erguéronse e entraron na igrexa con certa rixidez e as mulleres trataban de se asegurar o veo negro para que non escorregase para atrás das súas cabezas, mentres os nenos se amorearon todos e empurraban cara a adiante en sólido bloque. Os homes sentáronse á esquerda e as mulleres á dereita. Era a primeira vez que ollaba este afastamento de sexos nunha igrexa galega.

Despois da misa, o doutor pediulle a unha das súas alumnas de “bachiller” que nos acompañase arriba ao outeiro deica a cela do ermitán. O cume do monte está coroado por un “castro” de proporcións moi considerables. O perímetro en desfeita está aínda case enteiro, e distínguese moi ben da masa central de pedras luídas polo tempo, baixo as cales o ermitán construía un templo e quizais a súa campá. Moito antes e despois dese tempo, durmiron parellas estériles baixo a inmensa peneda de granito contra a que foi construído o pequeno eremitorio (fendas feitas no pendo amosan onde estiveron metidos os soportes do tellado), pois críase que axuntarse baixo esta pedra aseguraba a procreación. Os bispos de Compostela opuxéronse a tal práctica, pero sábese da existencia de casos illados a comezos deste século.

Baixo a pedra penedosa hai unha lousa que serviu probablemente de altar, de fogar onde o ermitán facía as súas comidas, e de sepultura. Unha pedra grande baleirada en forma de figura humana, serviulle, sen dúbida, de leito, desde o cal podía ollar o seu primitivo arar.

Os anais de Compostela mencionan a un Duque Guillermo que, desexando facer penitencia, preguntoulle aos bispos onde podería atopar un lugar illado para se retirar alí e facer vida de ermitán. Suixeríronlle Fisterra, sen se decatarse de que a vila ao pé do monte estaba habitada por xente inquiridora, que conturbou a soidade do Duque Guillermo facéndolle peticións como se fose un santo milagreiro, ata que decidiu irse a outra parte. ¿Quen era o Duque Guillermo? O nome é estranxeiro para Galicia. Pode que fose francés, holandés, ou quizais inglés... Quen queira que fose tivo que sentir amarguradamente o ter que abandonar un lugar tan magnífico.

*Os solteiros valen ouro,  
Os casados valen prata,  
Os viúvos calderilla,  
E os vellos folla de lata.  
(Un dito de Muros)*

Desde Corcubión a Cee, na ría de Muros e Noia, hai palabras gregas, así como tamén celtas e romanas, que lle dan nome a lugares, tales como Pindo, Ézaro, Lira, Arcadia e Laurisa. É esta unha parte da costa agradable e acolledora, con invitadoras e anchas praias cun caldelo luminoso que non se atopa en Fisterra. Non resulta sorprendente que os mariños gregos da antigüidade gustasen de se establecer aquí.

Non obstante, a lenda foi un algo lonxe cando nos quere facer crer que o tipo de beleza grega pode aínda distinguirse nas faccións das beldades de Muros. Rosalía de Castro escribiu líricos versos sobre

o seu porte clásico e beleza de estatua, referíndose a elas como descendentes das mulleres de formas perfectas que serviron de modelos para o Partenón. ¡Ai!, ningunha “muradana” do século XX poderá aspirar, certamente, ao friso do Partenón; e no tocante ao seu paso (unha non pode chamarlle “porte”), dexenerou agora no escanaveirado contoneo adoitado polas aldeás de toda Galicia, que camiñan cos pés moi afastados, as puntas dos mesmos cara a fóra, e os seus brazos sostéñense afastados do corpo tan tesamente como as aletas dun paxaro bobo. Se pensan que é este o mellor xeito de acaneo para levar sobre as súas cabezas a carga das súas mercas, roupa de lavar e calquera outra cousa que acostuman, entón deberán saber o graciosamente que as mulleres da Indonesia camiñan con cargas semellantes.

Houbo un tempo no que as “muradanas” se distinguían polo seu atraente traxe local, que era un dos vistosos de Galicia. Hai vinte anos, cando foi feito un pedido do Museo costumista de Madrid, atopáronse en dificultades para reunir as varias das que se compón o traxe. Hoxe sería case imposible. Galicia, que conservou tantos dos seus costumes, perdeu case todo interese polo traxe rexional así como tamén polos seus instrumentos. Os tan nomeados “traxes galegos” empregados polos Coros de hoxe, son sinxelamente vertolás creacións das sociedades folclóricas actuais.

As mulleres galegas adoitaban levar altas cofias de encaixe, mantelas con franxas de veludo e panos de la de cores cruzadas sobre o seu abondoso seo. Os homes levaban chaquetas axustadas de tea vermella, verde ou acastañada, chalecos brancos ou de cor, calzóns cinguidos e grandes panos sedáns pendurados dos petos dos mesmos; pero había variacións locais en case cada val e cada cidade. Santiago, Lugo, Pontevedra..., cada unha tiña o seu propio traxe típico.

Pese ao fracaso das mulleres de se igualaren á reputación grega, eu quedei de cheo enfeitizada de Muros na primeira ollada, e do seu milleiro de casiñas brancas e grisallas agrupadas como pombas ao fondo dunha badía fonda debaixo da Costiña. Muros é un antigo porto pesqueiro, e a gracia dunha antigüidade próspera rolla nas pintorescas rúas con soportais.

En Santiago atopárame cun poeta de Noia, Xosé Faveira, que ten un irmán, Xesús, que vive en Muros, e está no concello como rexistrador da propiedade. Se ten ao seu cargo o rexistro de toda a propiedade de Muros, ten que coñecer entón moito sobre o lugar, pensei; e fun visítalo tan axiña como tomei café e deixei a miña maleta na “fonda”.

A casa do concello ten a fachada principal no extremo norte da Rúa do Mar, e está por fronte dunha casa que ten o impacto dun canonazo no seu piso superior. Trátase dun vello michazo que os “muradanos” non esqueceron. En efecto, diso fíxose unha das exhibicións da vila; lonxe de tapar o burato, deixárono tal como quedou despois do canonazo recibido desde o mar durante unha batalla naval entre unidades inglesas e franco-españolas. Colocaron de contado unha placa conmemorativa debaixo, que di con amarguexo: “Un agasallo dos ingleses: 22 de xullo de 1805”. Sentíame moi importante cada vez que pasaba a carón desta casa.

Don Xesús Faveira foi doado de atopar. Non só resultou ser a primeira persoa que ollei, senón que case batín con el ao entrar nas pequenas dependencias, pois estaba sentado diante dunha mesa

preto da porta principal, copiando longas entradas no seu libro maior. Era mozo, delgado e de cor aceitunada, e cando ergueu os ollos recoñecino de seguida: eran os ollos que unha ve nos xarróns cretenses e etruscos.

Don Xesús, moi cortés, pousou a pluma a unha beira deixando o traballo da mañá para me conducir a través das retortas calexas de Muros, e á Colexiata, xunto aos poucos cachenos que quedan das grosas paredes das que Muros tomou o seu nome. Estas murallas, e as dezaioito torres construídas sobre elas, desapareceron durante o século XVIII.

O pórtico da Colexiata, do século XII, dise que o encetou un canteiro anónimo da escola do Mestre Mateo, o inspirado xenio do “Pórtico da Gloria” de Santiago; pero as figuras do pequeno pórtico de Muros son moito máis petrificadas, e de estilo bizantino. Non poden compararse, nin remotamente, coa obra mestra compostelá, inda que teñen encanto e irradian xenialidade dunha rara calidade para a igrexa dun pequeno porto pesqueiro. É certo, xa que logo, que Muros é só unha feble sombra da súa apoteose do século XV, cando os seus mariños visitaban con frecuencia as costas de Portugal, Francia, Inglaterra, Flandres e Italia. No XVIII chegaron deica as Indias, mentres a vila prosperaba, pois daquela non dependían só do mar como hoxe. Había fábricas de curtimes e de tecidos na vila, e varios gremios importantes.

A dramática e polícroma imaxe do Cristo Crucificado da Colexiata pertence á familia das misteriosas imaxes bizantinas ás que xa me referín (os dous Cristos, de Fisterra e Ourense); pero este Cristo agoniante de Muros é o máis realista de todos eles. Unha case sente a dor e o sangue que cae pola faciana, e ouve o gorleo de morte na arreguizante gorxa. Don Xesús díxome que durante os sermóns da Semana Santa, a xente séntese tan conmovida polo relato da Paixón epitomada nesta face de sufrimento, que todos se botan a chorar na igrexa. Créoo sinceramente.

Tres campas baleiras adoitaban estar a un lado da Colexiata para recibir os corpos de náufragos descoñecidos que o mar puidese traer á costa, pois Muros tivo sempre profunda compaixón polas vítimas do mar. Para lle engadir ao título de “La más Noble y Leal Ciudad”, que compartía con outras ao longo da costa, o rei Afonso XIII concedeuulle un terceiro no 1906, despois da grande xenerosidade amosada pola poboación con cincocentos corenta e catro náufragos. Así que agora o título do pequeno porto é o de “La más Noble, Leal y Humanitaria Ciudad de Muros”.

O cimo do escudo de Muros é igualmente interesante. Consiste nunha carabela a flote cun castelo na popa, un león na proa, e dúas cunchas de peregrino entre os mastros. Quizais esta carabela tenciona representar a unha das dúas de Muros, que, segundo se conta, tomaron parte na conquista de Málaga aos mouros.

En Muros, as singulares Casas de caridade do século XVI proban que esta cidade era xa humanitaria moito antes de que se lle concedese o título oficial; pero aínda que eran probablemente axeitadas, quizais resultasen comparativamente suntuosas nos tempos nos que se construíron (en 1506), cousa que está lonxe de selo hoxe.

Pasei baixo a entrada abovedada, coa súa fermosa e pequena imaxe da Virxe do século XVI enriba no nicho, para mirar a fileira de quince vivendas formadas por unha habitación escura no piso

baixo e outra enriba, cada unha habitada por unha familia distinta. Estaban todas ocupadas por persoas vellas e pobres, agrupadas ao pé dunha fogueira nun esquinal, onde cocíanaban a súa ola de “caldo”. As paredes estaban negras polo fume de séculos, pois non había cheminea. Non obstante, eran grosas, a leña abundosa, e a municipalidade invertira parte dos seus ingresos para asegurar que puidesen comer o “caldo” tódolos días; e non como noutros lugares da costa que eu vira, onde o lume non se acendía tan regularmente.

Algúns dos ocupantes máis novos seguían a exercer os seus oficios. Unha habitación situada enriba dun chanzo de escaleira a beira da entrada, que probablemente fora usada antigamente como posto do sereno, estaba ocupada agora por un zapateiro, un home de ollos claros que parecía non ter máis de cincuenta anos. “¡Suba a ver o meu pazo!”, berroume, facendo un aceno coa man na que tiña unha bota vella que andaba a arranxar. Subín os empinados chanzos e mirei o nu interior. Había unha cama de ferro crebada nun recanto, cuberta con anacos de cobertores e outras teas, ningún abondo longo ou ancho para o tamaño da cama. O remendafoles seguiu os meus ollos segundo estes percorrían o cubil, e despois botouse a rir dun xeito histórico, bambeándose cara a adiante e atrás sobre a vella bota. “Ben, ¿que pensa vostede do meu pazo? ¿Non é luxoso?, berrou. “Algúns persoas non teñen nin un tellado sobre as súas cabezas”, respondinlle solerminamente, coa dúbida de que o home fose sarcástico ou sufrise alucinacións. “O meu tellado está feito de tellas de ouro, pero pinguea cando chove, e, ¡ai!, chove a miúdo en Galicia. ¿Vén vostede de Madrid, señorita? Se é así, entón saberá vostede o que di alí a xente sobre nós: din que Galicia é a despenza de España. ¡Ja, ja, ja!”, e o remendafoles estourou noutro paroxismo de risa desenfreada.

Don Xesús abalou a cabeza atristuradamente cando nos íamos. “Temo que estea descontento”, observou, dirixindo unha flebe ollada de zafrañada sobre o ombreiro, cara o zapateiro remendón. “Quizais teña razón para o estar”, suxerínlle, pero Don Xesús non parecía estar de acordo. Inclínabase a crer que é inmoral sentirse descontento coa sorte que un ten trazada na vida, como se iso significase rebelarse contra o Todopoderoso que o ordenase. Unha caste de ricos que ten obriga de dar esmolos como parte das “boas obras” que facilitarán a súa eventual entrada no Paraíso, e unha caste de pobres para recibir as esmolos e bicar as migallas que lles botan...; este anticuado xeito de pensar váilles ben aos satisfeitos da vida, e descorazona aos pobres na súa aspiración de cousas mellores.

Unha vez un estudante erudito da Universidade de Salamanca argüíume accidentalmente nunha tese, que o Paraíso se atopaba no cume do Monte Pindo, preto de Muros. Este monte está situado na parroquia de San Mamede. (Varias localidades de Galicia levan este curioso nome. Pregúntome se non será unha corrupción de “Mohamed” e un vestixio da invasión árabe). Poida ser que o monte se usase como santuario nos tempos pagáns. Hai un pendo chamado “D’a Moa” no cume, que está cuberto de caracteres indescifrables. Nos seus arrampadoiros e nos dun “castro” atopáronse interesantes reliquias da Idade do Bronce. Os montes de Galicia están case todos coroados con penedos de pedra gra luídos polo tempo (se non con dolmens), de tan impresionantes formas e grandores que non sorprende ouvir da veneración relixiosa coa que os consideraban as

xentes. San Martirio de Braga, en Portugal, condenou estas prácticas idolátricas nun tratado do século VI titulado “De correctione rusticorum”; pero os antigos petroglifos con copas, aros e espirais (e aínda rudimentarias formas humanas e de cervos) seguiron atraendo, polo moito misterio do seu indescifrible simbolismo.

Plinio menciona nos seus escritos á pequena illa da Quiebra, preto de Muros. Esta tamén é centro de antigas lendas entretécidas con retallos de mitos gregos. Houbo en certo tempo un castelo mouro na illa, e á beira un templo sostido pola filla do xefe árabe, dono do castelo. Un día os cristiáns de terra firme invadiron a illa pola forza, mataron a tódolos mouros, incluíndo ao pai da sacerdotisa, e destruíron o ídolo do templo. Desde a pasaxe sotarreaga onde se acobillou, a sacerdotisa real invocou a vinganza dos Deuses. Daquela aparecéuselle un xenio que lle prometén cumprir os seus desexos se se deixaba levar por el. Tan axiña como consentiu, estourou unha gran treboada e vagas enormes brincaron sobre a illa destruindo o templo, o castelo, aos invasores cristiáns e á princesa moura, que se transformou nunha serpe. Os cristiáns convertéronse en touros e foron obrigados a servir á serpe. O xenio destruidor seguiu a causar treboada e naufraxios nos arredores ata que un santo ermitán que vivía nos bosques tras de Muros crebou o feito, suxerindo que a pequena illa debería bendicirse e construír sobre ela unha capela dedicada a Nosa Señora. Desde ese día os mares estiveron calmos; a Virxe cristiá venceu, en efecto, o poder da serpe e do xenio, ou sexa, o dos ídolos precristiáns e do profeta mouro.

Desde Muros regresei a Santiago, facendo parada en Noia. Aínda se ollan pías de táboas de piñeiro nas aforas de Noia, pero dubido se se seguen a exportar a Cardiff como se facía hai anos; a madeira de piñeiro é unha das principais exportacións de Galicia. O goberno entrevistou un algo tarde para alentar a repoboación en extensas zonas desertas de arborado, pero a xente quéixase de que os métodos non son axeitados. O goberno está moi lonxe de Galicia, e os galegos sempre se están a queixar, igual que os escoceses, de que á súa rexión a teñen abandonada. España, como sabemos todos (completamente a parte do caso illado de Galicia), nunca foi moi afortunada cos gobernos, e hai moitas anécdotas divertidas sobre iso, feitas polos propios españois. O seguinte exemplo, moi coñecido, é un dos meus favoritos: Cando Fernando III liberou a Sevilla de mouros e finou, eludiu o Purgatorio por ser santo e foi dereito ao ceo, onde se atopou con Santiago que o presentou á Virxe. Ela recibiu-no moi atentamente e preguntoulle se desexaba pedirlle algún favor para a súa amada España. O rei pediulle aceite, viño e trigo, que lle concedeu; moito sol, homes valentes e mulleres fermosas, que tamén lle otorgou; reliquias santas, allos e touros, asimesmo concedidos; un bo goberno... “Desde logo que non”, díxolle a Virxe, “iso non, porque se llo concedese inin un anxo permanecería no ceo un día máis!”.

Noia está terra adentro, entre montes, nas beiras da Ría de Muros e Noia. É máis grande que Muros e foi famosa polos seus barcos e as súas sardiñas. O escudo da cidade representa a Arca de Noé e unha pomba, porque, segundo unha crenza popular, foi fundada pola filla de Noé, e nun tempo o seu nome foi Noela.

Os ricos comerciantes que viviron aquí e os leais soldados dos tempos feudais, vasallos dos guerreiros arcebispos de Santiago, dei-

xaron o seu sinal na cidade; uns nos poucos “pazos” vedraños que esmorecen en calexas veciñas por onde hoxe pasa o tráfico, outros na igrexa fortaleza de San Martirio construída polo arcebispo López Mendoza no 1434, cunha ergueita ábsida ameada. O ventanal da fachada é gótico, pero a arcada da entrada é romántica. Os doce apóstolos aquí esculpidos son tan orixinais e están tan cheos de vida, que se cre que o escultor escolleu os seus modelos entre as facianas rudas e marcadas polas inclemencias do tempo dos pescadores da Noia de entón. Esta igrexa afástase do corrente en que ten grandes repisas de pedra que sobrancean polos lados, tanto dentro como fóra. Poida ser que fosen ideadas, ora para erguer unha plataforma desde onde ollar as procesións e espectáculos, ora para postes de entoldados cando se celebraban as feiras, pois estas seguen a ser días de festa nas vilas. Moitos dos espectáculos relixiosos sobreviven nas cidades costeiras menos sofisticadas. Tanto en Fisterra como en Muros, por exemplo, a representación de “As tres Marías e o Anxo” fanse na igrexa cada Pascua de Resurrección.

A igrexa máis antiga de Noia, a de Santa María, que se construíu no 1327, é famosa polas lousas das sepulturas do cemiterio, nas que están gravadas as insignias das persoas soterradas baixo delas. Hai tamén un sartego interesante fronte da igrexa, o dun guerreiro cunha espada á beira e cun alto sombreiro ribeteado de peles e unha especie de falda de soldado escocés.

Dous sonados escultores naceron en Noia: Felipe de Castro e Xosé Ferreiro. Foi tamén lugar natal do frade Luís Rodríguez, o primeiro que publicou un vocabulario da lingua galega.

## CURIOSIDADES DAS RÍAS BAIXAS

Toda a costa, desde Corme deica a Ría de Noia, é unha das máis belas do mundo, e con moito máis verdor que a agora de moda, a Costa Brava. Pero eu aínda non fora capaz de localizar o que procuraba: unha praia tranquila provista dun bo hotel onde o meu prometido (ao que iría recibir a Vigo dez días máis tarde) e eu poidesemos pasar unhas vacacións de descanso. O tempo viñásemme enriba e poñíame nerviosa. Ata o de agora non vira nada conveniente, pois as praias de Vigo son ruidosas de máis pola moita xente que concorre a elas, e a costa do norte, coas súas millas de area dourada, están completamente virxes de hoteis. A miña última oportunidade era explorar a Ría de Arousa e a famosa illa da Toxa, onde hai un luxoso hotel e un casino, inda que me advertiran que eran os de máis moda e que estaban invadidos polos ricos mandamais de Madrid.

Sendo Pontevedra a cidade máis veciña desde a que podía tomar un autobús para a “ría”, establecín alí o meu cuartel xeral na excelente Pensión Madrid; cheguei á hora de comer, para despois saír cara á Toxa no autobús da media tarde.

O autobús fixo soar considerablemente a buguina ao pasar pola ancha e agradable “Alameda” de Pontevedra, onde a xente paseaba arriba e abaixo, satisfeita de se sentir folgada, e sobre a ponte que atravesa o calmo río Lérez; pasou logo xunto a unha cruz de pedra que se supón dedicada a Colón. Os historiadores locais seguen a soste que o gran navegante era galego de orixe. Un dos seus barcos chamábase “La Gallega”, e moitos dos nomes que lles deu a localidades de América foron tomados da topografía de Galicia. Gastou-

se unha chea de tinta neste aquecidamente debatido e contradebatido tema.

Desde alí collemos unha estrada principal que non deixa a beira da Ría de Pontevedra ata que cruza o istmo da península, alén de Sanxenxo. Esta península é toda tentáculo, igual que unha copia en miniatura das Célebes. A ida en coche deica A Toxa e regreso, que se me fixo tan familiar pero que xamais me cansaría, segue a liña dunha costa infinitamente máis variada e engaioladora que calquera das populares “rivieras” de Europa. Atopeime cun matrimonio austríaco que vivira na Toxa durante máis de vinte anos, e que aínda se non cansara das atraccións desta costa e dos seus continuos cambios de cor. As fotografías non lle poden facer xustiza ás “rías”, polo que tencionei tirar unha. A luz e o colorido son demasiado sutís, e a expansión demasiado panorámica. Mesmo unha cámara de cine resulta inaxeitada. Hai unha atmosfera sensitiva e móbil nas “rías” que ten que se ollar e coller nas súas tres dimensións para poder apreciar todo o seu valor. Quizais un acuarelista persa do século XVIII acadaría facerlles xustiza.

O primeiro co que unha bate, nun pequeno porto moi por baixo da estrada, é Combarro, amado polos pintores, con soportais e casas vedrañas. Un algo máis lonxe, á dereita, érguense as dúas xémeas torres barrocas do mosteiro de Poio sobre os milleirais, desde unha meseta entre montes cubertos de piñeiros. Despois das areosas praias en forma de fouce de Sanxenxo, guindámonos a través dunha chaira cultivada de millo e viñas; pasamos casas de labranza onde se escoita un son que agora se extinguiu en Inglaterra, o rítmico bater dun maxal, deica o estreito istmo de area que afasta as vagas do Atlántico da tranquila lagoa de cor anil na Ría de Arousa. Á esquerda estaba a praia da Lanzada, de dúas millas de longo, cunhas dunas de area que se erguen ata alturas fantásticas, como unha miniatura do Sahara á beira do mar. Á dereita, a ancha cabeza da pequena península estendida nunha ringleira de montes piramidais, cada un moi diferente do seu veciño. O primeiro, o máis achegado á Lanzada, é un xigante de area branca; o segundo é unha enorme morea de luídas pedras de granito dun gris lourido. Soamente o terceiro e o cuarto están cubertos de cousas vivas, piñeiros, herba e plantas de borrialla. África, Asia, Europa... todas están representadas neste extraño microcosmos cunha extraordinaria clase de forma e cores. E unha humanidade antiga deixou os seus vestixios baixo as conservadoras areas: os devanceiros da Idade do Bronce, soterrados con vasillas de barro á beira das súas caveiras, enfrontáronse inconmovibles co Oceano Atlántico ata hai moi pouco.

Alén dos montes, no extremo á dereita, existe unha ponte de ferro de dimensións de xoguete que une a terra co borrancho verde escuro dunha illa: A Toxa. A illa érguese levían só no centro, o demais é plano. O único edificio dexergable é o hotel, brillantemente branco, á beira do mar, a fronte do cal dá á costa oeste da Ría de Arousa. Eu vira fotografías deste famoso hotel amosando torres semiderrubadas nos seus ángulos; así que quedei sorprendida ao observar que o tellado era plano e moderno. Os meus compañeiros de autobús informáronme de que o hotel fora modernizado un par de anos antes cun custe de varios millóns de pesetas.

A illa e o hotel da Toxa resultaran ser ben diferentes do que me fixeran crer. Queden tan engaiolada co que ollei, que decidín reser-

var habitacións para tres semanas, a partir da data na que chegaría Roberto. Había unha pequena estafeta de correos na illa, polo que mandei de contado un telegrama a Londres dando conta da boa nova do meu “achado”. Había tan poucos ingleses viaxeiros na Toxa (nada parece que se escribiu durante un cuarto de século sobre esta parte de Europa), que o aglaiado empregado non estaba ao tanto do franqueo telegráfico; mesmo por iso, cobroume unhas cinco veces máis do debido, pero eu estaba demasiado emocionada para me decatar diso naquel momento.

O tempo era ideal para se bañar, bo de máis para apedralo na quente e poeirenta cidade, así que resolvín pasar os poucos días que faltaban para a chegada de Roberto nalgún lugar ao longo da “ría”, probablemente Sanxenxo. Sanxenxo non debería xulgarse polo que un olla del desde a estrada que vai á Toxa. É dicir: o hotel de segunda clase con traxes de baño e toallas pendurando fóra das fiestras, e os barulleiros visitantes franco-españois que semellan os intérpretes de certa clase de películas. Nin pode xulgalo un polo moderno paseo alá embaixo, polo bar “Marie-Loo”, pola imitanza século XX dun “pazo” nin polas vilas alí espaxadas que fixeron de Sanxenxo un dos lugares máis frecuentados das “rías baixas”. A comunidade pescadora de Sanxenxo, ou sexa, o pobo auténtico, atópase entre as casiñas medio branqueadas e o mercado do peixe fronte ao porto e ao longo de rías laxeadas de croios entre a estrada da costa e o paseo.

As casiñas de preto do porto están branqueadas na banda que dá á igrexa, e os seus longos peitorís de fiestra están tan cheos de testos de flores que fan innecesario o uso de cortinas; pero o lado que dá ao mar é dun verde agrisallado, con fleques de orcelos ao fondo. Esta fachenda de brancura fronte á igrexa poida que teña que ver co novo crego, quen sente tal paixón pola limpeza que refugou vivir na rectoral ata que foi debidamente desinfectada. Tamén teimou en que as mulleres de idade que ían atendelo a el á igrexa, debían lavar a propia roupa con regularidade. Todas estas novidades causaron verdadeira conmoción na vila. Desde a chegada do novo crego todo o relacionado coa igrexa sufriu case unha limpeza cotiá. Por iso, se por un casual pasaba por alí á mañá, podía ollar vostede tódolos bancos e reclinatorios da igrexa, así como os testos de flores do altar postos ao sol no medio da rúa. Nunca hai moitos reclinatorios nas igrexas das vilas galegas, e os da de Sanxenxo son particularmente do peor polo estragados que están. Amoreados todos xuntos en ringleiras e circos (pois son todos de diferentes tamaños), cos pelados mendos de veludo do seu tapizado brutalmente expostos á forte luz do mediodía, semellan demasiado patéticos para se mirar.

O novo crego está ben educado. Vén de “boa familia” (o seu pai era dentista) e non é un andrúvieiro á antiga como o seu predecesor, que sempre andaba a lle pór peros aos traxes de baño, e meténdose coas diversións dos días de festa e coa breve pero aprobeitable estación estival que lle axuda á xente local a compensar a falta da pesca. Agora saían todos a despojar aos veraneantes. “A tempada é tan curta que temos que lles tirar a vostedes todo o diñeiro que podemos”, como me dixo Dona Luísa candidamente.

Entrei na tenda de Dona Luísa por un feliz casual, xusto no momento en que estaba a piques de me desesperar; tódalas “fondas” e tódalas habitacións en Sanxenxo parecían estar xa comprometidas, pois era agosto, o mes de máis movemento do ano. Tan axiña como

Ile preguntes por unha habitación, os ollos de Dona Luísa brillaron ante a perspectiva de facer negocio. Deixou bruscamente aos seus clientes (eran do lugar e comprendían) para me acompañar escaleiras arriba; tiña unha habitación libre, díxome, só que a cama era grande, e que ela alugaba xeralmente a matrimonios. O último que durmira alí pagáralle trinta pesetas diarias, así que non podía cobrar-me realmente menos de vinte.

A habitación daba á unha rúa encostada, laxeada de pelouros. Desde a fiestra podía ollar unha rapaza na casa de enfronte dándolle voltas á roda dunha máquina de coser, como se a súa vida dependese liso; no entanto, outra rapaza estaba de pé na fiestra veciña comendo unha grande raxa de sandía e cuspiendo ledamente as brillantes sementes negras cara á rúa. Alén das tellas de cor de cangrexo cocido dos cotrosos tellados, había un brillante máis berilo. Gustoume a habitación, gustoume o cheiro de xelea de marmelo e dos xamóns curados na casa que ascendía escaleiras arriba desde a tenda de Dona Luísa, e estaba moi ben disposta a pagar vinte pesetas (catro chelíns) ao día por tantos praceres.

Dona Luísa explicoume que non podía dar comidas porque tiña que atender a tenda, así como tamén á súa familia (un marido, un sogro vertolán e dous fillos de oito e tres anos e medio de idade) e unha “finca” arriba, no outeiro de trala vila; pero arranxou para que os veciños de enfronte, os Otero, que tiñan unha “fonda” me trouxesen tódalas comidas “a domicilio”, nunha amagastrada cesta que Dona María Otero levaba pintorescamente sobre a cabeza, pola suma de trinta e cinco pesetas diarias.

Dona Luísa viñera de Porto Novo, na outra beira da badía, e mantiñase firmemente leal ao lugar de nacemento, que era notablemente sucio e máis atrasado que Sanxenxo. “Por seguridade, a xente é máis reservada”, díxome, “pois non ve tantos forasteiros, e do que unha non coñece sempre recea”. Non obstante, un estranxeiro vivira entre eles durante anos. Era un inglés coñecido por Don Luís o Protestante. Sorprendinme ao saber que había un núcleo protestante, aínda en progresión, non soamente en Porto Novo, senón tamén en Sanxenxo, e en Marín á outra banda da “ría”. Esta minoría protestante é moi respectada e ninguén se mete con ela; só están obrigados a facer reunións en privado. Ningunha outra relixión que a do Estado, a Católica Romana, está permitida para se manifestar publicamente en España.

Don Luís o Protestante foi reemprazado, ao se rematar a guerra, por un home novo chamado Don Carlos. Todos en Porto Novo sabían onde vivía Don Carlos, e dúas pescas descalzas acompañáronme ata a casa. Era esta un modesto edificio no extremo da vila, pero sobranceaba das outras casas veciñas pola súa nitidez e por dar a impresión de estar fregado e desinfectado a conciencia. Outra ollada era dabondo para se convencer de que non había pulgas alí. A frase evanxélica: “Escoitade a palabra de Deus”, pintada en grandes letras negras riba da porta, parece estraña en español. A gardiana de fase severa que xurdiu á miña chamada, informoume que o pastor estaba a visitar en Lugo aos fieis de alí. Cando lle preguntei se había moitos protestantes en Porto Novo, negou coa cabeza, engandindo: “Son todos homes, de todos xeitos”, como se, ao ser así, o protestantismo en Porto Novo estivese sentenciado desde un comezo. Cando me ía despedir, ofreceume espontaneamente a casa ata que

Don Carlos voltase de Lugo. “Vostede debería vir e pasar a festa do quince de agosto aquí”, díxome; “iÓllase tan ben a procesión desde esta casa!”.

Dona Luísa facía o seu cotián cociñar sobre o tradicional fogón das aldeas galegas. A cociña estaba no piso de abaixo, e o tixolar realizábase sobre unha lousa colocada por baixo da ancha cheminea, na esquina a man dereita, ao mesmo nivel dunha mesa. O combustible empregado eran piñas e leña tamén de piñeiro; cada ola estaba montada sobre un trébede e tiña o seu propio lume. Mañá e tarde, en toda Galicia, as mulleres saen en grupos das aldeas para se dirixir ao monte a rebuscar metodicamente baixo as árbores, e volven á casa con cargas enormes de leña sobre a cabeza.

A porta do piso de abaixo conducía a un patio de pedra que daba á baía. Neste patio había unha sólida casa cadrada construída polo sogro de Dona Luísa, que alugaban tódolos veráns a unha familia de Madrid.

Había porcos e galiñas no recamo do patio máis achegado á casa de Dona Luísa. O matachín de porcos veu a mañá seguinte da miña chegada, ao redor das seis, e Dona Luísa agardaba que non me sentise amolada polos berros, porque non houbera moito ruído, díxome, xa que ela collería ao porco firmemente polo fuciño. Mataríao ela mesma, pero aos homes da súa casa non lles gustaba que o fixese, e eles tampouco o facían. Resentíase de ter que dar tan innecesariamente unhas pesetas preciosas. O malo era que os homes non estaban afeitados ás “cousas do campo”. Era isto polo que se mantiña vixiante verbo do que facían na labranza, a “huerta”, como lle chamou. A propiedade incluía un piñeiral no monte con corenta piñeiros nel (os límites destas e das outras árbores dos veciños estaban marcados con pedras brancas). Os corenta piñeiros valían unhas dúas mil pesetas. Despois tiñan viñedos máis embaixo do arrampadoiro do monte, en tres anacos de terra afastados, e un horto de onde Dona Luísa traía os tomates para vender na tenda.

Desde o cume do monte sobre o piñeiral podíase ollar polo norte deica A Toxa e polo sur deica Marín. Había pouca xente polos piñeirais e ninguén na praia. Era un misterio. O que fora do cento e pico de bañistas que se recreaban na area tódalas mañás desde as dez e media ata as dúas da tarde para logo desaparecer, e non ser vistos nin ouvidos deica á mañá seguinte á mesma hora, nunca o soupen. Habería máis xente entre os piñeiros se non fose porque se achegaban as festas do quince de agosto, e as mulleres estaban ocupadas coas modistas, preparando os seus novos vestidos. Dona Luísa mirou cara Portonovo con agarimo. Dixo que estiveran limpando a imaxe de San Roque, axeitándoo para a procesión. Era unha imaxe moi pequeneira a de San Roque, pero era moi venerada. Xa que logo, os pescadores tiñan diñeiro dabondo para mercar unha maior se quixesen, e, en efecto, mercaran varias imaxes grandes de santos nos derradeiros anos. Se non mercaran outro San Roque, era sinxelamente porque preferían o pequeno de sempre. A xente de Sanxenxo, non obstante, non comprendía isto, e a miúdo facían chunga ofensiva sobre o pequerrecho San Roque de Portonovo. Pero cando as mulleres de Sanxenxo comezan a falar tan abafalladamente (fan isto polo común cando son vencidas na poxa do peixe no mercado polas de Portonovo), estas últimas bótanse sobre elas enrabeçadas, agárranas polo cabelo e derrúbanas no po. (Isto non quita, sen em-



bargo, para que fagan as paces e volvan a ser as mellores amigas na noite).

San Roque participa na procesión xunto aos seus santos irmáns e irmás de Portonovo e da veciña parroquia de Portoviño, e todos celebran a festa do 15 de agosto. Unha emotiva e pequena cerimonia sinala o comezo dos actos do día cando San Roque e os santos de Portonovo se adiantan cortesmente para “recibir” aos seus compañeiros os santos de Portoviño, na vella ponte que afasta ás dúas parroquias. A isto chámase o “encuentro”, durante o cal os santos son baixados respectuosamente, inclinándose uns diante dos outros antes de se xuntar na procesión. Ao remate do día ten lugar a “despedida”: Os santos de Portoviño son escoltados deica a ponte no seu regreso, onde se fan uns a outros a reverencia por última vez ata o ano seguinte. Os vellos, dixo Dona Luísa, pónense sentimentais e choran amarguradamente no momento de se despedir os santos, idespois de pasar xuntos un día tan apracente! As festas duran tres días e no terceiro celébrase a “Festa dos Vellos”. Daquela é cando a xente de idade baila as “muiñeiras” que a xente nova anda a abandonar polos pasodobres e sambas, e as gaitas volven polos seus foros.

Ao longo da ruta por onde pasaría a procesión constrúense pequenos altares, e as “Hijas de María”, que se ocupan do seu adobío, visitan a Dona Luísa para lle pedir emprastadas as súas mellores sabas con encaixes para empregalas como panos de altar. No pasado houbo veces nas que se esqueceron de llas devolver. “A xente é así”, suspirou Dona Luísa resignadamente. Isto non lle quitaría de lles emprestar, se llo pedisen, máis sabas brosladas a man, porque Dona Luísa, pese ao seu realismo e á súa vivacidade para os negocios, tiña moi bo corazón.

Eu tivera unha proba diso o día antes, cando estaba a conversar comigo no meu cuarto, e ouvimos o pesado tumbar dun carro subindo a rúa, seguido dun súpeto berro cando a vaca e o carro comezaron a se ir cara a atrás costa abaixo. O desleirado vello dono do carro estaba estarrecido. Dona Luísa botouse á fiestra e decatouse de contado do que pasaba. Un enorme bidón cheo de aceite de oliveira estaba desfeito na parte traseira do carro. “Unha pedra, unha pedra! ¡Miña nai!”, ¡que alguén colla unha pedra e a poña tras da roda!, berrou. Por ventura, as pedras grandes soltas abundaban, e un par de veciños fixeron o resto. No entanto, Dona Luísa baixara correndo as escaleiras, e saíu á rúa para lle axudar ao vello a empurrar o bidón cara a parte dianteira do carro para equilibrar o peso. A pobre vaca asustada mexou con tódalas ganas, salferindo as paredes das casas de ámbalas bandas da estreita rúa. O vello aldeán, agradecido, deulle uns golpiños coa man no ombreiro a Dona Luísa. “Gracias”, murmurou torpemente. “Agora xa pode seguir”, díxolle Dona Luísa, tirando as pedras de embaixo das rodas, “pero vaia a modo porque o animal está aínda asustado”. Ela foi á par do carro rúa arriba ata a veciña esquina, levando un par de pedras por se se repetía o accidente, e estivo vixiando ata que desapareceu.

Dona Luísa non ía á misa dos domingos, pois, segundo me dixo, non lle importaban os cregos; pero coidouse de engadir que iso non significaba que ela non crese en algo máis grande e máis nobre que os seres humanos. Sentía que Don Luís O Protestante regresase a Inglaterra porque había varias cousas que lle gustaría preguntarlle; non coñecía abondo ao novo pastor, inda que lle parecía mozo de máis

de tódolos xeitos. Calquera que fosen as súas dúbidas relixiosas, ela tiña fe nunhas xentes non ortodoxas da comunidade galega, os “pastequeiros” ou curandeiros, que curan no nome do Pai e do Espírito Santo, de Xesucristo e da Virxe María co signo da “dobre” cruz, coñecido como a “Cruz de Caravaca”. Teño grandes sospeitas de que isto debe ter as súas raizames en herexías moi antigas. Os albixenses facían un uso semellante da dobre cruz con propósitos de curar, e os poucos que pasaron a Inglaterra continuaron o costume alí. As crenzas orientais practicáronse en Galicia moito antes de que cruzasen os Pirineos para se adentrar no sur de Francia. O máis coñecido dos heresiarcas foi Prisciliano, un nobre galego do século IV. Escritores antigos dinnos que foi erudito, elocuente, e moi versado en artes de maxia. No ano 379, Prisciliano comezou a predicar a prol do ascetismo e a atacar a conducta licenciosa do clero. Atraeu homes e mulleres ás súas ideas, e a súa fraternidade chegou a ser coñecida como “quasi abstinentes”. Baseaban o seu credo sobre varios apócrifos Actos dos Apóstolos, particularmente os de Tomás, Andrés e Xoán.

Pénsase que Prisciliano comezou a predicar dentro do circo dunha secta chamada os Agapetes. Sulpicio Severo, San Xeromo, San Isidro e o bispo Idacio, relataron que a mediados do século IV un exipcio chamado Marco de Memfis, dedicado ás artes de maxia, chegou a Galicia desde Burdeos na Aquitania. A secta “Marconiana” que fundou en Galicia, describiuna con detalle San Ireneo. Prisciliano foi un dos discípulos de Marco. Unha das prácticas desta secta consistía en estudar e atribuírlle misteriosa significancia simbólica ás letras do alfabeto grego, ás que lles deron eles certos números. Quizais a cadea de ouro inscrita con caracteres gregos e signos indescifrables que se atopou preto de Xinzo no río Limia, fose usada nos ritos dos membros desta secta, que sostiña que o mundo, casamento e nacemento eran obra do demo.

O clero chegou a se almar. No ano 380, un Concilio congregado en Zaragoza no que tomaron parte dez bispos españois e Bous da Aquitania, publicou un edicto no que se lles prohibía ás mulleres predicar, ensinar ou intervir en reunións segredas (a participación de mulleres en tales actividades era unha forma característica da secta herexe, como tivo que ser máis tarde entre os albixenses). Os priscilianistas foron excomungados, como tamén o propio Prisciliano, despois de seren acusados de crimes semellantes aos que lles atribuíron aos Cabaleiros Templarios centos de anos despois (reunións obscenas, pregar espidos, etc.). Prisciliano foi condenado a morte e decapitado, xunto con varios discípulos, incluído o poeta Latroniano.

A secta sobreviviu como unha sociedade secreta ata a invasión árabe, e probablemente despois. Da súa literatura só quedan fragmentos. Un deles, parte do “Himno de Argirio”, que foi confiado por Noso Señor aos Apóstolos segundo se alega, e dise que contén pasaxes de grande beleza.

¿Viñeron pasando duns a outros algúns dos preceptos dos “quasi abstinentes” (que lle daban moita importancia á arte de curar, que practicaban entre os aldeáns, como fixeron os albixenses) ata chegar en forma desfigurada e decadente a estes estraños “pastequeiros” ou curandeiros de Galicia, dos que se di que derivan a súa fórmula máxica, ou “conjuros”, dos escritos de San Cibrán? Que sobreviva a dobre cruz é un importante sinal...

Dona Luísa contoume que un “pastequeiro” de Sanxenxo, e non o médico de Pontevedra (“que cobrou tanto e fixo tan pouco”), curara ao seu fillo máis vello, Pedro, dun “aire de perro”. Nuns días atrás ela notara que o seu fillo máis novo, Xurxo, de tres anos e medio, estaba esluado e que lle faltaba o azo de costume. “Coido que o terei que levar á pastequeira”, díxome con ansia. Cando lle preguntei se podía acompañala, o precoz Xurxo, que estaba a escoitar a nosa conversa, decidiu a cousa, exclamando, ao tempo que se daba un lapote na súa pequena coxa a imitanza dun xesto do seu irmán maior: “¡Desde logo! A nosa señorita inglesa tamén ten que vir connosco”.

Sanxenxo, na aparencia, estaba escaso de “pastequeiros” de sona. A que iamos ver (que vivía tras do lavadeiro público onde as mulleres murmuran de todo) era unha discípula da gran “pastequeira” coñecida por “A Ciprianeira”, que finara dous meses antes en circunstancias tráxicas. A súa filla casara cun “guardia civil” e cometeran o erro de vivir xuntos na mesma casa, pero os modos imperiosos da “Ciprianeira” alporizaron de tal xeito ao seu xenro que un día, despois de se insultar mutuamente, el seguiu a escaleiras arriba deica o seu cuarto, matándoa dun tiro, e suicidándose a seguido co mesmo revólver. A súa xove esposa finou da impresión uns días máis tarde.

Fiquei completamente estarecida polo relato de Dona Luísa sobre este triple drama. “¡Que cousa máis terrible!”, exclamei cando ela rematou a historia. Dona Luísa encolleuse de ombreiros. “Nada se sabe de a onde poden conducila a unha os nervios”, comentou brevemente. En España, “os nervios” serven para explicar os pulos asasinados. “Estaba nervioso” dirán con lenidade dun asasino polo seu crime, sen outro pensamento de condena que o que terían para un cabalo desbocado. “Nervios” parece ser o equivalente latino do ben coñecido fenómeno psicolóxico oriental chamado arroutada de loucura.

A mellor “pastequeira” despois de “A Ciprianeira” emigrara a Buenos Aires había máis ou menos un ano, tras dos seus clientes máis fieis. Os galegos fóra do seu país manteñen os costumes que tiñan nel; inclúen a importación de “pastequeiras” e adiviñas, que son moi solicitadas onde queira que vaian emprender novas aventuras. A única “pastequeira” que quedou en Sanxenxo viu orixinalmente de Porto novo, e sospeito que era esta a razón principal pola que dona Luísa tiña fe nela.

Non había nada que distinguise á “pastequeira” de calquera outra aldeá galega cando se ergueu para nos saudar no seu horto de verzas. Era fea de cara cun queixo decidido e penuxento. Soamente os seus ollos eran máis mouros que o corrente. Parecía vivir do seu pequeno anaco de terra; había unha parreira sobre a entrada da casa, limoeiros e patacas no horto de atrás, verzas no da fronte, un porco corricador e un par de galiñas.

Despois de que fun presentada, entramos na casa e a “pastequeira” convidounos a sentármonos nun banco á outra banda do lume, sobre o que botou unhas poucas piñas que colleu dunha morea lelas alí preto. Dona Luísa explicoulle que ela viñera por mor do Xurxo. Xurxo sentouse teso, coas súas bochechudas pernas pendurando sobre o beiril do banco, ollando á “paste.. queira” con interese medoñento. Ela medio se volveu cara a el cando remexeu no lume de debaixo do pote, e despois achegóuselle e pasoulle as mans pola ca-

beza e ombreiros, murmurando algo inouíble. “¿Ben?”, dixo Dona Luísa interrogativamente, pois era evidente que estaba a agardar unha rápida diagnose. “Así o crín; o neno ten *un aire de morro*”, dixo a “pastequeira”, engadindo para Xurxo; “Non importa, queridiño, axiña nos libramos del”, e daquela acendeu unha vela.

¡Un “aire de morro”! A maior parte das doenzas diagnosticadas por estas curandeiras dise que son causadas por unha das danosas “correntes” dunha variedade infinita. Hai “correntes” causadas por envexa, por arañas e sacabeiras, “correntes” irradiadas por mulleres que deixaron de ser virxes, de persoas condenadas a morte, ou de almas excomungadas...; a lista é interminable, nigromántica e sinistra.

A “pastequeira” pousou a vela sobre o peitoril da fiestra e comezou a preparar a cerimonia de curación. Primeiro botou un pouco de incenso dentro dunha lata vella, mesturándoo cuns poucos grans de trigo. Noutra lata verqueu unhas pingas de auga tiente. Logo, pousando as latas e a vela no chan, sentouse nun taboleto fronte de Xurxo. “Dime o teu nome”, díxolle. “Xurxo”, borboriñou el, xuntando os seus pés e mirando un algo aprehensivo para a vela de debaixo deles. Cando a “pastequeira” tirou un coitelo do seu peto e comezou a pasalo pola chama da vela, el ergueu a ollada cara a súa nai aínda máis aprehensivo; pero Dona Luísa apertou á súa manciña e murmuroulle que non debía ter medo. A “pastequeira” ergueu uns grans de mestura de incenso e trigo na punta do coitelo, e foinos botando de vagariño sobre a chama da vela, borboriñando cando chirriscaban ao arder: “Antes que este mal sexa visto, retírese o mal e viva Xesucristo”. Esta frase, repetida tres veces, foi precedida de cada vez pola queima dun pouco máis de trigo e incenso. Agora ela tirou a dobre cruz, a famosa “Cruz de Caravaca”, e pendurouna ao redor do pescozo de Xurxo. El mirou a cruz gravemente, demasiado asustado para tocala. Despois ela puxo o extremo dunha estola de crego sobre o ombreiro do neno e o outro extremo no seu, mentres lía unhas pasaxes dun libro moi pandicado, o sonado “Ciprianeira”, unha mestura de fantásticas meiguices ou “esconxuros”. A seguido de ler no “Ciprianeira”, a “pastequeira” púxose a ler nos máis ortodoxos Evanxeos. Conforme lía en voz alta, mergullou o pequeno crucifixo dun rosario na auga bendita e fixo o sinal da Cruz tres veces sobre a cabeza e o peito de Xurxo. Dona Luísa meteulle unhas pesetas na man á “pastequeira” cando logo que a cerimonia rematou, nos acompañou ata a porta da súa pequena casa. A “pastequeira” díxonos adeus coa cabeza, introduciu con cobiza o diñeiro no seu amplo peto, e volveuse ao seu horto de coles para seguir a traballar.

Cando Dona Luísa entrou no meu cuarto á mañá seguinte cun caldeiro de auga fresca da fonte, informoume con ledicia que Xurxo xa estaba moito mellor. Máis tarde, en Pontevedra, atopeime cun médico, o Doutor Lis Quibén, que fixo un estudio especial dos “pastequeiros” e escribiu un fascinador libro sobre *Medicina popular en Galicia*. Pregunteille se me podía axenciar unha “Cruz de Caravaca”, pero malia aos seus coñecementos e contactos con persoas que frecuentaban circos esotéricos, non puidera obter para el unha do arsenal celosamente gardado polos “pastequeiros”.

O “Alcántara” atracou en Vigo antes das nove da mañá. Non lle foi permitido a ninguén desembarcar, pois un garda civil groso e solícito vixiaba a entrada desde o peirao para evitar que alguén pasa-

se. Batín con forza na porta da outra banda que conduce ao alboio da Alfándega, ata que o garda civil a abriu. Asomou a cabeza e berrou: “Vostede non pode entrar aínda”. “¡Pois teño que o facer!”, respondínlle berrando tamén, antes de que tivese tempo de pechar a porta de novo. “O meu prometido, que vén de Londres, está a bordo do “Alcántara” e non nos vimos desde hai dous meses”. O garda civil sorriu con simpatía e dubidou, mantendo a porta entreaberta. “dous meses son moito tempo para estar afastada do seu noivo”, díxome, “pero vexa que non se me permite realmente deixar pasar a ninguén ata...; a ver, amóseme o seu pasaporte”. Colleuno da miña man finxindo unha severidade oficial, pechou a porta,olveuna a abrir de novo, confrontou a fotografía do pasaporte coa miña cara, non fixo caso da falta de semellanza entre as dúas, e despois, atentamente, deixoume pasar.

Albisquei axiña a Roberto entre os pasaxeiros que se apoiaban na baranda ollando á miña illada figura achegarse ao buque. Tan axiña como entrei na pasarela, o loiro oficial de mariña inglés que estaba arriba inclinouse e berrou rapidamente: “Sinto non lle poder permitir que suba a bordo”. Eu non podía apelar, para me dirixir a el, aos mesmos termos que empregara tan felizmente para amolecer ao sentimental garda civil español. “¡Ouh, querido!”, exclamei docemente. Roberto achegouse; démonos un apertón de mans sobre a baranda do buque, e trocamos olladas anguriosas de agarimo frustrado. Con gozosa sorpresa para min, o loiro oficial inglés atariñou, sentíndose emocionado. Era realmente humano. “Está ben, suba entón, xa que está aquí, achéguese á baranda”, dixo desanoucrado.

Tivemos tempo sobrado para disfrutar dun almorzo de pan-ciños e manteiga e grandes cuncas de café na sollosa terraza do Café Universal antes de coller o autobús especial que circula a diario entre Vigo e A Toxa, pasando por Pontevedra. Este proveitoso autobús para fronte aos peiraos tódalas mañás ás once, e leva viaxeiros para A Toxa, tanto ao Gran Hotel, de primeira clase, como ao Hotel Pabellón, de segunda, e a unha humilde “fonda” na vila do Grove. A viaxe dura hora e media, así que se pode chegar ao hotel con tempo para xantar.

Ata os derradeiros anos do século XIX, a pequena illa da Toxa e os seus agora sonados manantíos de lama, era estéril e estaba deshabitada. Foi descuberta ao mundo por un humilde burro. Un matrimonio aldeán do Grove, que tiña un burro que se volvera vello de máis para ser dalgunha utilidade, decidiu levar o animal nun bote e deixalo alí para que rematase os seus días en paz. Pasado un ano, a curiosidade levounos a visitar a illa de novo para ver o que fora do animal ou dos seus ósos.

Con grande asombro, atopárono non só vivo senón máis xurrido e ao parecer máis novo que cando eles o levaran. Tamén a súa pelamia se atopaba nas mellores condicións, inda que eles non notaron isto de primeiras por estar todo cuberto dun barro vermello. A historia non nos di se os aldeáns lle permitiron ao burro seguir vagando ceibemente pola illa, ou se o levaron outravolta ao Grove para que traballase algúns anos máis. Coido que unha pode presumir o último, pois os aldeáns polo xeral non son de corazón moi tenro para os animais.

O conto espáreseuse e por un casual foi parar a ouvidos dalgunhas persoas emprendedoras que mandaron analizar o barro verme-

llo. Viuse que tiña efectos extraordinariamente benéficos para a pel humana. Construíuse de contado un establecemento termal para o tratamento de doenzas da pel, seguido dunha fábrica que hoxe mesmo fai o xabón da Toxa, tirado da lama curativa. Máis tarde averiguouse que a lama era radiactiva, e a fábrica, ademais do xabón, elaborou unha clase de cosméticos que conteñen un tanto por cento de lama da Toxa. Os benéficos manantíos quentes atópanse en certos puntos afora no mar; a auga sae dunha fenda nos penedos profundos embaixo da tona do fondo do mar. A trincheira de argamasa na auga fronte da fábrica é en realidade un pozo. Hai tres pozos traballando na actualidade. Os produtos da Toxa son exportados fóra de España e fabricados co permiso correspondente en varios países sudamericanos. (O competente director técnico da fábrica da Toxa é un austríaco, o Dr. Pfaff, que leva no cargo vinte anos).

Os dous hotéis da illa pertencen á compañía propietaria da fábrica. Este edificio é tan discreto que a súa presenza a penas se nota. A súa única cheminea non sobresa dos altos piñeiros que a rodean, e a sirena chamando aos obreiros (a maior parte mulleres do Grove) ás sete e media da mañá só amola aos que teñen o cono lixeiro. ¿Quen, de tódolos xeitos, é o que quere estar durmido a esta fermosa hora cando a ría, ollada desde o balcón do hotel, é un centileo dun rosa lourido, púrpura suave e amarelo igual que o interior dunha ostra, e na que se dexergan pequenas botes de pesca con grandes velas brancas que como plumas xigantes escorregan lenemente sobre a mar cristalina? Cantas veces observei o seu avanzar silandeiro e cheo de maxestade, e pregunteime se non estaría ollando as fantasmas dos barcos antigos desde afastadas oreas: o barco que da Palestina traía o corpo de Santiago para Iria Flavia, as longas e sinistras embarcacións dos vikingos feitas para a destrución, e pequenas naos que desde Inglaterra traían peregrinos a Padrón.

A Toxa foi frecuentada por viaxeiros ingleses a comezos deste século (eran días aqueles nos que o hotel tiña un casino e se erguían sobre el torres mouriscas); desde entón, por mor da falta de publicidade, foi esquecida. Soamente agarda ser descuberta de novo, porque A Toxa é unha das máis feiticeiras pequenas illas de Europa.

Pese a toda información que me deran en contra, o Gran Hotel non era moi rigoroso. O traxe de noite só se usaba en noites de gala, e ninguén estaba obrigado ás regulacións estrictas do baño correntes nas praias “de moda”. Eramos libres de facer mesmamente o que nos dese a gana. Case tódolos hóspedes eran sudamericanos, con grandes automóviles, que estaban a dar unha volta por Galicia e viñeran á Toxa para uns días de descanso, ou empregaban a illa como base para as súas excursións. Non obstante, aínda sen automóbil, pódese ollar moito dos arredores, pois hai autobuses diarios desde A Toxa aos principais lugares de interese (Cambados, Vilagarcía, Padrón, Santiago e Pontevedra), así como tamén excursións en lancha e fermosos paseos polos outeiros de terra firme.

Eu tivera medo de que A Toxa estivese chea de xente en agosto, con visitantes elegantes no hotel e con non tan elegantes excursionistas procedentes de Pontevedra e Vigo nas fins de semana; pero o Gran Hotel nunca se enchía, e a penas se vían nas praias algúns hóspedes. Preferían usar a piscina do hotel, ao aire libre, á outra banda da badía, que, co seu bar e terraza con hamacas, viña ser unha copia da cuberta de deportes dun barco de Tiña. Isto deixaba ás praias do

redor da illa libres de cheo para os que preferían disfrutar de natureza sen adulterar. En plena tempada, nunca contei máis dunha ducia de persoas en cada praia.

Tódolos días viñan do Grove algúns excursionistas en vacacións, e nos domingos aparecían dous ou tres ómnibus cargados de turistas, pero eran gregarios e limitábanse a ocupar os piñeirais e praias situados a unhas iardas da ponte. Como os españois son demasiado preguiceiros para camiñar, atopaban máis alá das súas forzas chegar ata a extremidade da illa; esta estaba, polo tanto, case sempre soiodosa, agás pola mañá cedo cando pescadores de cangrexos se metían nas pozas pouco profundas, e mulleres vestidas de negro collían piñas baixo as árbores.

Coa marea moi baixa revelábase un mundo novo entre os penedos, poboado por grandes estrelas de mar douradas e medusas con franxas carmesí movéndose con suave ritmo como o latexar dun corazón e arrastrando longos e húmidos veos tras delas igual que amarras soltas. Había tamén asustados cangrexos verdes con capadoiras cor de anil e ollos vermellos; grupos de ledas tremelantes anémonas de mar e transparentes criaturas de cor de xade vivindo entre oucas de cor laranxa e brillantes cristais negros, lucios, anguías e colonias de barulleiros cangrexos ermitáns sempre ocupados en frenéticas mudanzas dunha cuncha a outra. Pasamos horas entusiasmados remexendo nos pelouros, descubriendo sempre unha nova marabilla da creación. Ao fondo, os piñeirais estaban cheos de chíos de paxaros, e as bolboretas con alas atrás pasaban voando satisfeitas, como se soubesen dos seus milleiros de anos de adianto sobre os últimos deseños de avión.

Podíamos ir en bote a pescar se o desexasemos, tamén xogar ao tenis e ao golf, pero nunca tivemos tempo para llo dedicar a esas cousas. A contemplación das “rías” era moi absorbente. Case chegamos a crer na historia do que lle ocorrera a San Ero, que noutroira vivira á outra banda da auga no mosteiro bieito de Armenteira. El estaba cismante polas teorías do tempo e da inmortalidade, e pasaba as horas vagando e matinando nos xardíns do mosteiro. Un día foi interrompido nas súas matinalidades polo canto dun paxaro que se pousou sobre o seu ombreiro, quizais tomándoo por unha árbore na súa inmovilidade contemplativa. O monxe sentiuse transportado pola harmonía do canto ás esferas sen lindeiros do que el estivera reflexionando; cando voltou ao mosteiro o sol xa se puxera e a porta principal estaba pecha. Un monxe estraño veu a lle abrir a porta e preguntoulle que quería. San Ero, aglaiado, díxolle o seu nome. Ninguén parecía lembralo. Entrou no refectorio; tódalas facianas eran novas e mirárono con estrañeza. Logo o arquiteiro do mosteiro lembrou que lera nalgunha parte dos anais que un monxe chamado Ero abandonara o mosteiro nunca tarde de verán e que xamais volvera, nin nunca se soubo máis del. Isto ocorrera había máis de douscentos anos! Tanto a historia de San Ero como a lenda máis antiga do río Limia, tomado polo Leteo, son expresións desa estraña sensación de se esquecer do tempo e dunha mesma que se alenta en toda Galicia.

Unha está suxeita a este desleixado sentimento de se esquecer do tempo, e á influencia das memorias herdadas naqueles países polos que pasaron os pobos megalíticos, como se algo da súa antiga feiticaría quedase para atormentar e conturbar ás xeracións fu-

turas. Galicia é unha ponte cun arco incompleto en espacio e tempo, e este descoñecido alén produce un estraño desacougo na súa xente; un desacougo que non poden eludir aínda aqueles que, abandonando o seu país, viven no ultramar. Rosalía de Castro tiña razón: Unha “negra sombra” axéxaos arreo detrás. Quizais é máis presenza que sombra, e isto é probablemente o que os galegos queren dicir cando tencionan definir as súas natais “saudades” e “morriña”, para as cales non hai palabras na lingua castelá, e sobre as que os mesmos galegos escribiron libros sen podelas explicar nunca satisfactoriamente. Angustia e ansiedade, unha sensación de cousa non realizada, algo como estar prisioneira dentro dunha mesma. Todo isto entra no estado emocional da “saudade”, que ninguén pode comprender a menos que o teña experimentado no máis recóndito do corazón.

Sáímos para Armenteira nunha desas mañás míticas cando a “ría” semellaba un enorme espello rosado e os dentados montes da outra banda asomaban sobre a quente neboíña, igual que un espellismo de castelos de cruzados. As ruínas de Armenteira atópanse detrás dun deses montes, nunha groba invisible desde a costa. Unha estrada rural de moitas curvas conduce alí, pasando por piñeirais e calveiras illados. As casas de labranza que se atopan no camiño estaban coidadas e limpas, pero os aldeáns eran tristoños. tiñan un xeito desconcertante de responder “adiós” aos nosos “buenos días”, e “buenos días” cando dicíamos “adiós”. Algúns soamente borboreaban “buenas”, e outros limitábanse a mirar sen dicir nada.

Agardábanos atopámonos de fronte co mosteiro en ruínas desde calquera altorelo ao extremo dunha curva da estrada, pero batemos con el no fondo dun estreito val onde estaba medio agachado tras dunha alta parede e ergueitos álamos. Hai tan pouco espacio para o xardín que a metade del gabea pola fragosa conga do monte. Hoxe soamente é un espacio baleiro cercado de parede. Unha arcada de estilo renacemento conduce a unha praciña cuberta de herba e chea de laranxeiras e magnolias. A austera fachada do mosteiro, fundado no 1137, está enfronte, gris e fea, só adobiada imprevisiblemente coa insignia da Orde bieita; mentres á esquerda se ergue a igrexa do convento coa súa incomparable fachada e as súas fiestras románicas, únicas, que din que foron influenciadas por artífices árabes.

Agardei case dúas horas para que o sol lle dese de cheo a todo, facendo resaltar as súas airosas proporcións e a delicadeza dos debuxos de flores esculpidos no tosco granito. Para ollar esta alfaia merece a pena viaxar moitas millas. Non hai nada que se lle poida comparar en ningunha outra parte de Galicia.

Refrescámonos con viño branco fresco e mercamos froita nunha tenda fóra do mosteiro, antes de procurar un lugar ensombrizado baixo os carballos onde poder xantar a comida que traíamos empaquetada do hotel, e deixar decorrer o tempo ata que a forza do sol mingua para poder facer de a pé, sen molestias, as dez millas de regreso ata a estrada principal ao longo da ría, onde colleríamos ás oito o último autobús para A Toxa. Tiñamos demasiada preguiza para subir ata a aldea de Armenteira, empoleirada media milla máis arriba sobre o mosteiro. Parecía unha aldea vulgar e sobre todo calorosa e sen árbores. “El sol apertaba”, como din os españois; unha frase feliz, pois en efecto faille a unha sentirse apertada ata saírnos toda a humidade do corpo.

Frecuentemente, cando estabamos estomballados ao sol na praia fronte ao Monte Barbanza, podíamos ouvir o costumado cha-cha da pequena lancha motora que cruza entre A Toxa e Cambados catro ou cinco veces ao día, acompañada pola tonada dunha cantiga. A xente da Ría de Arousa é amante da música, e conta arreo con cancións novas feitas para ela por Francisco Caneda, o pescador que dirixe o coro do Grove e que, cun grupo de colegas, pasa a tempada de verán levando veraneantes a pasear en bote a vela. Había unha taberna para eles nos sotos do Gran Hotel, onde rexistramos en cinta magnetofónica algunhas das súas máis belas melodías mentres bebíamos unha xerra de viño branco.

Arriba, os clientes do Gran Hotel estaban ocupados en se poñer os seus traxes de etiqueta; embaixo, na taberna chea de fume, os seus choferes xuntábanse para escoitar a unha ducia de rudos pescadores de tódalas idades sentados ao redor de Caneda, que os dirixía con arte xenuína e delicadeza de sentimento. Ata entón só escoitáramos aos pescadores berrar uns aos outros entre o desembarcadiro e a “ría”, tan forte que nos víramos obrigados a pedir habitacións á outra banda do hotel. Xamais imaxinamos que puideran baixar as súa voces ata un murmurio musical cando querían, e cantar con tal sentimento: ledamente, “A Virxe de Guadalupe”; sentimentalmente, a súa versión da pequena cantiga de amor “Ve-la aí vai”; ou garatuxando como en “Rollos do Grove”, unha canción sobre eles mesmos ao pescar a sardiña, composta por Caneda.

Cambados está tan preto de A Toxa, que cando a marea está baixa e os bancos de area aparecen por toda a ría unha pode ouvir as voces dos que andan en Cambados á procura de mariscos, mesturadas co son temesiño das campás da igrexa ao fondo.

A fidalguía viviu nun tempo en Cambados, no Pazo de Vimianzo, un dos máis fermosos pazos de Galicia. Os terreos da igrexa que se ergue fronte do pazo están cercados por unha alta muralla, enriba da cal hai unha fileira de singulares estatuas de granito de calvos guerreiros de queixo cadrado, cada un cunha moca enorme. Estes anchos torsos atléticos lémbrenme os exemplares de escultores da Idade de Bronce que se conservan no Museo de Ourense. Cambados é tamén o lugar de nacemento do famoso poeta Ramón Cabanillas, que agora vive en Pontevedra. Cada “ría” ten o seu poeta.

En Cambados organízanse ás veces excursións pola ría deica Rianxo, deica Vilagarcía, onde antes da guerra soían reunirse tódolos anos os buques da armada; e deica a illa de Arousa, no medio da ría, os habitantes da cal están só dedicados á fabricación de pescado en conserva. As moreas de cunchas baleiras polas praias e ao redor das pequenas casas, proporcionaríalles, sen dúbida, fascinante material aos futuros etnógrafos.

Cando nós visitamos a illa só se estaban a enlatar “alcriques” unha especie de sardiña que se exporta a América en grandes latas. A meirande parte do traballo facíanlo mulleres baixo o mando dun capataz. O pescado agrupábase segundo tamaño, e colocábase descabezado sobre rellíñas de aramio coas colas saíntes. Cada cinco minutos pasaba por fronte das rellíñas unha nena duns dez anos, cunha mazá que andaba a comer nunha man, e coa outra cortando as colas do peixe cunhas pequenas tesouras enferruxadas.

Non hai nada que facer na illa de Arousa despois de ollar as fábricas de conservas de peixe, así que nos metimos nun café do porto

ata a hora de coller a lancha para voltar á Toxa; alí pedimos a nosa bebida favorita: “limón natural”. O café estaba cheo de pescadores matando o tempo ata o momento de saír ao mar de novo; algúns xogaban ás cartas na mesa máis achegada á nosa cunha baralla española. Ninguén parecía decatarse da nosa presenza, pero cando a que atendía o café nos trouxo unha botella de amarelo xarope de limón en troque de limóns frescos, ata os xogadores interromperon o seu xogo para se unir ao brado rechineiro que saíu de tódolos recantos do café: “¡Pedíronche limón natural, non esa droga sintética! ¿Non sabes o che significa iso, muller? ¡Queren zume real de limón!”. Botámonos atrás nos nosos asentos e agardamos con calma a que a batalla a fixesen e a gañasen para nós os nativos. Este típico interese polos asuntos dunha é as veces un pouco desconcertante. Nunha ocasión, cando estabamos sentados na terraza dun café no Grove e dubidabamos o que pedir, fixéronsenos de contado varias suxestións polos ocupantes das mesas veciñas. “Tomen cervexa”, dixo un; “non, non, o café é o mellor a esta hora do día”, dixo outro; mentres que un terceiro saíu con: “nada pode competir cun vaso de viño branco”. Nos ateigados autobuses non resulta cousa estraña que as viaxeiras que teñen que ir de pé pousen os seus avultados paquetes sobre o colo das que tiveron a sorte de se poder sentar. ¡Que rechineiras causarían isto nun autobús inglés!

Polo regular pasabamos a ponte para ir ao Grove a tomar o noso chocolate con “churros” de media mañá. O chocolate servíanlo abondo mesto como para soste a culler dereita; os churros están feitos dunha masa dura fritida en aceite e borrifados con azucre. Nunca se ollan despois das once da mañá, e véndense, polo xeral, envoltos en papel de xornal despois de saír chirricando da tixola, aos viaxeiros atecidos dos coches de madrugada; así que o estridente berro de “¡Churros! ¡Churros calentitos!” asóciase na miña mente coa lembranza dos fríos amencerer nas sombrizas cidades catedralicias, rodeadas polas siluetas puntiagudas de pináculos, torres e altas cruces de pedra.

O Grove é grande e próspero, e moi provisto de “fondas” onde por doce chelíns diarios pódese xantarse moito máis marisco que no Gran Hotel da Toxa por catro veces ese diñeiro. A atmosfera e os arredores son menos pintorescos que os da Toxa; pero a principal obxección a estas “fondas” é menos de carácter social ou de prexuízo de clase económica que de sensibilidade de tímpano, un órgano dun espesor que parece ser maior entre as masas. Falando claro, as “fondas” do Grove son endiañadamente ruidosas, e a xente gusta de máis de elevar o ton da radio, o que non lles praxe aos que gustan da tranquilidade. Descubrimos que escoitan regularmente a B.B.C. nun programa en español, e quedaron encantados de que recollesemos material en cinta magnetofónica, tan axiña como se decataron de que podía ser empregado nos programas da B.B.C. No mercado de peixe, por onde andamos recollendo ruidos e “efectos” de fondo, íamos precedidos por unha voluntaria “mestra de cerimoniais” chamada Maruxa, que máis ben estragou a atmosfera espontánea que procurabamos, ao berrar a intervalos regulares cando pasabamos por entre as fileiras de peixeiras: “¡Falade alto, rapazas! É para a B.B.C. de Londres. O resultado inmediato desta advertencia era reducir ás peixeiras a un respectuoso silencio de aglaio. Despois do mercado de peixe, Maruxa conduciunos ao obradoiro dunha mo-

dista na parte vella da vila, onde meteu a cabeza impetuosamente a través da fiestra, dicindo: “Tedes que cantar todas...ié para a radio inglesa!”.

Non hai ningunha praia preto do promontorio penedoso do Grove; só dúas pequenas calas cheas de gamelas de pesca que botaban un cheiro moi forte, e con casas na beira construídas sobre penedos bañados polas vagas na marea alta; pero unha milla máis alá da vila hai unha magnífica costa areosa con campos de herba que chegan ao pé do mar. Aquí, por algunha razón misteriosa, as praias están cheas de ourizos secos con debuxos moi suaves, e brillantes caparazóns de delicadas arañas de mar; os martirios peixeiros brillan entre a ribeira e o monte, e hai covas cubertas onde unha pode bañarse sen que ninguén a amole, agás pola chegada dun estraño carro de bois conducido por un aldeán de faciana marcada polas inclemencias do tempo, que vén recoller oucas para empregalas como esterco. Nun día claro vostede pode albiscar ata as Cíes na entrada da badía de Vigo.

Hai só outro recanto habitado nesta retorta península: a vila de San Vicente, ao norte do Grove, coa súa capela construída nun pendo cara ao mar. No campo de fronte a esta capela érguese unha singular cruz de pedra na que un anxo recolle nun caliz o sangue da ferida do costado do Cristo crucificado. Eu vira isto representado pictoricamente, pero nunca esculpido nun cruceiro. O monte onde está a capela amósase totalmente cuberto de lousas sepulcrais colocadas en forma de abano e tocándose unhas coas outras, así que non hai lugar pera que nin a herba poida medrar entre elas.

Se unha segue a andar en dirección noroeste, alén de San Vicente, completa o circo ao chegar á praia da Lanzada no istmo da península. O trinta de agosto de cada ano celébrase aquí unha festa moi orixinal, da cal fumos informados, afortunadamente, pola nosa amiga Maruxa, a peixeira do Grove.

Desde a mañá cedo pode ollarse como vai chegando á Lanzada unha moitedume de pescadores e familiares, coas súas cestas con merendas e cabazos de viño apiados na cabeza, en carros de bois rodeados de sandías, en camións correntes, ou por mar nos seus botes de pesca. Como na maior parte das festas, a igrexa uniuna cun servizo relixioso, e un sentido de dignidade e decoro preside tódolos divertimentos. A misa celébrase na capela da Lanzada, construída no cotarelo penedoso sobre o Atlántico, entre as ruínas dunha torre vixía (unha das varias ergueitas contra os vikingos e os mouros polo arcebispo Xelmírez, de Santiago). Pero o rito antigo, moito máis antigo que a institución da misa, que é a real “raison d’être” da festa, ten lugar cando a marea está enchendo. É un momento no que as mulleres que desexan ter fillos se botan ás escumosas ondas, agáchanse para mollar de auga salgada as súas roupas interiores, e báñanse ritualmente en cada unha das nove ondas que entran, unha por cada mes de xestación. A maior parte desas mulleres probablemente non toman outro baño en todo o ano. Poucas posúen traxes de baño, así que o fan coas súas camisas. Os homes agardan xuntos, en discretos grupos, no distante extremo da praia, mentres as súas mulleres están empeñadas na cerimonia de fertilidade.

O mar parecía moi frío ás oito da mañá cando camiñabamos ao longo da orella cara a capela, aínda que algunhas das mulleres foran abondo valentes para se bañar durante a noite á luz da lúa, duran-

te a anterior entrada da marea. Nós atopámonos co crego no camiño. Levaba un parasol branco e facía frecuentes paradas para lles botar unha irónica ollada cara atrás ás bañistas.

O promontorio onde está a capela case non ten espacio dabondo para conter aos romeiros, os postos de viño, os vendedores de roscas cubertos con azucre escarchado, e ringleiras de mendicantes profesionais que seguen a estrada da peregrinaxe como medio de se gañar a vida.

Recoñecemos a varios mendicantes de festas anteriores ás que assistiramos. Un dos máis chocantes entre eles sempre adoitaba a mesma dramática pose que lle daba moi bo resultado: Era un home de media idade de vermello bigote caído; a maior parte da súa cara estaba na sombra por mor dun sombreiro de anchas alas que unha vez fora negro, e agora verde polo tempo; e o seu corpo cuberto de pés a cabeza por unha grosa capa escura de la. Xacía tendido todo ao longo no chan, a súa cabeza sobre a man; aparentemente preparado para finar en calquera momento. Aos seus pés un gran certificado médico posto nun cadro, no que se dicía que Don Carlos Xavier sufría avanzada tise nos dous pulmóns. (Este certificado puido lle pertencer doadamente a algún outro. Quizais o verdadeiro Don Carlos -Deus o teña na gloria- finara había anos e a súa viúva gañou unhas pesetas vendéndolle o certificado a este mendicante). Unha muller, probablemente a súa esposa, estaba de pe no carreiro que conducía á capela, convidando a tódolos que viñan á festa a acorrer ao doente e necesitado.

Axiña as agudas notas da “gaita” escoitáronse arriba no monte acompañada por tamboriles e pandeiretas, pois en Galicia a gaita rara vez é tocada soa; e unha parella de idade botouse ao pequeno “verde” fronte á capela, coa axilidade dos vinte anos, para bailar a tradicional “muiñeira”, o máis popular de tódolos bailes galegos. Trátase dun baile no que o home ten que facer os máis revesgados pasos brincando cara a atrás e adiante e ao redor da súa parella, que baila repousadamente mirando cara ao chan, como se fai tan a miúdo nas danzas orientais. Aquí a muller adoita unha actitude que é todo o contrario do apaixonado “flamenco” do sur de España; na “muiñeira” ela mantense temesiña e modesta durante todo o baile; só ao home lle é permitido amosar a súa paixón e a impaciencia do seu desexo.

Da capela saíu correndo un neno de coro tanguendo unha campaña para anunciar que a misa ía comezar. Unha banda de música composta por instrumentos de vento e formada por seis homes de uniforme azul escuro, dirixíase a tocar sambas nunha plataforma de madeira construída especialmente fronte á capela; mentres, abaixo, na praia, estaban agora bañándose e batuxando por divertimento, en particular os nenos. Ata a parva do lugar viu á festa. O seu vestido era todo farrapos e daba esbrinzos nas ondas como se fose unha serea tola, mentres a xente se xuntaba a seu redor para borrarla como burla e empurrala cara ás ondas.

O baile seguiu ata tarde e a festa rematou nas primeiras horas do amencer cos estrondosos estoupidos dos fogos artificiais, pois ningunha festa se celebra sen elas.

Mesmo o santo patrón da Toxa, un escuro santo con nome de San Caralampio, que non parece cristián (ninguén se atreveu a lle dar ese nome a ningún dos fillos), participou ultimamente dunha de-

voción espontánea, e ouvimos entrar e saír xente durante toda a noite na pequena igrexa da illa dedicada a el. De seguro viñera desde A Lanzada, rezando, en procesión, como é costume dos peregrinos. É un engaiolador e emocionante costume. Ninguén quere deixar a ningún santo sen que comparta a xeral ledicia, así que tódolos santos “agardan visita”. ¡Que confidencias teñen que recibir! Pareceume que San Caralampio tiña o rostro un algo máis malicioso que de costume cando o ollei á mañá seguinte. El estaba tamén un pouco esluado, pero iso podía deberse ao exceso de luz das velas que aínda ardían brillantemente do seu redor. Dous días máis tarde, Marín celebrou a súa festa, e tres días despois desta tivo lugar a de Vilagarcía. Era evidente, polo ruído, que cada unha destas vilas desexaba sobrepozar á outra no esplendor e duración dos seus fogos artificiais.

O mosteiro de Poio, preto de Combarro no val embaixo do Monte Castrove, é sonado pola “Salve Sabatina” que se canta na igrexa do convento tódolos sábados ás sete do serán; e gracias ao Dr. Lis Quibén, de Pontevedra, que nos presentou ao prior, concedéunos permiso para rexistrar este canto que se veu cantando sempre aquí desde o século XIII.

San Xoán de Poio construíuse para os frailes bieitos, e dise que foi fundado por San Fructuoso de León no século VI. O primeiro documento relativo ao mosteiro data do ano 940, cando un cabaieiro chamado Tello Aspis e a súa irmá Bratania (unha imaxinaa baruda e con tipo de matroa) doaron a súa facenda ao mosteiro. No século XVI, o mosteiro de Poio era o máis rico de Galicia, despois dos de Oseira e Celanova; e ata a desamortización española dos mosteiros, no século XIX, considerábase como un dos máis importantes colexios de teoloxía na rexión. Os dous famosos historiadores galegos, Frei Benito Jerónimo Feijóo e Martín Sarmiento, ensinaron alí.

O abandonado mosteiro converteuse nun pardiñeiro despois da disolución das Ordes relixiosas, e cando a dos Mercedarios se fixo cargo del no 1891 atopouse con que cumprían anos de traballo antes de que, despois de restaurada, chegase a ser só unha semblanza do que fora a súa grandeza.

Esta Orde fundouna no 1218 San Pedro Nolasco de Languedoc, na catedral de Barcelona, perante Xaime rei de Aragón, e chamouse da Mercé porque o seu obxectivo orixinal era o de rescatar cristiáns que estaban en poder dos mouros. Desde aquela levan un hábito branco co distintivo do antigo escudo dos Condes de Barcelona, cruz de prata en campo vermello, a insignia da Igrexa na que se fundou a Orde. Agora é unha Orde misioneira que tamén se dedica ao ensino. Moitos monxes de Poio contribuíron á evanxelización do Perú, Chile, Bolivia e Venezuela.

O mosteiro ten enfronte a Ría de Pontevedra e a illiña cónica de Tambo, refuxio nun tempo do santo ermitán Autberto, bispo de Braga, que foi perseguido polo feroz Requila, rei dos suevos, no ano 530, e a quen se lle apareceu o Arcanxo San Miguel, convidándoo a se retirar a Tambo. O 17 de outubro é o aniversario da data da aparición, cando as augas da “ría”, como unha gracia, soían dividirse para que os peregrinos puidesen ir andando ata o mosteiro de San Miguel de Tambo, sen ter que se mollar os pés.

Cando Sir Francis Drake desembarcou en Tambo no 1589, os seus homes destruíron o mosteiro ata os cimentos; non obstante,

eles só declararon que guindaron ao mar unha imaxe de Nosa Señora da Gracia que era particularmente venerada na igrexa da illa. A imaxe aboioi sobre as augas e chegou casualmente a Combarro. Agora pódese ollar na encantadora capeliña chamada a “Ermida de Nosa Señora da Gracia”, nos campos preto de Poio.

A máis sonada lenda de Poio ten relación con Santa Trahamunda, que foi abadesa dun convento veciño no século VIII ou XI (a tradición non sabe por cal se decidir), aínda que a lousa de granito da súa campa nunha das capelas da igrexa de Poio, armada cunha grande cruz visigótica esculpida, sinala a primeira data.

Santa Trahamunda foi levada a Córdoba polo invasor mouro Hassan ben Malik, onde permaneceu prisioneira durante once anos. Unha entardecida, antes da festa de San Xoán, ouviu a chamada do muecín aos musulimes para pregar na gran mezquita, seguida de contado polo son de tambores, trompetas e claríns tocados pola comunidade cristiá, que se preparaba para celebrar a festividade do Santo. (Isto parece demostrar, incidentalmente, que había certa tolerancia na cidade). Volvendo tristeira á súa cela, a Santa, con bágoas nos ollos, exclamou: “Deus querido, que ditosos son os que poden celebrar a festividade do bendito Bautista no seu santuario de Poio en Galicia!”. A penas saldadas estas palabras da súa boca, unha lúa brillante alumou a cela e aparecéuselle un anxo para lle anunciar que, se quería, podía estar en Poio pola mañá.

Santa Trahamunda sentouse sobre o seu manto, sostendo unha folla de palma na man dereita, e viuse erguer paseniñamente cara ao ceo entre “bandas de querubíns cantando a toda clase de anxos menores”. Na mañá seguinte os peregrinos que ían a Poio atopáronse axeonllada ao pé do cruceiro fronte á igrexa, e entrou con eles a ouvir misa. Todos a recoñeceron pese á súa longa ausencia, pero nunha lenda permite ao heroe ou heroína dun milagre sobrevivilo por moito tempo; e dise así que Santa Trahamunda finou poucos días máis tarde, no seu propio convento, rodeada das súas monxas. Desde esa época a Orde de San Bieito engadiu a palma de Santa Trahamunda, ao león e o castelo do escudo no seu mosteiro de Poio. O poeta don Ramón Cabanillas suxeriu que Santa Trahamunda debería ser nomeada patroa das forzas aéreas españolas; outros teñen indicado que debería ser a patroa dos emigrantes galegos a alén-mar. No entanto tense por avogada dos xordos e dos que sofren doenzas do ouvido.

A fachada do mosteiro, do século XVI, é dun rigoroso estilo renacemento, con estatua de San Bieito sobre a entrada e o escudo de Poio á súa beira. Cando unha tira da longa corda que pendura da parede tras do pórtico, a fiestra de enriba ábrese tan rapidamente, que unha medio agarda que unha figura do reloxo Nuremberg se asome de súpeto a ela; non obstante, en troque disto, un anxelical postulante saca sobre o balcón a súa faciana bochechuda e rosa para averiguar o que unha desexa. Uns segundos máis tarde volve a aparecer de novo, desta vez embaixo na porta, para conducir ao visitante á sala de espera, onde se senta e agarda polo padre prior.

Soamente unhas poucas pedras quedan da igrexa orixinal do século XII. O edificio presente está construído ao estilo clásico de fins do século XVII, e o seu alto interior é sobrio e impresionante. O sitio da honra no coro ocúpao unha imaxe da Nosa Señora, diante da cal se inclinan tódolos monxes cando entran e saen da igrexa, da-

cordo cunha tradición da Orde que arrinca da data na que o seu fundador, San Pedro Nolasco, quedou durmido e despertou tarde, sobresaltado, para asistir aos maitíns. Cando chegou ao coro atopouse con que tódolos asentos estaban ocupados por anxos, presididos por Nosa Señora da Mercé que estaba sentada no centro. Como non había asento baleiro agás o que estaba á dereita dela, San Pedro Nolasco viuse obrigado a se sentar alí; e sempre, desde aquela, a imaxe de Nosa Señora seguiu ocupando este alto posto, mentres que o prior da Orde séntase á dereita.

A oración da “Salve Regina” dise que a compuxo no século X un bispo de Compostela, San Pedro Mezonzo, e resulta particularmente emocionante ouvila cantar no país de orixe, no solpor, na suave atmosfera das incomparables “rias”. Os monxes vestidos de branco entran silandeiros, de dous en dous, polas portas dos lados do altar maior ata que toda a igrexa semella estar chea dunha hoste anxelical. Cada un leva unha vela acesa. Permanecen de pé cara ao altar, á beira dos bancos cheos de fieis, que parecen ignorar a súa presenza, e logo comezan a entoar a “Salve”. A melodía é grave e acougada; ten as amplas proporcións e harmonía sinxela dunha fachada románica. Ao rematar, os monxes avantan paseniñamente cara ao altar, levando aínda as súas velas en alto, ata desaparecer tras del, de dous en dous, deixando aos profanos na escura igrexa co seu mundo boureante e o perseguimento dos seus fins.

As belezas de Padrón, ao fondo da Ría de Arousa, foron cantadas tan elocuentemente por Rosalía de Castro que a miña reacción ao ollalo foi de profundo chasco. O porto onde desembarcaron os discípulos que levaban o corpo de Santiago, a vila onde finou Rosalía tiña que ser (sentírao eu así) fóra do corrente. ¡Ai!... é desagradable e trivial; o tren pasa de cotío, e sen lle dar importancia, perante a humilde casa de Rosalía, feos e edificios modernos xurdiron a ambos lados dela; e aínda que o histórico río Ulla mencionado por Plinio segue a decorrer entre limoeiros, o escudo da cidade representa aínda un barco co corpo do Apóstolo e os dous discípulos, un na proa e o outro na popa; baixo o altar maior da Colexiata de Iria pódese ollar o penedo que, segundo se supón, serviulle aos discípulos para amarrar o barco á súa chegada de Palestina. Preto da igrexa está a beira do río á que aqueles atracaron, chamada a “Barca” en memoria dese suceso. No declive da montaña da outra banda está a lomba na que unha capela sinala o lugar onde se di que predicou Santiago. A só unha milla ao sueste de Padrón está o Convento de San Antonio de Herbón, un mosteiro franciscano a onde se retirou na súa vellez o escritor e poeta Rodríguez del Padrón; mesmo o fabuloso Macías, o “poeta do amor verdadeiro”, naceu preto de Padrón, pero Padrón non é merecente de tantas memorias poéticas.

Pontevedra é enteiramente diferente. Pontevedra é leda, branca e runfante. ¿Será que esta ledicia e luminosidade foron herdadas dos gregos que fundaron a cidade? Estrabón escribe que orixinalmente foi chamada “Helenes”, pero este nome cambiouse cando os romanos chegaron a Galicia. Na Idade Media era unha cidade de importancia marítima considerable, comerciando regularmente con Valencia, Andalucía e Sicilia, e máis dun cento de barcos cargados de sardiñas caían tódolos anos do seu porto. Compartía con Noia o monopolio da preparación de peixe en salazón concedido polo rei

Fernando no 1238. Nun tempo, cando foran secuestrados doce pontevedreses polos piratas turcos, o arcebispo de Santiago Don Gaspar Avales, concedeulles aos comerciantes o privilexio de poder pescar os domingos con tal de que gastasen os cartos así gañados en rescatar aos cautivos. Estes pescadores comerciantes chamábanse a si mesmos “Mareantes”; tiñan as súas propias ordenanzas, leis e regulacións, e interviñan en case tódolos asuntos municipais. Foron eles os que xuntaron o diñeiro para construír unha igrexa digna da súa cidade, e o espléndido resultado é Santa María a Grande.

O estilo desta fermosa igrexa é gótico, con asomos de renacemento con elemento plateresco. A fachada, esculpida por Cornelis de Holanda, en estilo renacemento, data do 1546, dá ao río Lérez e unha longa dobre fileira de escalóns conduce desde ela deica un belvedere que domina unha gran vista de anchos vales e afastados outeiros. Esta fachada está dividida en cinco pisos: no centro figura un emotivo baixorrelevo representando a Asunción, con oito apóstolos reunidos ao redor do leito da Virxe agoniante. Todo ao redor da parede exterior hai unha delicada franxa de encaixe en pedra plateresca, semellante ao da igrexa da Trindade, de Ourense.

Na fachada, á dereita da entrada principal, figura unha inscrición co nome dun “mareante”, Bartolomé Trigo, na que se di que parte da parede foi paga do seu peto; hai moitas outras inscricións semellantes no interior da igrexa, nas paredes e columnas, e algunhas veces o nome da esposa aparece á beira do do marido.

A igrexa está abondosamente enfeitada por dentro; faixas en forma de abano esparéxense desde os capiteis esculpidos sobre o abovedado nunha rede xeométrica, mentres filigranas de pedra ribetean o arco central. As dúas naves laterais están afastadas da central por arcos góticos apuntados; pero o máis curioso de todo é a parede interior da fachada, que está cuberta con escenas en baixorrelevo do Antigo e Novo Testamento entre bloques de granito. Isto atópase moi fóra do corrente. Nunca batín con cousa igual en ningures. As escenas son particularmente interesantes para o historiador de detalles de fondo, tales como casas, muíños, pontes, etc.

Galicia é pobre en arquitectura gótica e nin sequera tenciona conservar o pouco que ten. Xa mencionei as ruínas de San Estevo preto de Ourense. Hai outro notable exemplar de estilo gótico en ruínas no centro de Pontevedra, á beira dos xardíns públicos, que dá a outra curva do sinuoso Lérez. É a igrexa conventual de Santo Domingo, nun tempo unha bela abadía gótica, agora unha ruína cuberta de hedra. Todo o que queda é un anaco de transepto e cinco ábsidas poligonais, as cales teñen abovedado en forma de abano e fiestras de dúas follas en forma de lanceta.

Santo Domingo foi nun tempo a principal necrópole da provincia de Pontevedra. Entre as efixies sepulcrais que se atopan nas ruínas están a de Don Pedro Gómez de Soutomaior e a da súa esposa, a Infanta de Hungría. Paio foi un dos embaixadores mandados polo rei Enrique III de Castela á Corte de Tamerlán no 1402. El axudoulle na súa loita contra os turcos e a cambio foi cargado de agasallos, incluíndo dúas fermosas cautivas, unha das cales dise que era membro da familia real de Hungría, coa que rematou por casar.

Hai moitos obxectos interesantes neste museo ao aire libre fundado no 1806 polo avogado-epigrafista Casto Sampedro. Quizais as máis orixinais, por seren un misterio total, sexan as toscas pedras



inscritas con caracteres estraños que ninguén puido aínda descifrar, pero que se cre de escritura íbera. Preto delas están un interesante Descendemento da Cruz do século XV e unha estatua do XIV de San Xoán Bautista sostendo unha placa na que está esculpido o Cordeiro; a parte de diante da súa túnica remata nunha man humana.

Os sartegos máis suntuosos en Pontevedra atópanse nas capelas da sombriza igrexa do mosteiro franciscano. Está tamén aquí a estatua de cara negra de San Bieito, e as extraordinarias efixies deitadas de dúas parellas, ide sete pés de longo! O famoso almirante do século XIV, o lexendario Chariño, está soterrado aquí. Foi o almirante que mandou a flota de vinteseite barcos desde Pontevedra e trece desde Noia para destruír e queimar a ponte sobre o Guadalquivir preto de Sevilla, entrada aos dominios árabes daquela parte.

Pontevedra foi o lugar de nacemento dunha hoste de ilustres navegantes e exploradores. Xa aludín á lenda relativa a que os devanceiros de Colón eran orixinarios de aquí. Non, lonxe da estrada que leva a Combarro hai unha casa branca na que naceu un sonado navegante do século XVI, e onde dúas das súas descendentes (dúas solteironas coñecidas por “As Sarmientos”) viviron ata hai medio século. Foi aquel, Sarmiento de Gamboa, que saíu de Pontevedra á idade de dezaioito anos, dedicándolle sete da súa vida ao estudio dos incas. A Inquisición considerouno culpable de posuír misteriosos aneis máxicos e, aínda que o seu confesor o autorizara para que os coleccionase, foi condenado a castigos públicos severos na catedral de Lima antes de que o pechasen nun mosteiro. O seu caso foi levado casualmente ante o Papa, quen suavizou a severidade do castigo. Ultimamente Sarmiento regresou a España, reunindo unha flota e facéndose á vela, pero capturárono tres barcos ingleses e foi torturado para que confesase que levaba metais preciosos. Os ingleses levárono a Plymouth e desde alí a Windsor, onde foi amablemente tratado pola raíña Isabel, ata que os seus inimigos comezaron a espaxar escandalosas historias sobre el. Entón a Raíña mandouno en misión diplomática a Flandres e España. As súas desgracias, non obstante, non remataron aínda así; fíxoo prisioneiro o Vizconde de Bearn en Burgos, encadeárono, e, ao cabo, rescatouno o Rei. Foi tal a vida deste notable carácter, quen escribiu moitos libros, entre eles un Tratado sobre a Navegación, Información concernente ás Estrelas, e un Tratado sobre Fortificacións.

Á beira da “alameda” está unha fermosa casa que pertenceu ao Almirante Méndez Núñez, outro gran heroe das Indias. Unha copia do seu camarote a bordo do barco figura belamente reproducido no pequeno museo detrás da Praza da Peregrina. Este museo contén interesantes reliquias da arte e historia de Galicia, amosadas con exquisito gusto en dous xenuínos “pazos” galegos, que dan a unha praciña con vellas casas e un alto cruceiro esculpido no centro. É este un dos máis pintorescos recantos de Galicia. Unha podíalle dedicar un capítulo enteiro ao Museo de Pontevedra, pero a falta de espazo non o permite. Mencionarei polo tanto, só de paso, dúas coleccións de particular interese: os colares de ouro e xoiería atopadas en antigas sepulturas de Galicia, e moito menos antigos, aínda que unha arte perdida ata a súa recente restauración en Compostela, os espécimes de gravados en acibeche, polos que Santiago foi famoso durante o Renacemento. (O Museo Británico ten un ou dous exemplares dos mesmos).

Baixo a luz suave das pequenas e íntimas salas, cada obxecto está colocado con sensibilidade artística e rodeado de moito espazo; a colocación vén ser máis ben a dunha colección privada na casa dun nobre galego, que a dun museo público. O señor Sánchez Cantón, que foi por moito tempo director do Museo do Prado, de Madrid, é o responsable desta colocación chea de gusto, e o señor Filgueira Valverde, un arqueólogo moi coñecido, escritor e profesor universitario, é o seu digno sucesor.

## PEREGRINAXE Á MONTAÑA

De tódalas moitas festas celebradas en honra de Nosa Señora o 8 de setembro, unha das máis orixinais, segundo me asegurou o señor Carrera do Castelo de Vilasobroso, é a que ten lugar na aldea montañesa da Franqueira, fóra da estrada principal de Vigo a Ourense e a doce millas do balneario de Mondariz. Eu dixéralle ao señor Carrera, a quen atopara en Santiago, que Roberto e máis eu estabamos moi desexosos de rexistrar en cinta magnetofónica o antigo “Diálogo entre o cristián e o mouro”, que é unha das cousas máis interesantes da festa, antes de seguir á Serra dos Ancares.

O señor Carrera telefonounos á Toxa varias veces co fin de se asegurar de que realmente íamos ir á Franqueira. Sentíase satisfeito de que houbera estranxeiros que quixesen rexistrar o diálogo. Era evidentemente que era a primeira vez que alguén de fóra amosase tal interese. Quería escribir tamén sobre iso no xornal local. Foron estas, como descubrimos máis tarde, as razóns de que se achegase ao crego da parroquia da Franqueira (pese a que estaban rifados desde a derradeira festa) para que permitise colocar a miña cinta magnetofónica no lugar axeitado.

Servicios especiais de autobuses facían o percorrido desde Vigo á Franqueira, saíndo ás oito da mañá para regresar despois de medianoite, pois “facían” dúas festas no día: primeiro a da Franqueira e despois a de Pontearreas, no camiño de regreso, para aqueles que desexaban disfrutar do baile, dos fogos artificiais e das “foliadas”, que marcan o clímax da última. Inda que non nos imaxinabamos un día tan longo, xa que íamos saír para Lugo e a Serra dos Ancares á mañá seguinte cedo, non podíamos elixir, pois a Franqueira está fóra da ruta principal de autobuses, e o noso amable anfitrión, o señor Carrera, que posuía un castelo cun nobre escudo de armas, non era dono de cousa tan práctica como un automóbil. En realidade, o seu moi runfante castelo que pasamos camiño da Franqueira, ten necesidade de se reparar; pouco queda del, agás unha torre completamente inhabitable, así que o señor Carrera vese obrigado a vivir nunha casa plebea veciña no medio de viñedos que non producen abondo para restauralo; pero a el gústalle (e, en efecto, teima niso) que a correspondencia se lle dirixa ao Castelo de Vilasobroso. Cando o vimos decatámonos do porqué tivera que se disculpar por non poder darnos pousada de noite. Ata entón estiveramos un algo confundidos pola falta de acomodo no seu castelo.

A estrada á Franqueira pasa a través dunha rexión de bosques e montañas, pero o lugar de seu está nunha espida meseta. É soamente unha mocea de pobres e primitivas vivendas grisallas construídas ao redor dunha rústica igrexa parroquial de estilo románico, nunha

característica paisaxe, austera, de penedos de granito e covas, que induce ao milagre.

O noso coche gabeaba pola empinada costa da montaña ao longo dunha estrada estreita que en calquera outra parte considerábase impropia para automóbiles. Non había xeito de que puidese pasar outro coche no camiño, pero afortunadamente todos levaban a mesma dirección. Centos de automóbiles e camións diante de nós arrastrábanse ao redor da montaña a paso de cosco. Aqueles que xa atinxiran o seu destino estaban espaxados de calquera xeito nas encostas arredor do lugar. Pero non toda a xente chegaba sobre rodas; moitísima máis chegaba a pé, mentres os verdadeiros romeiros facían penitencia ou cumprían un voto camiñando de xeonllos sobre os croios coas faldas e as medias rompidas, e mesmo a pel. (Todas eran mulleres). Arrastrábanse sen que ninguén se fixase nelas, entre os postos de vendedores de roscas e as caldeiras fervendo o “pulpo”, pasaban a mendicantes faltos dunha perna e a grupos de “gaiteros”, fitando ao lonxe ao pequeno campanario gris. Suavemente as súas escuras olleiras baixo os seus ollos brillantes traizoaban a súa dor física e o seu afervoamento espiritual.

O señor Carrera atopounos entre esa moitedume desconcertante de romeiros e trouladores, e xuntos fixémonos camiño a empurróns por entre a xente para pór a nosa cinta magnetofónica achegada ao equipo dun colega español de Radio Vigo, un devoto e servicial venezolano que estaba desalentado polos elementos rabelianos na multitude e a atmosfera leda, que consideraba deplorables e faltos de dignidade. Recibiunos aquecidamente e falou en termos entusiastas sobre a “aspiración de boas relacións de radio internacionais”; era un mozo de grandes e honrados ideais.

Antes da misa, a xente aldeá entrou na igrexa en riolada para lle entregar as súas ofrendas ao crego, que estaba de pé sobre un alto taburete no medio da sacristía collendo alporizadamente billetes de cincuenta pesetas a esquerda e dereita dos brazos mouráns e calosas mans que se erguían xenerosamente cara a el de tódalas bandas.

Como non había lugar dabondo na igrexa para todos, puxéranse altavoces para a moita xente que tivo que se quedar fóra. A maior parte sentouse nos bancos ao redor das longas mesas colocadas en fileiras no patio dunha “fonda” ocasional, e comezaron a xantar o contido das súas cestas. O señor Carrera aconsellounos que nos xuntasemos con eles, pois tiña medo de que non tivesemos outra oportunidade cando rematase a misa.

O señor Carrera era un anfitrión excelente. Sentounos a unha das mesas máis pequenas da “fonda” baixo a ben recibida sombra dunha parreira, mentres foi procurar unha enorme fonte de barro con “pulpo” quente, que comimos acompañado dunha botella de viño das súas videiras do castelo. Despois desenvolveu un paquete tan grande como unha maleta, do que tirou o “plat du jour”. Tratábase dunha “empanada” de vastas proporcións e de apetitoso contido (polo, carne, cebolas fritidas e pementos vermellos rezumando desde a súa prisión de follado tan axiña como o señor Carrera a abriu coa súa navalla), que fitei por uns segundos pasmada de admiración, con medo de estragar o debuxo ao xantala, pois a parte de arriba da aristocrática empanada era unha fiel reprodución en dourada codia do escudo de armas do señor Carrera, e do castelo de Vilasobroso. Era case unha profanación roer

as palizadas e travesas, especialmente cando cada mordedela viña acompañada por anaco verbal de venerable historia do castelo, volta a contar grave e enfaticamente polo señor Carrera cando baleiraba nos nosos vasos outra botella de viño do castelo, viño branco desta vez e aínda mellor que o primeiro. Os devanceiros chamábanse Muñoz; este, dixo, era unha corrupción do nome escocés Menzies. Certo rei de Escocia mandara aos seus dous fillos a estudar á Universidade de Jaca; ieles continuaron en España para loitar contra os mouros e ultimamente fundaron a casa e castelo de Vilasobroso! ¿Existía unha universidade naqueles remotos tempos na pequena cidade de Jaca? Non importa, era unha historia estupenda e nós non estábamos dispostos de xeito algún a pór en tea de xuízo a súa cronoloxía.

Tres aldeas de Pontevedra sentáronse á nosa mesa para beber o viño tinto que traían nos seus pintorescos cántaros de barro de longo colo. A máis nova das tres aglaiounos cando se inclinou contra a parede e se puxo a recitar, acougada pero incisivamente, o poema máis ambiguo sobre unha galiña que se atopou cun peregrino portugués no camiño de Santiago, e a peteiradas arrincoulle os botóns dos calzóns. Algúns dos rapacetes da mesa veciña beberan un algo de viño de máis e comezaron a cantar barudamente, pero as súas voces non podían afogar o son das campás da igrexa e o do rouco altavoz que transmitía a misa, cun comentario vulgar do noso amigo venezolano ao que ninguén lle facía caso. Chegaron os “gaiteros” e emprincipiaron a toca-las súas pandeiretas só a unhas poucas iardas da igrexa. Achegouse á nosa mesa un mendicante. Tamén era de Pontevedra, e o señor Carrera díxolle que podía xantar todo o que quedaba do noso “pulpo”. Sendo isto de máis para el, o señor Carrera díxolle que “mandase buscar outro colega”, aparecendo case de contado outro mendicante. Este, máis previsor, trouxera consigo un saco.

A misa estaba agora a pique de rematar e acordouse que procederíamos a dividir os nosos traballos. Fíxeme camiño a empurróns por entre a multitude ata o balcón dunha pequena casa fronte da igrexa para fotografar a saída da famosa imaxe de Nosa Señora da Franqueira, e a curiosa subhasta que ten lugar no pórtico antes de que a Virxe fose colocada nun carro de bois e levada á beira da igrexa para escoitar o diálogo entre o mouro e o cristián; no entanto, Roberto rexistraría o son da procesión que se achegaba desde a plataforma onde se ía celebrar o diálogo.

Co fin de obter o meu obxectivo, tiven que loitar para me abrir camiño ata a praza da igrexa, gabear sobre as costas das persoas sentadas nas escaleiras da casa de fronte da igrexa, onde se estaba a celebrar unha festa privada no balcón, e meter á forza a miña cámara entre os convidados. Cando lles expliquei que desexaba tomar unha boa fotografía da famosa imaxe para ilustrar un libro sobre Galicia, fixéronme sitio amablemente; pero cando a imaxe apareceu realmente abaixo no pórtico, o alporizamento fíxose intenso de máis e as chorosas mulleres, entoando a “Salve” ao meu redor, movíanse cara a atrás e cara a adiante nun éxtase relixioso que fixeron que a miña cámara perdesse o equilibrio.

Seis parellas de fermosos bois de cor de mel estaban agora xunxidos a un pequeno carro de labranza de forma navicular. Os dous primeiros animais tiñan tapados os ollos. Tal feito conmemora a

lenda segundo a cal a imaxe da Franqueira fóralle agachada aos mouros no momento da invasión, e perdérase ata que a descubriéron de novo máis tarde nos penedos entre as dúas parroquias da montaña. Cada igrexa parroquial reclamaba para si a imaxe, e a disputa quedou ao cabo zaxada colocándoa nun carro, tapándolle os ollos aos bois e deixándoos ir ao seu aire ata que se pararon, e nese lugar construíuse unha capela para acoller a imaxe. Isto é o que se supón que foi a orixe da Franqueira (trátase dun relato semellante ao de como os restos de Santiago foron levados a Compostela nun carro parecido). En certo tempo houbo un mosteiro na Franqueira, ao que pertenceu o atraente pórtico románico da igrexa. O tímpano, que ilustra a Adoración dos Reis Magos, amosa á Virxe sentada baixo as torres dun castelo medieval, e aínda que as figuras son zoscas e parecen ser do século XII, hai moitos detalles góticos que fan supor que se trata realmente dun exemplar moi posterior, probablemente do XIV.

Ao cabo, a imaxe foi levada ao pórtico en ombreiros, relumbrante cunha coroa dourada sobre a que a muller aldeá perdurara algúns dos agora raros pendentes galegos, que eu procurara inutilmente nas tendas de antigüidades das cidades, e aos que lles botei unha ollada de envexa. O crego, un home flaco de aparencia histérica con cabelo grisallo e brillantes ollos negros, brandiu unha aguillada e deu por aberta a subhasta. O aldeán que ofrecese máis que todos obtería o cobizado dereito de conducir o carro e a imaxe a través da masa case sólida de xente, deica a plataforma de pedra sobre a cal estaban a agardar o mouro e o cristián. O sol queimaba e a máis da xente abrira os seus grandes paraugas negros. Cincuenta pesetas, cen, duascenas... cincocentas pesetas, e a aguillada entregóuselle a un home pequeno, suoroso, cunha camisa branca como a neve e un chaleco negro, que avantou cara ao carro e a súa preciosa carga, todo confuso e como abraiado. O alporizamento estaba no seu punto álxido. Un forte berro subiu da moitedume conducida por un crego: “Viva la Señora de la Franqueira, viva, viva!”. “¿Non é fermosa?”, berraron en éxtase as mulleres veciñas a min. “¿Que feliz parecer”, exclamaron outras, e despois, alternativamente, choraban e cantaban a “Salve” de novo cando o carro se puxo en movemento.

Logo de facer moita forza arranxeime para baixar ao camiño, andar a través da agora baleira igrexa e desde alí acadar acceso á moi concorrida plataforma de ao lado, onde o venezolano comentarista de radio exortaba á multitude para que estivese queda e con decoro; o mouro e o cristián estaban a piques de comezar a súa recitación. Roberto mantíñase estruchado contra a parede coa cinta magnetofónica, e dous mozos andaban nos mandos do equipo de Radio Vigo. Diante de nós, a praza amosábase negra de xente, que ao carecer de espazo, víase forzada a unha completa inmovilidade. A imaxe de Nosa Señora quedou parada, e o crego botouse á plataforma para lles dicir ao mouro e ao cristián que comezasen. Sumisamente emprincipiaron a bradar o seu diálogo do mouro ao cristián por gracia da Virxe da Franqueira. Berraban tan alto que Roberto viuse obrigado a retirar un pouco o micrófono.

De súpeto, o crego empurrou ao mouro e ao cristián para poder pasar, ergueu os brazos ameazantes cara a nós, cos ollos irados: “¡Paren! ¡Paren! ¡Vostedes teñen que pasar todo iso!”, berrou. Tanto

Roberto como eu ficamos entalados. Quedamos fitándoo, pasmados e sen comprender. “Non... sigan... rexistren o que di o cristián... irediren o micrófono!”. O señor Carrera, branco de ira, inclinouse e borboriñou aos nosos ouvidos: “Ese parvo pensa que vostedes só están rexistrando o que di o mouro e non o que di o cristián. Non entende de nada. Farei que pida as súas excusas. ¡É escandaloso portarse así cos meus convidados!”.

Este drama era demasiado para o noso amigo o pequeno venezolano, que viña sufrindo unha tensión emocional desde as primeiras horas da mañá. Levou a man á súa bochechuda faciana, toda enrugada de mágoa, e rompeu en ruidosos saloucos. Mirámolo, incrédulos e fascinados. “¡Santo Deus! ¿Que lle pasa?, preguntoulle Roberto, que estaba aínda sostendo o micrófono ergueito. “¡Ouh, isto é tan triste, pero tan triste!”, choromicaba o pequeno venezolano entre os seus saloucos. “¡É completamente desastroso para as relacións internacionais de radio!”. “Non se preocupe, vello, toda sairá ben”, díxolle Roberto consolador, inda que o venezolano non puido entender nin unha soa palabra do que el lle dixo.

No entanto, o noso anfitrión tivera unha agre rifa co crego, e o diálogo chegara a un remate triunfante co berro de “¡Viva la Virgen de la Franqueira!”, dado polo mouro e o cristián, e repetido con fanático afervoramento pola multitude. Con grande sorpresa pola nosa parte, o crego veu agora ata nós coa faciana chea de sorrisos amables para nos pedir perdón polo “deplorable mal entendido”, e abrazámonos todos; é dicir, o crego abrazou a Roberto (que estaba tan aglaiado desta explosión de atención como estivera antes polo paroxismo de furia do crego), despois o crego bicoume a man e todos lle demos palmadiñas nas costas ao pequeno venezolano, dicíndolle, para aledalo, que as boas relacións foran restablecidas. O venezolano sorriu feliz a través das súas bágoas, bicou aos que estaban máis achegados a el, tendeu a man aos que estaban máis lonxe e logo reuniunos para tomar unha cunca de café puro acompañada dunha copa de “Anís del mono” nun posto veciño. Achegóusenos un aldeán temesiño e preguntounos inquiridor: “¿Que ocorreu entre vostedes e o crego? Xa sei que nada me importa, pero...”. “Xustamente”, saltou o señor Carrera, inada lle importa!. O aldeán púxose todo vermello e retirouse meténdose entre a moitedume.

As gaitas comezaron a soar outravolta, así como as trompetas de xoguete e as pandeiretas. O mouro e o cristián desapareceran para lle deixar sitio a un grupo que executaba a danza das espadas. Un branco cadaleito baleiro foi tirado da igrexa, despois de que o levasen tras da Virxe da Franqueira pais agradecidos, o fillo dos cales fora salvado ás portas da morte pola compasiva intercesión dela. Logo, de súpeto, apareceu o noso chofer entre nubes de po para nos dicir que regresásemos ao coche. “Ímonos”, dixo; “os outros están ansiosos de continuar á festa de Pontearas. Non hai máis nada que ver aquí. En Pontearas habrá baile”.

“¿Gustaríalle a alguén deterse para visitar o meu castelo no camiño de regreso?”, preguntou o noso anfitrión amablemente. O chofer abaneou a cabeza negando. “Aos meus clientes non lles importan os castelos”, dixo firmemente; “Ademais”, engadiu cun algo de crueldade, “todos coñecemos o seu castelo. Non hai nada que ollar nel”.

O noso anfitrión, desconsolado, fíxonos un aceno coa man. Baixo o brazo levaba un paquete envolto en papel de xornal. Nel ían os restos do noso banquete do mediodía e da “empanada”, a espléndida empanada co escudo dos Muñoz, agora reducida a un magoante puñado de migallas.

## UNHA SERRA SALVAXE E UN CÁLIZ SAGRO

O autobús desde Vigo a Lugo cobre a distancia de máis de cento cincuenta millas, por Pontevedra e Lalín, en algo máis de cinco horas sen ningunha parada. Este andar sen pouxa está tan fóra do corrente que é merecente de se ter en conta. É do máis incómodo para aqueles viaxeiros que non poden aguantar moito sen baleirar as súas vexigas.

Canto máis se achega unha a Lugo máis longas parecen as chemineas das casas, e máis e máis miúdos os “hórreos”. E logo, ao cabo, Lugo mesmo xorde, aínda ao lonxe, no truncado esplendor das súas grises ameas romanas. As torriñas hai moito tempo desapareceron; soamente quedan as grosas murallas e as torres semicirculares do gran centro romano onde estaban estacionados os lexionarios para defender a provincia contra os ataques das tribos nativas aínda sen someter.

Hoxe a cidade esténdese alén da muralla romana que Molina describiu no século XVI como “unha das marabillas de España, tan ancha que dúas carruaxes podían ir á par por todo o círculo, e coada por tantas torres que había unha cada oito pasos”.

Lugo puido ser unha cidade celta que tomou o nome do deus Lugos ou Lug. Nos séculos IV e V os reis suevos tiveron aquí a corte. É a única cidade de España que retivo o antigo privilexio de expor continuamente o Santo Sacramento da Eucaristía sobre o altar maior da catedral. (Probablemente data do tempo no que o Concilio de Lugo se reuniu, no ano 569, para protestar contra a herexía de Prisciliano, que ameazou con dominar Galicia). Molina explica que o escudo de Galicia representa “un cáliz contendo a Hostia, porque Galicia foi soa en non ser conquistada polos mouros”. “Nun tempo”, escribe, “tódalas catedrais de España compartillaban o mesmo privilexio de expor o Sacramento, pero a de Lugo foi a única en retelo, porque xamais foi profanada polos sarracenos”.

O único hotel grande de Lugo, que leva o nome do sonado navegante e explorador Méndez Núñez, é notable polas súas arañas de longas patas e altos teitos. No comedor, que é unha galería (que excede as dimensións dunha habitación ordinaria), os camareiros teñen que camiñar tantas millas ao día como os artistas nunha pista de xeo. Os longos corredores dos pisos de arriba teñen espellos de gran tamaño e unha colección de plantas moi desenvolvidas en tesos rococó que arrastran sobre a alfombra desfaiñada, como lianas. Nos descansos das escaleiras están penduradas en armazóns de arame, cuspeiras de porcelana branca, sentíndose o cheiro de tabaco receso, de bacallao frito e de alto; pero as habitacións son limpas e tranquilas, e hai auga quente e teléfono en cada unha delas. O traballo de plumbeiro tamén está por riba de toda zafrañada.

Don Ramón déranos en Santiago unha carta de presentación para un avogado, Don Antonio, residente en Becerreá, que tamén tiña oficina en Lugo e podería, dixo, darnos toda a información que

nos cumpría sobre a Sena dos Ancares e do mellor xeito de chegar ata alí. Non obstante, Don Antonio era unha persoa difícil de atopar, pois estaba a viaxar arreo entre as dúas cidades, e calquera das oficinas nas que unha chamase, era invariablemente a que remataba de deixar. Era o mes de setembro. O millo fora recollido, a próxima colleita de patacas non se faría ata outubro; fóra das festas do lugar e das feiras de gando, os aldeáns disfrutaban dun tempo de vagar movendo merguradas querelas contra os seus veciños. Setembro é un mes fructífero para os avogados en Galicia.

Entre chamada e chamada de teléfono dedicámonos a ver Lugo e a trabar coñecemento co señor Fernández López, enxeñeiro e un entusiasta da gaita, non só un entusiasta, senón o único entusiasta da gaita na provincia, que está a facer o que pode para evitar que o instrumento caia no esquezo como tantos outros que nun tempo se tocaron en Galicia. Unha nunca sospeitaría que o señor López fose tan activo, pois pertence ao tipo renarte de galego que fala cachaceira e melancolicamente, con pousas frecuentes e secando os anteollos. A súa reserva de primeiras foi algo fría, pero este severo exterior agachaba unha riqueza de paixón e teimosía celtas, todo unido pola paciencia galega. Unha enorme capacidade de paciencia, requírese, en efecto, para persuadir aos “lugueses” a coller interese polas tradicións locais, a reunir as súas moitas e moitas cantigas, e a seguir facendo e tocando as súas “gaitas”.

O señor López ten dez fillos, así que é natural que lle interese todo o que se refira á educación. Foi idea súa organizar, durante as vacacións, clases para mestres de escola primaria para lles ensinar as cancións e bailes locais (e, xa que logo, a tocar a gaita), para que eles, á súa vez, puidesen instruír aos nenos. Tamén foi idea súa inducir aos nenos da provincia para que teimasen cos seus pais e avós, preguntándolles pola letra das cancións antigas. Estas foron agora anotadas coidadosamente e imprimidas en económicos e pequenos libríños, para a súa circulación entre as escolas primarias da provincia.

Roberto e máis eu fomos a unha destas clases de profesores, e rexistramos dúas dúcias de cantigas, cando menos, do seu repertorio. O señor López, que se uniu ao canto, fariálles cantar outras dúas dúcias se as súas voces e as nosas cintas o permitisen.

A pequena fábrica de gaitas que el puxera en marcha estaba parada durante os meses de verán, pois o señor López tiña os obradoiros en terreos do museo local, aberto para nós co obxecto de que puidesemos mirar a fileira algo patética dunha dúcia de gaitas sen rematar agardando o seu acabado ao se reanudar o traballo. As gaitas galegas tócanse sempre nas festas e divertimentos do pobo; non posúen o espírito marcial das irlandesas. As gaitas tócanse polas bandas do exército español, pero nunca como unha banda de gaitas soas. A madeira empregada para os roncóns das gaitas luguesas é o buxo que se atopa nos xardíns dos antigos pazos aristocráticos; pero os foles teñen unha orixe menos romántica; iagora fanse de cámaras vellas de automóbil!

A catedral de Lugo comezou a se construír no 1129, segundo o plano deseñado por Raimundo de Monforte, e, como a miúdo ocorre en Galicia, vén ser unha copia da de Santiago nunha escala máis sinxela.

A Capela do Pilar e o pórtico lateral son de estilo plateresco, mentres a de Nosa Señora dos Ollos Grandes é suntuosamente ba-

roquizante. Esta capela foi construída no 1726 pero a curiosa imaxe de pedra da Virxe, que se di deixou Santiago en Lugo cando se fundou a catedral orixinal, crese que é a máis antiga de España despois da “Virgen del Pilar” en Zaragoza.

A Hostia Sagra que está continuamente exposta no altar maior atópase nun sagrario feito por Ramírez de Arellano no 1859. É de estilo plateresco e representa a Fe triunfante sobre a Herexía. Dentro está o cáliz, cuberto de diamantes, esmeraldas e outras pedras preciosas, entre as que se di non haber menos de mil cincocentos espécimes de topacio. Pero o obxecto máis fermoso de todos na catedral é o tallado das cadeiras do coro, da autoría de Francisco Moure, de Ourense, considerándose tales cadeiras como as máis belas da provincia. Só por isto merece a pena visitar Lugo.

Lugo é a capital da xente de montaña. Non soamente hai zocas en abondosidade nas tendas das estreitas rúas veciñas á Praza Maior, senón tamén botas de coiro con solas de madeira chamadas “zuecos”, que se lle entregan ás veces aos lustrabotas para limpalas mentres agardan por clientes. (Observamos que, do mesmo xeito, entré-ganselles mochilas de policía e zapatos de neno para os limpar nos seus momentos libres). A Praza Maior é provinciana e “simpática”. A Casa do Concello ten unha famosa fachada do século XVIII e unha feiteiceira torre do reloxo, mentres que os xardíns de enfrente están cheos dunha sorprendente variedade de árbores e arbustos. A meirande parte dos xardíns públicos de Galicia son igualmente ricos desde o punto de vista botánico, gracias á importación de plantas do Novo Mundo feita polos misioneiros xesuítas. Hai outros xardíns atraentes en Lugo que levan o nome de Rosalía de Castro e que están nun belvedere fóra de murallas cunha magnífica vista aos vales circundantes; pero o noso paseo favorito era o que facíamos sobre e ao longo da muralla romana, desde onde unha mira as vellas e pintorescas rúas e casas á beira da catedral, e olla á xente aldeá traballando nos campos dentro do recinto da cidade como nalgúns antigos libros de Horas; desde aquí pódese estudar tamén a increíble variedade de chemineas de Lugo. Estas fantásticas chemineas érguense como un grande bosque nos tellados de pizarra nas máis estrañas formas e tamaños, pois non teñen un rasgo en común: todas están expostas ao perigo de seren arrincadas de coallo polo despiadado vento desta meseta. A súa loita para sobrevivir é evidente, polo gran número de pedras soltas, croios e anacos de pizarra ao redor e arriba delas, para mamelas rexamente fixas nas súas respectivas casas. Algunhas semellan igual que pagodas en miniatura, ou templos de arroz das Molucas, outras parécense máis a canís; cada unha ten a súa personalidade, unha estrutura orixinal e un ángulo peculiar, que fai a Lugo centro ideal para aqueles que estudian seriamente e admiran chemineas, das que batín cun sorprendente número nas miñas varias viaxes. Non obstante, que eu saiba, eles non formaron aínda sociedade. En ningún xornal se leu, en ningunha fotografía se observou cambio, pero poida ser que a era atómica se convirta nunha grave ameaza para o combustible fóra de moda; atrévome a suxerir así que chegou o tempo de comezar unha pescuda sobre as chemineas que merezan a pena de se conservar como monumentos nacionais. Lugo ten, indubidablemente, un lugar de privilexio, aínda antes que París.

Ao terceiro día da nosa chegada a Lugo conseguimos dar con don Antonio, coa axuda do xefe de camareiros do café do hotel, e

o máis alerta dos limpabotas dos soportais da Praza Maior; nese tempo, non obstante, xa sabían case todos na cidade que tiñamos un recado para don Antonio. Decatámonos de que era un tempo inoportuno do ano para chegar a el e pedirle información sobre os Ancares; pero a carta de presentación de don Ramón era tan persuasiva e contiña tan apaixonante apelo ao afervoramento patriótico local de don Antonio como sostedor e propagandista das montañas e habitantes dos Ancares, que se sentiu moralmente obrigado a facer algo por nós, inda que fose de mala gana.

Don Antonio era un home pequeno e gordecho, de ollos saltóns, e imperioso dobre barbirote. “¿Cando queren ir aos Ancares?”, preguntounos, despois de ler sen entusiasmo a carta de don Ramón. “Agora, dentro de cinco minutos, se pode ser”, declareille. “Quédense esta noite en Lugo e levareinos en automóbil a Becerreá mañá pola mañá”, dixo don Antonio. “Desde alí indicareilles un itinerario detallado. Viremos procurar mañá ás once”. Mirei a Roberto e suspirei: “¡Outra noite en Lugo!”.

“De tódolos xeitos, vostedes non poderían saír para Becerreá hoxe”, dixo don Antonio consolador. “O único autobús xa saíu hai máis dunha hora. ¿Decátense, despois de todo”, engadiu nun ton vulgar de voz legalista, “de que atoparán condicións extremadamente primitivas nas montañas?”. Nós asentimos coa cabeza. “Non haberá carne...”. Asentimos outravolta. “Aconséllolles que leven vostedes algunhas provisiones”. “Mercamos queixo e membrillo”, dixémoslle, “e non nos importa o pan mouro con tal de que haxa manteiga con que o untar”.

“¡Ouh!, haberá manteiga en abundancia”, asegurounos, “e leite e ovos”. “¡Daquela non temos porque nos preocupar!”, exclamamos. Don Antonio sorriu con renartería. “Seralles moi útil unha lata de D.D.T.”, suxeriu. Roberto díxolle que xa pensáramos niso tamén, e que traíamos unha grande connosco desde Inglaterra.

Ás once da mañá seguinte sentámonos expectantes baixo o vello reloxo de escura esfera do sombrizo vestíbulo do hotel Méndez Núñez, coa nosa equipaxe espaxada aos pés. As nosas dúas mochilas, a cinta magnetofónica, o cesto grande que mercáramos na cidade para as cousas extra que se nos acomodasen nos derradeiros días, as racións de friamee para as montañas, discos e lembranzas para os amigos do noso país, incluíndo a miña crebadiza e fráxil colección de barrigas de cera e outros exemplares anatómicos mercados nas tendas de cera locais, que non eran tan severamente ortodoxos como os de Santiago.

Ás doce comezamos a nos preguntar se teríamos tempo para ir tomar café á esquina; á unha sentíámonos inquedados e emprincipiamos a pensar na comida; ás dúas, un mozo alto achegouse sen présa algunha ao mostrador do hotel. Preguntando esgarecidamente polos “viaxeiros ingleses”, e informándonos sen emoción algunha que don Antonio sentíao, pero que o retiveran os clientes e que nos viría procurar ás tres. Guindámonos ao restaurante para xantar un grande prato de pescada con maionesa seguido dun bisté, antes de que don Antonio chegase, con puntualidade esta vez. El ficou “ensombrizado” por un lacónico individuo ao que non fomos presentados, e que amosou un interese anormal sobre o xeito de frear e de cambiar de don Antonio durante todo o serpeado camiño de Lugo a Becerreá. Máis tarde, aquel mesmo día, enteirámonos de que don Antonio

estaba a aprender a conducir e de que o tristoño cabaleiro á súa beira era o seu instructor.

Cubrimos as vinteseis millas a Becerreá rapidamente, pois había pouco tráfico pese a que iamos pola estrada principal que vai da Coruña a Madrid, estando esta última cidade a 310 millas de distancia.

Máis alá de Lugo pasamos a través de vales de ricos verdes en pastos, nos que vacas apracibles pastaban pacificamente. Colmeiro fixérame observar unha vez que as vacas galegas son “guapas”. Esta palabra, empregada xeralmente para describir ás mulleres en España, aplícase máis axeitadamente ás vacas en Galicia, porque son, sen dúbida, alí o máis feminino de tódalas criaturas. Máis ou menos unha hora despois de saír de Lugo, o campo fíxose máis montañoso; máis embaixo de nós había un anaco irregular de terreiro mestamente sementado, campos outonais cheos de sulcos, dunha terra vizosa da cor da pel seca de laranxa. Sobre eles, afundíanse os picos espidos de árbores en ondas sinuosas ata unha serra de conos azuis que tapaban o ceo no arredado horizonte. “Os Ancares”, anunciou don Antonio cun aceno dramático da súa man. Esquecímolos durante un tempo cando atravesamos soutos de castiñeiros e pasamos a carón de patios de casiñas onde os homes apiaban leña para o inverno en coidadosas moreas circulares. Os balcóns de madeira estaban cheos de grosos cabazos, e alfombras de mazorcas de millo aparecían espaxadas para se torraren ao doce sol.

“¿Desde onde sairemos para os Ancares, e cando?”, aventureime a lle preguntar a don Antonio.

“Veremos, veremos”, respondeume vagamente. “Agárdanme moitos clientes en Becerreá... teranme ocupado cando menos tres horas despois de que cheguemos; hai hoxe unha gran feira de gando, e pedireille a un dos meus irmáns máis novos que os acompañe por alí ata que xa quede libre. Logo tomaremos o té, e despois farei un mapa e un itinerario”.

Inda que a vida feireante de Becerreá está sinalada en letras grandes nos mapas automobilísticos, de feito limítase a unha longa rúa principal de casas espalladas, e outra á beira ocupada case toda por unha casa grande moderna con galería de cristais no piso de abaixo e no primeiro, unha botica enfronte e un despacho de avogado ao lado. Aquí estaba a fortaleza e cuartel xeral da sonada familia naqueles lugares de don Antonio, os membros da cal tiñan poder en varias millas á redonda, pois exercían as dúas profesións máis lucrativas e influíntes na provincia: a de médico e a de leis, reempazando en moitos modos aos antigos “caciques”, que representaban e falaban polas illadas comunidades da montaña.

A rúa principal estaba chea de tratantes de gando e os seus clientes, individuos en boa parte delgados, sobriamente vestidos, de beizos magros e ollos retranqueiros, portando reos caídos de formas e deseños particulares que eles mesmos preparaban nas longas noites invernales, e sobre os que se apoiaban familiarmente cando permanecían de pé observando e releando durante horas seguidas. (Case todos entes caídos tiñan un punto en común: eran máis anchos na punta que no puño). Os tratantes de gando invadiran os cafés, especialmente o único que servía cervexa xeadada, e no que o forte zunido de voces galegas mesturábase co case igualmente forte dos tabáns. Outro grupo de gandeiros estaba agardando xunto á casa de don Antonio cando chegamos. Rodearon a este

de contado e entraron na casa, deixándonos sós e un algo confundidos na beirarrúa.

Non obstante, non ficamos sos moito tempo; uns minutos despois, o imán máis novo de don Antonio, un mozo sorrinte de dezasete anos, saíu a se presentar a si mesmo e a nos facer o tempo grato en Becerreá. Despois de me bicar a man cortesmente e estreitado a de Roberto, conduciunos aos encostados e ensombriados declives onde estaba no seu apoxeo a feira de gando. Vendedores ambulantes colocaran os seus postos en desniveis inseguros por todo o camiño ata o cume do outeiro. Parámonos a admirar as setas de montar de pel de porco brillantemente recamadas con lás de cores e raiados panos, semellantes aos que eu vira que usaban os bereberes. O conservador do Museo de Lugo falárame da sobrevivencia de debuxos árabes nos textís locais. “¿Canto?”, preguntei frecuentemente sinalando co dedo a alegre tea. “Trescentas pesetas, nin cincuenta céntimos menos”, díxome o tendeiro dun xeito pouco corrente, como para non perder tempo. “Non gaño nin un céntimo nelas. Merqueinas en Cataluña”. Desconsolada, din volta para procurar consolo nun obxecto que desta vez parecía ser xenuinamente local: estribeiras con forma de media bota..., algúns feitos de coiro, outros de latón, ou de coiro con reforzos de latón na punta. Os paisanos sentíanse intrigados ao me ver tirar fotografías de estribeiras, e un exclamou anoxado: “¡Pero é ao cabalo a quen debe vostede retratar! Déixeme montalo e amosareille a boa parella que facemos!”.

A meirande parte dos animais estaban algo cansos, pois o día resultáralles longo e foran mirados por demasiadas caras coñecidas. Soamente as cabras, situadas ao pé dos penedos, parecían contentas e imperturbables polo cambio na súa rutina cotiá. Había poucos cabalos. A raza equina estaba representada polos duros cabaliños galegos, xa famosos nos tempos dos romanos, chamados “caldones”, que corren salvaxes polas parameiras a maior parte do ano. Os romanos chamábanlles, graficamente, os “nenos dos ventos do Atlántico”.

“Vostedes deberían estar en Galicia o luns de Pascua”, rosmou un vello tratante de gando que viñera desde a parroquia de San Lourenzo en Pontevedra. “Vostedes deberían estar aquí o luns de Pentecostés para ver a “rapa das bestas”. ¡Ah! ¡É un espectáculo merecente de se ver, se é que hai algún!”. “E un dos máis alporizantes”, engadiu un home ben portado á súa beira, que viñera da mesma parroquia. “Unha corrida de touros é aburrida en comparación”. “Posto que non me atoparei en Galicia nese día”, díxenlle, “¿querería dicirme mesmamente o que ocorre?”.

Evidentemente, a máis sonada de tódalas “rapas das bestas” que teñen lugar en Galicia óllase en San Lourenzo de Sabucedo, a igrexa do cal debe ser a única no mundo que é propietaria dunha grea de cabalos salvaxes. Ao comezo, e ninguén sabe canto tempo hai diso, San Lourenzo tiña un rabaño de gando, pero a peste bubónica rematou con todo, así como tamén coa meirande parte da congregación. Dúas vellas solteironas asustadas, pertencentes á parroquia, decidiron construír elas mesmas unha chouza na montaña, a unha milla máis ou menos do lugar, e ofrecerlle un par de cabalos ao bo San Lourenzo se a doenza non as atacaba. As solteironas sobreviviron, a peste desapareceu e a parella de animais

que quedaron ceibes na montaña multiplicouse ata que co decorrer do tempo chegaron a ser coñecidos como “a grea de San Lourenzo”. Hai aínda unha chouza nos bosques que se coñece co nome da “casa das donas vellas”, que se amosa aos forasteiros para dar fe do tradicional relato.

A grea é hoxe unha institución económica; os productos das vendas destínanse aos fondos da igrexa, e todo está baixo a superior inspección dos prelados de Compostela, que nomean a “xunta directiva”, presidida polo crego da parroquia de Sabucedo, responsable das varias operacións.

Non tódolos cabalos salvaxes que vagan polo Monte Montouto lle pertencen, non obstante, ao Santo. Dous ou trescentos son propiedade de particulares, e só cen levan a marca, en forma de grella, que indica o seu vencello co santo patrón da parroquia (que fora martirizado nunha grella). Os cabalos de San Lourenzo están divididos en doce grupos, cada un dirixido por un garañón. Estes cabalos son pequenos e rexos, con mestas crinas e podentes músculos, capaces de aturar temperaturas extremas e longos períodos de escaso alimento. Son o produto dos antigos “celdones” e os “asturcones” ou pequenos cabalos do norte de España, e dise que son tan resistentes como os cabalos da Siberia, de China e do Himalaia.

Estas greas cobren grandes distancias en procura de frescos pasteiros, e durante a súa viaxe baten casualmente con outros grupos que tratan de lles impedir cruzar polo seu territorio. Dramáticas liortas teñen lugar entre os garañóns, nas que, ás veces, tamén as eguas toman parte. Cando o garañón de cada grupo lideiro se adianta para se enfrontar co seu inimigo, a loita é obrigada ata que un dos dous abandona, facéndoo fuxir o vencedor. As eguas do pai vencido abandonan a loita ao mesmo tempo, pero, lonxe de ser fieis ao seu dono na adversidade, seguen polo regular ao superior novo señor que probou ser máis forte e valente que o antigo.

Cando os garañóns comezan a se facer vellos, a súa posición na grea é disputada polos poldros de sangue quente, que desde o seu terceiro ano principiaban a lle facer insinuacións amorosas ás eguas. Estes primeiros esforzos temesiños son desdeñados polas eguas, pero non deixan de ser observados polo pai, quen lle declara de contado a guerra aos poldros ata que estes se vén obrigados a abandonar a grea. Algunhas veces son acompañados no seu desterro pola súa nai e irmás, e por unha compañeira amiga nova, mentres que o señor queda rodeado dos seus fieis. Pouco a pouco o poldro fai a súa propia grea, ata que chega o día no que fina o patriarca ou se fai incapaz de exercer as súas funcións, e daquela tódalas eguas aceptan o novo amo sen obxección algunha.

Outras veces, cando as eguas están en celo, os garañóns vellos son provocados polos poldros de catro a seis anos, que tratan de lles quitar a grea. O vello garañón comeza a loitar con toda a “maîtrise” que adquiriran cos anos. Os poldros son máis áxiles e rápidos nos seus movementos, pero carecen de experiencia. A idade, non obstante, cobra axiña o seu tributo. Os dentes do garañón foron estragados polo toxo espiñento da montaña durante moitas estacións e agora a penas poden roer, mentres os do poldro novo están afiados como cravos e penetran na carne sen compaixón.

O patriarca érguese sobre as patas de atrás, pero estas xa non son tan firmes como acostumaban ser e dobrégase axiña, perde o equi-

librio e cae de costas, producíndose polo xeral unha lesión fatal no espiñazo. O seu rival é abondo xeneroso como para desistir de o atacar mentres está caído e inerte, e afástase galopando, deixando ao vencido só e abaixado. O ciclo complétase. Cando el era novo fixera o mesmo. Agora tocáballe, á súa vez, retirarse. Non outra cousa había que agardar da vida. Aínda naqueles casos nos que o vello garañón sobrevive á súa caída, queda crebado no espírito. Os seus pasos son eslaídos e inseguros, o seu nun tempo rincho imperioso é reemprazado por un magoento laio. As eguas permanecen cabo del ata que cae para se non erguer xamais. Nalgunhas ocasións decorre un longo tempo antes de que se convenzan de que o seu amo está verdadeiramente morto, e seguen a pacer preto do cadáver ata que un novo garañón as toma baixo o seu coidado.

Cando chega a nova á parroquia de Sabucedo de que un vello garañón foi morto en loita por un rival máis novo, tódolos aldeáns séntense verdadeiramente tristes durante moito tempo, esperándose un fondo odio ao vencedor.

As greas fixéronse máis pequenas por mor de doenzas e roubos, pero a peste máis cruel é o lobo da montaña que non só ataca aos poldros e poldras senón tamén ás máis febles entre as eguas. Ningunha egua salvaxe chea de saúde lle ten medo ao lobo, para quen é ela un adversario máis que poderoso, así que o lobo recorre á seguinte renarteira estrataxema: Antes de nada, o lobo procura unha lagoa ou lameiro, onde se aborcalla ata que queda cuberto de lama. Logo, con moita solemnia, achégase á súa pretendida vítima, agarda que esta tome unha actitude de defensa, e abálase violentamente para cegala coa lama. A egua, intuitivamente, ergue a cabeza para evitar ser salferida, e no momento no que fai iso, o lobo agárrea polo pescozo teimudamente ata que, ao lle abrir as arterias, morre desagrada. Correntemente xúntanse varios lobos para un ataque desta natureza, pois doutro xeito o garañón acudiría, sen dúbida, en axuda da egua.

Os aldeáns de San Lourenzo agardan anceiosamente, durante semanas, a “festa dos cabalos da montaña”, que se celebra tódolos anos. O divertimento comeza o Domingo de Pentecostés ás cinco da mañá, cando as campás da igrexa de Sabucedo anuncian a misa do Espírito Santo, que é ouvida por todos aqueles que van tomar parte activa nos actos do día.

Despois da misa os homes xúntanse, cos seus caxatos e cestas de comida, antes de partir cara ás montañas para reunir os cabalos. Centos de persoas dos lugares veciños acompañanos no seu arduo subir.

Pouco despois das seis da tarde son traídas as greas a Sabucedo (isto coñécese como a “baixada”. Os cabalos métese nun cerrado onde pasan a noite vixiados por un sereno nomeado especialmente, e ás nove comeza o baile na praza da aldea. O viño corre libre, soan as gaitas e o divertimento segue deica as tres ou catro do mencer).

O luns, ás seis da mañá, cóntanse os cabalos coidadosamente, e os animais de propiedade privada afástanse dos da igrexa. Tódolos poldros de un a tres anos son marcados antes da venda; despois márcanse os poldros e poldras nados hai pouco. Esta operación lévana a cabo os rapaces do lugar, baixo a guía da xente maior, para seren instruídos no trato dos cabalos salvaxes.

Ás nove da mañá os cabalos son levados ao “curro”, no que ten lugar a verdadeira “rapa” ou corte de crinas, no medio dunha indescribible mestura de ruído, po, confusión e ledicia, cos cabalos couceando, rinchando e trabando en todas direccións.

Unha vez que as greas todas están dentro do “curro”, os animais xuntan as súas cabezas corno se fosen ser atacados polos lobos. Despois os garañóns comezan a loitar. Os aldeáns, mesmo os nenos, fanse camiño a cotobeladas entre eles sen medo algún para ceibar aos poldros e poldras arriscándose a morrer amagallados ou couceados en troupelada. O luns céibanse os poldros e poldras despois da “rapa”, e as greas parten de novo para as súas montañas; axiña atopan ás súas nais respectivas e trotan ledamente á súa beira, brincando polas parameiras salvaxes castigadas polos ventos.

Despois de que os poldros e poldras son tirados do “curro”, comeza o experto corte das crinas. Os aldeáns, armados con longas varas, cargan sobre a pesada masa de bestas alporizadas, berrando e acenando, á par que empurrando aos animais a se entexar uns contra outros. Aquí é onde operan os “agarradores”.

Primeiro un deles elixe un cabalo ao que lle pensa cortar a crina, brinca sobre a súa presa igual que un tigre, agarrándose como mellor pode cunha man ao pescozo do cabalo ou á crina, mentres coa outra bate nas orellas do animal para atordoalo; despois estirándose canto lle é posible sobre o lombo, pásalle unha man por riba da fronte ao animal e agárralle a queixada, apertándolle a cabeza contra o peito; mentres el fai isto, outro “agarrador” sostén o cabalo meténdolle os dedos polos ventanos do fuciño ou sentándose sobre o pescozo, ao mesmo tempo que colle a outra queixada que deixou libre o seu colega; ambos cruzan os seus brazos fronte aos ollos do cabalo, impedíndolle ver.

No entanto que os dous “agarradores” sosteñen o cabalo pola cabeza, outros dous agárrano polo rabo, retorcéndollo firmemente para evitar que o animal recúe. O cabalo encabrítese e proba tódalas mañas que sabe para se ver libre dos seus agresores, pero a moita canseira obrígaos eventualmente a abandonar. Neste momento o cabalo é afastado dos demais, colocado nun recuncho ou contra unha das paredes do “curro”, mentres o tosquiador procede, coas súas grandes tesouras, a arranxar a crina e o rabo. O pelo dos cabalos métese en sacos, preparado para vender en pública subhasta máis tarde, no día no que se xuntan con tal motivo moitos compradores da provincia. A metade dos cabalos son arranxados o luns, e a outra metade o martes. Os donos particulares cortan as crinas e rabos dos seus cabalos na casa.

Catro “agarradores” soen ser suficientes para sosteñer un cabalo, pero moi a miúdo, no caso dos bravos e loitadores garañóns, compren oito homes polo menos para a operación. Estes “agarradores” son necesariamente homes novos, entre os vinte e vintecinco anos de idade. Moitos deles son tan famosos localmente como os mellores toureiros de Madrid e Sevilla. Francisco Garrido, Xaime Quintillán, Fernando Cota... son heroes aos ollos dos fregueses de San Lourenzo, e sono, pois hai que ter coraxe para se guindar dentro dun “curro” cheo de arrabecidos e alporizados cabalos salvaxes que coucean sen parar. Os “agarradores” cóbrense de contado de po, sangue e suor. Hai un punxente mal cheiro primitivo da arca; o populacho berra palabras de azo. Algunhas veces queda fe-

rindo un home, véselles coxeando, pero atura a dor sen abandonar ata que sente dominado ao animal baixo del. Pásanlle unha libreta de viño ao valente “agarrador” para que apague a sede mentres está no “curro”; máis tarde abrázanos as rapazas, os homes danlle palmadiñas nas costas, e os aldeáns falarán da súa fazaña durante varios días. Non hai mellor gloria que esta para un aldeán de Sabucedo. “Un traballo perigoso ben feito... aí radica o único e peculiar prestixio do agarrador”, concluíu o home ben portado de Sabucedo.

Era xa noite cando os clientes de don Antonio deixaron o seu despacho (que agora cheiraba a cortello) para regresar aos seus lugares respectivos, ora a cabalo ou nos ateigados camiños alugados para a feira. Só entón puidemos facerlle lembrar que estabamos aínda agardando por un mapa, un itinerario e algunha indicación verbo a onde poderíamos pasar a noite antes da nosa subida aos Ancares.

A irmá de don Antonio (unha mociña obediente á que olláramos á nosa chegada varrendo a botica) preparara para nós un esmerado “té español” na galería de cristais do piso de arriba. Polo xeito coidadoso con que manexaba o servizo de té, reflexionando antes de o servir nas cuncas e confundíndose co leite e o azucre, era evidente que non era usual servir alí o té, e que se facía agora na nosa honra.

Don Antonio bebeu o seu, agachando malamente o seu disgusto, e meteuse nunha longa argumentación sobre a nosa pretendida excursión aos Ancares con curmán médico de faciana esluada, que fora convidado a tomar o té mesmamente porque tiña sona de coñecer ben esa rexión. Chea de esperanza tirei unha libreta e un lapis do meu bolso, agardando ouvir algunha información precisa; pero axiña tiven que abandonar o meu intento, pois o diálogo-discusión consistiu en puntualizar unha riola de nomes de lugares, a exacta situación dos cales nin don Antonio nin o médico concordaban en explicar, e que eu non escoitara nunca antes, así que o intento de tomar nota era completamente inútil.

—“¿Canto tempo van estar na Serra?”, preguntou o médico.

—“Dez días, e queren estar na parte máis alta das montañas. Penso que deberían saír para Navia esta noite, e logo...”, comezou a responder don Antonio.

—“Non, non, non... ese non é un bo punto para saír!”.

—“¿Onde entón?”

—“San Martín, desde logo!”.

—“¿Pero onde poden atopar pousada? Os Fernández están en Becerreá para a feira e pasarán cos seus cuñados outro par de días cando menos. Son as únicas persoas posibles, e, ademais podían servir de guías a partir de San Martín”.

—“Parvadas. O vello López ten un par de cuartos; el podería darlles pousada”.

—“Moi ben. ¿E a onde irán desde San Martín?”.

—“Quindós... Piornedo...”.

—“¡Dura subida! ¿Que promedio fan vostedes por día?”.

Dixemos que pensabamos de sete a oito horas en país montañoso. O médico abalou a cabeza. “Entón poden camiñar desde San Martín deica Piornedo nun día”, declarou. Don Antonio botoulles unha ollada ás nosas mochilas e enrugou os beizos en sinal



de dúbida. O seu curmán o médico seguiu a súa mirada, encolléndose de ombreiros. “Poden sempre alugar cabalos en Quindós se a súa equipaxe resulta pesada de máis”.

–“A meirande parte dos cabalos útiles estarán en Pedrafita; non esquezan que hai alí unha feira de gando pasadomañá”, obxectou don Antonio.

–“Que pesimista es, home!”. O médico mirou o seu reloxo. “Mellor será que nos vaiamos. San Martín está a dezaseis millas de aquí e a xente déitase cedo por aquela parte”.

–“Coido que pediremos un itinerario máis detallado”, aventu-reime a dicir.

–“Desde logo”, asentiu don Antonio. “Agarden ata que cheguemos a San Martín... Alí fixaremos tódolos detalles”.

O médico subiu ao automóbil para dirixir a don Antonio, que parecía non estar moi seguro da ruta ou da súa propia habelencia en conducir de noite; pero meteuse valentemente na escuridade e pola retorta e estreita estrada ao longo da beira de caborcas e sobre pequenas pontes, mentres nós, atrás, agarrabámonos aos asentos, agardando con grande ansiedade que se nos concedese dexergar os Ancares antes de morrer. Nunca me pareceron tan longas dezaseis millas de camiño e tan cheas de atrancos, pero no momento mesmo en que me sentía a piques dunha crise nerviosa, don Antonio reduciu a velocidade, mirou atentamente cara a adiante e anunciou que estabamos realmente en San Martín.

Agora ouvimos o agradable e consolador son dun regueiro da montaña gorgolexando preto de nós, e puidemos decatarnos do contorno apachocado de tres pequenas casas. Cruzamos unha ponte e entramos dando brincos na praza sen pavimentar do pobo. Co son desacostumado dun automóbil en hora tan avanzada, abriuse unha porta e apareceu a eslombada figura dun aldeano de media idade, sostendo un candil cunha boquiña de onde saía unha sise-ante chama semellante á lingua dunha víbora...

“¡Ah!, ahí está López!”, exclamou don Antonio, e vímonos axiña estreitando a súa calosa man na súa tenda onde se vendía de todo, e onde estaba a xogar ás cartas cuns amigos.

López coñecía ben os Ancares. Conducira moitas partidas de cazadores por tódolos bicos da Serra... “Ata aos eruditos profesores de botánica de Santiago, que se sentiron esgotados de cansazo tan rapidamente”, riu el.

Despois de que afirmamos a nosa nova amizade cun vaso de viño branco moi acedo, estirou a súa gorra ata case lle tapar os ollos (parece que os aldeáns están sempre coa gorra posta, mesmo nas súas casas) e conduciunos ao “comedor” para falar de negocios. Era un cuarto nu. Os únicos mobles consistían nunha longa mesa cuberta con hule e dous bancos, pero parecía ben varrida, e a limpeza era bo agoiro para o que serían as camas de arriba.

Tirei outravolta o meu libriño de notas e o lapis. O médico pediu unha folla de papel, e Roberto e máis eu sentimos que ao cabo estabamos a piques de obter a información que tentamos sacarlle aos nosos amigos durante toda a noite. Non obstante, non podíamos darlle présa ao vello López, pois había tempo que non vira a don Antonio e faláballe a este de lembranzas pasadas. “Non comecen a escribir aínda”, suplicou. “¡Non se apuren tanto!” Deixen que parolemos un anaco primeiro”.

“É tarde, López, e esta xente ten que saír cedo mañá pola mañá, se é que van chegar aos Ancares ao caer da noite”, dixo don Antonio con firmeza. “¿Podes proporcionarlles un guía para que os leve deica Quindós?”. López pensou que podería. El mesmo nos levaría se non fose pola feira de gando de Pedrafita.

Nun aparte pregunteille se podía darnos algo de cear, pero abaneou a cabeza negativamente. “O lume está apagado e as mulle-res fóronse deitar, pero darémoslles café antes de saír pola mañá”, prometeu ledamente.

Don Antonio tirou a súa estilográfica e pediu papel de escribir, pois desexaba darnos cartas de presentación, “laisser-passer” (permiso de circulación) recomendándonos á xente das aldeas da montaña onde pasaríamos as noites. No entanto, o médico comezou a debuxar un itinerario, pero como dubidaba un algo sobre as distancias entre as aldeas, cada fase do seu plano discutíuna aquecidamente con don Antonio. Porén, anotaron eventualmente nun anaco de papel unha fileira de nomes. Como aínda non tiñamos mapa, para nós carecían de sentido. Don Antonio asegurounos que “todo estaría feito a tempo”, e nese momento tiñamos demasiado sono para retrucar. Antes de nos afastar, acordouse que todos nos atopariamos en Pedrafita ao domingo seguinte, desde onde podíamos subir xuntos ao Cebreiro para visitar o Santuario do Cáliz Sagro.

Don Antonio e o seu curmán deixáronnos antes de medianoite, e o finar do ruído xordo do seu automóbil que se afastaba, produciunos a sensación de que se crebara o derradeiro elo que nos unía á civilización. Os amigos de López ergueron as súas cabezas detendo un momento a partida que estaban xogando para botar unha detida ollada aos “ingleses”, pois ningún deles vira a algún antes, mentres López acendía un par de velas para nos conducir por unha estreita escaleira deica o noso cuarto de arriba. Despois de nos traer un xarro de auga fresca para cada un, e de nos indicar onde estaba o moi descoitado retrete (situado onde unha menos podía agardar, fóra da baranda do fronte), desexounos “muy buenas noches” e prometeu chamarnos ás sete da mañá.

Cando nos fomos para o leito, os xogadores de cartas, abaixo, sentíronse libres para rir máis ás súas anchas e ruidosamente, e a súa pandigada seguiu ata pasada a unha, en que os sentimos camiñar pesadamente a través da praza coas súas zocas ecoando. A porta principal foi atrancada firmemente tras eles, e o retumbar das zocas do vello López nas escaleiras foi o derradeiro son que escoitei, ata que cantou un galo prematuramente un algo antes de que xurdisse o frío abrete de cor violeta.

O San Martín co que batemos ao despertar era pouco máis que un grupo de casas nun val, ao pé da Serra de Cervantes, cun carreiro veireado por carballos ananos que o atravesaban ata chegar ao lugar de Quindós, alén do cal se entendía a Serra dos Ancares.

O noso guía agardou de pé, firmemente, por nós na tenda do señor López, mentres tomabamos o almorzo: unha cunca de leite con recendente café e un anaco de pan seco. “Esta é unha maravillosa rexión para a manteiga”, dixéranos don Antonio, e os pasteiros do val parecían bos, inda que ninguén amosou ter manteiga cando a pedimos; sen dúbida vendíase toda para as grandes cidades, ata para Madrid, e os aldeáns non se permitían o luxo de a consumir eles mesmos.

O noso guía tiña instrucións do señor López de nos conducir á casa dun amigo de don Antonio en Quindós (segundo el, sería cousa dunhas dúas horas de subida, pero en realidade foron catro, andando a bo paso), quen nos podería alugar un cabalo de carga para levar a nosa equipaxe durante a última e máis fatigosa parte da subida, desde Quindós deica Piornedo nos Ancares.

Este guía noso parecía un home calado e merecente de confianza, pero o seu silencio debíase a que non estaba familiarizado coa lingua castelá; en galego era abondo falador, como descubrirnos cada vez que pasabamos un dos campos da empinada costa no que invariablemente atopaba algún coñecido con que parolar. Axiña, non obstante, gabeamos máis alá dos afanosos esforzos dos montañeses galegos, ata rexións abandonadas ao espiñento toxo. Cando atinximos o cume da montaña máis alta, volvímonos cara á esquerda deica unha valgada, onde se nos revelou un mundo completamente diferente: un mundo de dentados conos (a Serra dos Ancares) que os seus poucos habitantes tentaran, de certo, imitar ao facer as súas vivendas primitivas; aquelas curiosas vivendas con teito de palla, chamadas “pallozas”, illadas supervivintes dos poboadores da Idade de Ferro que agora se atopan neste illado recanto de Europa, lonxe da influencia cambiante e acomodaticia da cultura e da civilización.

A atmosfera de finais de verán nos Ancares era vertolá e transitoria, como saberíamos axiña. Aínda non había neve sobre os bicos pedrosos, pero non tardaría en chegar, segundo nos asegurou o noso guía, e coa neve aparecerían os lobos, tirados dos seus cochos polo home. Daquela a serra revelaría o seu verdadeiro carácter de salvaxe soidade. Unha preguntábase por que os homes seguisen manténdose vencellados a tan inhóspita rexión, por que tiñan que se someter ás explosións tempestuosas da serra e se obrigaban a vivir en tan mesquiño chan.

O sol estaba alto cando entramos en Quindós, así que nos fomos directamente á tenda-pousada, mentres o noso guía marchou á procura do amigo de don Antonio. A tenda estaba distante só unhas poucas iardas, pois as seis ou oito casas de labranza de Quindós estaban apiñoadas unhas preto das outras; soamente un pombal en desfeita con dúas torres redondas, amosábase un algo lonxe delas, a nivel máis baixo.

O noso guía voltou de contado para nos informar que o amigo de Don Antonio marchara á feira de Pedrafitas, e, xa que logo, levando consigo o seu cabalo. Quizais algún outro podería emprestarnos un. El mirou esculcador ao grupo de montañeses boquiabertos que viñeran á tenda para parolar e tomar unha “copita” despois de misa, pois era domingo e o ir e vir á capela no val cansaños e fixéraos suar.

A tenda era semellante ás moitas outras que vira no meu deambular por Galicia, cun mostrador de madeira manchado de viño, andeis ateigados de botellas de viño e licor, latas de sardiña e bonito, e un teito enmourecido cheo de ganchos dos que penduraban as cousas máis heteroxéneas como un aéreo caixón de xastre: caldeiros, rellas de arado, xarros e escudelas de barro, penicos e lámpadas de aceite, a suma total das limitadas necesidades do aldeán.

O tendeiro era un home pequeneiro de faciana rechea que nos botou unha ollada calculadora; e a súa muller que, cando menos

avultaba dúas veces o que el, era como unha grande araña negra, barbuda e sinistra, de pernas gordas metidas en grosas medias de la negra e tamén negras zapatillas de feltro coas que esvarazaba caladiñamente, como se por instinto tivese medo de saír ao descuberto.

Sentámonos nun par de barrelos. Isto produciu un arrastrar de pés entre os clientes ao fondo, e axiña empurraron cara a nós dous taboletos poeirentos, mentres un homiño de face vermella e brillante se nos achegou para nos dicir que tiña unha egua e que saíría aquela tarde en dirección a Piornedo, pero que tiña que levar dous sacos e dubidaba se a dosta podería aturar un vulto adicional. “Podarías volver buscar os taus sacos maña”, suxeríulle a muller do tendeiro. “Corto, cerco, podería facer iso”, dixo o da face vermella, esfregando pensativo o nariz co dedo índice. “¿Cando queren partir?”, preguntounos. “¿Cando lle parecería a vostede menor?”. “Quizais ás tres ou ás catro sexa mellor, cando o sol é menos forte”, dixo o homiño. “Ben, entón podemos xantar algo e durmir a cesta despois”, respondílle.

O tendeiro pareceu algo alarmado. “Nós, correntemente, non damos comidas aquí, señorita”, dixo, botándolle unha ollada temesiña á súa muller, quen nos examinaba desde a porta, cos brazos en xarras e a cabeza inclinada con aire de protección.

“¿Pero vostedes non teñen ovos, bonito e tomates?”. “Si”. “Pois ben, unha “tortilla” abondaranos, unha tortilla grande, bonito con tomate, ensalada de cebola con pementos, e, desde logo, un xarro de viño”. A muller asentiu coa cabeza e dixo que ía preparar todo de seguida. No entanto, bebimos á saúde do noso guía de San Martín, quen véndonos chegar a un acordo satisfactorio co homiño de face vermella para o resto da nosa viaxe, empetou repousadamente as súas vintecinco pesetas, e volveuse ao val.

Despois de moito boureo ao fondo, servíronnos a nosa comida arriba, lonxe da vulgar “plebe”, un privilexio que fixo subir o custe final á señora suma (para a montaña) de cincuenta pesetas. A nosa inmensa e amarela tortilla estaba ledamente adobiada con tiras de pementos vermellos e verdes; a vista do longo e estreito val, abaixo, facíanos sentir lixeiros como o aire; a auga da Ponte do lugar arrefriou o rexo viño tinto tan efectivamente como se o puxesen en xeo. Todo resultaría perfecto se non fose polo enxame de moscas procedentes das casas de labranza veciñas. Abaixo, no pequeno patio, un par de cabalos de carga e a egua que ía transportar as nosas mochilas, co seu poldro á beira, coucebaban e abaneaban as súas colas con impaciencia.

Durante todo este tempo o homiño da face vermella estivera embaixo bebendo de firme. “¿Non é hora de partir?”, preguntámoslle, cando rematamos de xantar. “Non queremos chegar de noite a Piornedo”. Pero el sorrindo temesiñamente, respondeu: “Non se pode saír con esta calor; farialles mal aos cabalos. Non se preocupen, chegaremos a Piornedo a tempo, confíen en min. Cumprirei con vostedes”.

Así que nos encamiñamos deica a sombra dun gran carballo, de ponlas que estaban vivas co rechouchío dos paxaros, e deitámonos sobre o fino e verde céspede para mirar as brancas nubiñas sobre as distantes montañas.

Cando voltamos á “posada” media hora máis tarde, o home de face vermella inclinábase sobre unha fileira de copas ben cheas de

coñac, con bágoas nos ollos. Saudounos coa man e suspirou fondamente: “Agora podemos cargar a súa equipaxe na egua, se queren”, dixo; “pero cómprenme uns minutos máis para lles dicir adeus aos meus amigos que marchan para Barcelona”, e deulles uns golpiños nas costas, con agarimo de bébedo, aos dous que non se sostiñan moi firmes á súa beira. (Preguntámonos se tiñan a intención de ir andando deica Barcelona e, se era así, canto tempo lles levaría). O homiño atou as nosas mochilas sobre a egua e botou por riba unha ponla de eucalipto con follas para levar á casa e facer infusión con elas para curar as catarreiras no inverno; toda a xente que había na pousada saíu a nos ver marchar, serviuse unha derradeira copa de coñac e, despois de moitas palmadiñas nas costas, de roucas exclamacións en galego pechado, a egua foi tirada do patio seguida moi de preto polo poldro, e partimos. Eran as catro da tarde e aínda a calor apertaba dabondo. Canto máis subiamos máis apoplético se amosaba o noso home, ata que ao cabo suxeriu que “mellor será que descansemos un pouco. A egua está suando e o sol pica de máis”. Estomballámonos a descansar ata que chegou xunto a nós un amigo do noso guía, un home de voz rexa que conducía un touro á súa casa, e que berraba como un boieiro, tanto ás bestas como aos seres humanos; un xeito de ser corrente entre a xente da montaña que está máis afeita a se dirixir a animais que ao seu próximo.

O da face vermella, estimulado pola chegada do amigo con quen podía conversar en galego, decidiu que agora podíamos continuar o noso camiño, o que fixemos sen nos dar presa, pois o touro amosábase rebuldeiro e a egua procuraba a súa ruta coidadosamente entre as pedras do camiño. Os dous galegos berrábanse un ao outro sen parar como se ambos fosen xordos e estivesen empeñados nunha rifa violenta, pero soamente estaban a facer un amigable intercambio de puntos de vista sobre feiras e prezos de gando.

Máis ou menos unha hora despois de que saíramos de Quindós, ollamos de preto unha “palloza” por vez primeira. Aquelas persoas que nas cidades nos dixeran que as “pallozas” estaban desaparecendo rapidamente, e que era o momento de que algunhas fosen conservadas como monumentos nacionais, evidentemente non puxeran os pés nos Ancares, onde atopamos cinco ou seis aldeas compostas case enteiramente por estas vivendas tradicionais.

Despois de que ollamos varias “pallozas”, fixémonos máis independentes e analíticos e comezamos a facer notas comparativas, pero nada igualou á emoción de dexergar aquela primeira “palloza” anicrada temesiñamente nun pregue das montañas na fermosa tarde de setembro. Roberto e máis eu mantivémonos detrás da procesión do home e o touro, e do home e a egua co poldro, para tirar fotografías. A aldea á que nos achegabamos consistía en tres “pallozas” e “Hórreos” con teito de palla que semellaban a súa prole. Paramos para lles pedir auga aos seus ocupantes. Sabía tan deliciosa como champaña. O noso guía preferiu non bebela, porque, dixo solemnemente, “a auga por derriba do viño sempre me alporiza demasiado”. Non obstante, os efectos do viño evaporáranse rapidamente ao seguir subindo, e desapareceran de cheo no momento en que atinximos un cumo alfombrado con orquídeas de montaña, ao longo do cal se estendía un carreiro dunha milla tan estreita como o rastro dun veado, para se afundir despois bruscamente nun dos máis fondos e angostos vales xamais ollado.

Á dereita, á outra banda do val subían guechos de fume do que semellaba un grupo de merlas de feno nas corgas da montaña, pero, en realidade, eran “pallozas”. Parecéronnos pintorescas, simpáticas e cómodas. ¡Que pouco sabiamos que moi axiña íamos cambiar de opinión!.

“¿Onde está o Piornedo?”, preguntámoslle ao noso guía durante unha calma na súa animada conversa co home que conducía o touro. El ergueu o seu brazo dereito indicándonos vagamente cara ao cumo dunha das montañas de enfronte. Había unha aldea semellante a unha colmea apoleirada na encostada pendente cara ao centro da montaña, pero comezamos a dubidar se chegaríamos alí antes da caída da noite.

Ao remate do cumo emprincipiamos a descender camiño do val, entre o son de campaiñas de vacas e os broncos muxidos da grea de xatos e xatas que se dirixían aos seus cortellos. Por último todos converxemos no carreiro e, por uns momentos, houbo case un atascamento no camiño, que levaba a unha aldea nun ángulo de case coarenta graos, na cal o homiño de face vermella tiña a súa “palloza”. Case tódalas “pallozas” nesta aldea e os seus palleiros e hórreos ao redor estaban protexidos por unha parede exterior que lle daba a cada unha a aparencia dunha humilde fortaleza construída para os servos dunha época feudal. O termo “feudal” parecía aínda un algo moderno de máis aplicado a estas vivendas; e verbo da xente que saíu e que ficou nas portas mirándonos cando pasamos, semellaba certamente neolítica. As mulleres levaban o graxento cabelo negro solto e frouxo. Tanto os homes como as mulleres tiñan facianas estólicas que se crebaron en moitas enrugadas ao sorrir. Estaban todos vestidos con roupas sucias e negras e levaban zocas. As mulleres parecían masculinas ou sen sexo. Había nenos, non obstante: mal arranxados, descalzos, semellantes a pequenos animais salvaxes. Presumimos que tiña que haber un bo número de cretinos nestas illadas rexións montañosas, e iso explicaba as moitas faces inexpresivas que ollamos ao redor noso. Roberto, sen embargo, sinalou que serían moi diferentes despois de se bañar, cortar o cabelo, e cambiar de roupa por outra limpa.

O noso guía deixou agora a compañía do home co touro e pediu que entrásemos no cercado da súa “palloza”, mentres amarraba o poldro. Guindoulle a ponla de eucalipto a unha especie de bruxa que nós tomamos pola súa muller. Estaba escuro cando deixamos a aldea, despois de beber unha boa cantidade de auga na fonte. A cargada egua comezou a rinchar laiadamente ao lle faltar o seu pequeno poldro. O home de face vermella, pese ao seu rudo exterior, estaba moi aflixido pola súa besta. “Ela chora o mesmo que unha nai polo seu fillo”, suspirou compasivamente. A baixada era fragosa e pedregullenta. Non había espaciao algún entre a montaña que deixabamos atrás e aquela a onde nos dirixiamos, agás para un pequeno regueiro e un muíño en desfeita á beira dunha ponte apodrecida. Carballos ananos parecían pendurados nas corgas, mentres dos abismos de baixo de nós subía un cheiro lenticido da fermentación do monte baixo. A montaña de enfronte erguíase sobre nós ata case pesar sobre as nosas cabezas, pero non nos atreviamos a mirar cara a arriba por medo a perder pé. Mesmo a nosa egua, segura no andar, nada e criada nos Ancares, paraba frecuentemente e dubidaba antes de dar un paso adiante ou cara a atrás naquel sombrizo val.

“Será de noite cando cheguemos ao fondo”, borbóriamos con ansiedade, botándolle ao cabo unha ollada á subida, que inspiraba arrepío e que nos agardaba á outra banda. E entón, cando mirabamos, ocorreu a traxedia: Roberto esvarou e caeu, torcendo un nocello. A súa faciana púxose esluada pola dor súpeta. Senteime á súa beira cun sentimento de impotencia e desespero para lle pór unha venda ao redor do pé. Estabamos nunha situación comprometida. Era imposible voltar atrás. Tiñamos que seguir adiante. Déranos o nome dalgúnhas persoas en Piornedo, amigos de don Antonio, que tiñan por costume darlles acobillo aos alpinistas, e das que poderíamos agardar un pouco de hospitalidade, mentres que volver á aldea que rematabamos de deixar atrás, coas súas portas de entrada todas afumadas, cheas de xente da Idade de Pedra, non había nin que falar.

“¿Canto nos falta agora para chegar a Piornedo?”, pregunteille ao noso guía. “Non moito”, respondeu solermeiramente. Roberto murmurou para si: “iDeus sabe o que en realidade nos falta, pero hai que seguir adiante!”. Suxerín que descansásemos un pouco, pero el abaneando a cabeza, dixo: “Está escurecendo e será máis difícil para min”.

Desde entón o noso andar foi inevitablemente paseniño. Cada paso era un tormento para Roberto. Sabiamos que non atoparíamos un médico en Piornedo. Só pregabamos que Piornedo non fose menos primitivo que os lugares por onde pasáramos. “Apóstоче o que queiras a que teremos que pasar a noite nunha palloza”, borbóriou Roberto de vagariño. “iOuh non, seguro que non!”, respondílle de contado. “A familia López, para a que temos unha carta de presentación, ten amizade coa de don Antonio, e adoita tratar ben á xente. Seguramente eles teñen unha especie de pousada”.

Había unha dura costa que subir á outra banda da montaña e enzopelabamos a cada paso no desigual camiño, por mor tamén da escuridade. Eu estaba asombrada de que Roberto puidese andar. Mesmo a nosa paciente egua estaba esgotada, e había que a animar con palabras a cada momento. As montañas asomábanse escuras por todas partes, agás polos bicos que se erguían fronte a nós. Estaban estes alumados por fogueiras das que saían chamas ata lambar o ceo como unha parede de enormes línguas vermellas. Tras de nós, un grande medio aro de lúa penduraba suspendido sobre un val onde croaban as ras tolamente, semellando os ruídos dunha feira.

Ao cabo pareceume distinguir a flebe forma dunha “palloza”. “¿É este Piornedo?”, a penas me atrevín a preguntar, pero o noso guía denegou coa cabeza. “Non, ese é Donís, o lugar que está antes. Temos que andar aínda unha media hora; leva polo menos media hora camiñando de día”. Roberto rosmou.

Pasamos coxeando polas pedregullentas corredeiras de Donís. Agora todos estabamos coxos, ata a egua. Non se ollaba nin unha luz. Só se sentían febles ruídos que saían das “pallozas”, de seres humanos ao se mover e de tusidos de animais. Uns e outros vivían na mesma construción.

Fóra da aldea os nosos pés afundíronse nun lameiro á beira da fonte. Roberto sentouse nunha pedra e animounos a seguir sen el, dicindo que iría tras de nós máis tarde. Pero non cabía pensar en deixalo alí só. Detivémonos e puxémonos a mirar as chamas silan-

deiras que bailaban tolamente nos cumes das montañas, mentres a egua triscaba o céspede delicadamente sen se decatar, e as babecaras croaban nun crescendo afunicante alá embaixo no val cuberto pola noite.

Un pouco máis adiante batemos cos chanzos dunha capela e coidamos que isto tiña que ser o comezo de Piornedo, pero o noso guía abaneou a cabeza de novo e dixo que a capela estaba entre os dous lugares e que había outra media hora de subida aínda diante de nós.

“iIso é o que nos dixo antes!...¿Dinos agora a verdade? ¡Mal-dita xente!”, exclamou Roberto.

Pouco a pouco, sentindo dor a cada paso, cos nosos xeonllos reducidos a polpa, subimos ás toas e sen atento deica o cimo do máis perpendicular dos cotarelos que subíramos tan monotónicamente un tras doutro. Aquí o camiño ancheábase nun vieiro areoso que serpeaba ao longo dunha pequena meseta cultivada. Puidemos distinguir os balados de trezado salgueiro que pechaban hortos de verzas e fabas, e tras deles a dentada silueta das “pallozas” de Piornedo. “A casa da familia López está ao remate do lugar”, informounos o noso guía o máis amablemente que puido.

Cando estabamos a piques de entrar na aldea, que parecía tan pouco convidadora como Donís, apareceron dous rapazotes detrás dunha sebe achegando de súpeto un facho ás nosas caras. “¿Quen son vostedes e a onde van?”, preguntáronnos. Miraron con receo a Roberto e logo a min á luz dos seus fachos, enrugando as súas faces mozas, sorprendidos de curiosidade. Tan axiña como o facho alumou nun momento as faccións familiares do noso guía, os rapazotes sentíronse aliviados, e riron un algo avergoñados cando el lles explicou o motivo da nosa estada alí. Nese instante a penas sentimos algún dos nosos pés e nocellos (agás Roberto no seu, mancado, que lle causaba aguda dor).

“iChegamos!”, dixo o noso guía triunfante, parando ante unha alta porta dunha parede semicircular semellante á daquelas vivendas fortalezas que olláramos á outra banda da montaña. “¿Non cho dixen?” ¡Imos ter que nos hospedar nunha palloza!”, exclamou Roberto. Se alguén me dixese iso uns meses antes, cando por primeira vez vin a fotografía dunha “palloza”, non o crería posible, e non había palabras para describir o meu alporizamento. Agora estaba cansa de máis para me importar. ¿Por que estivera tan interesada polas “pallozas”? ¿Por que viñera aquí? ¿Por que fai unha estas cousas?, preguntábame eu mesma parvamente.

O noso guía abriu a porta dun empurrón, e tripamos sobre unha familia de porcos que comezaron de contado a gruñir e dar estridentes chíos de protesta, facendo que os ocupantes da “palloza” acudisen á porta en troupelada. O noso guía conduciu a egua con tento por entre os porcos, un carro de bois, moreas de leña e innumerables pedras soltas que atrancaban o paso deica a porta da “palloza”; e nós seguímolo pisándolle os calcaños, sen saber a penas a onde íamos, pois a única iluminación da lúgubre escena viña dos febles raios dun candil sostido por un rapaz loiro e delgado, que resultou ser un dos fillos do señor López.

Era unha hora fóra do corrente para que chegasen visitas, e a familia López estaba a piques de se ir deitar. Unha supuña isto polo feito de que o lume estaba apagado, as vacas estaban recollidas, e

tamén polas miradas de curiosidade e descontento dos varios membros da familia. Amoseille a carta de presentación de don Antonio ao rapaz loiro, que parecía ser un algo máis animado e amable que o resto da familia, e mentres el a escudrumaba na escuridade, nós sentámonos nun taboieto e miramos ao noso redor. Estabamos no máis extraordinario interior primitivo imaxinable; pero o que máis me impresionou foi a altura e a amplitude da “palloza”.

O teito piramidal de barda e trabes de carballo erguíase alto sobre nós sen unha simple cheminea visible ou abertura para recibir algunha luz. Estas trabes foran tiradas das árbores máis vellas do bosque. Collían todo o anchor da “palloza”, afastando a vivenda dos seres humanos do igual abondoso espacio destinado aos animais, ata chegar (negras e brillantes polo fume) sobre a cacharela onde os derradeiros remois morrían riba do espido chan. As súas formas podentes saían da sombra o mesmo que o casco dun antigo barco expicio.

Unha pesada cadea moura rematada nun gancho pendurada sobre a lareira, e o barrigudo e negro pote no que se facían tódalas comidas, pousaba lúgubre entre as frías cinzas. A lareira estaba cercada en tres bandas por anchos escanos de carballo que servían a un tempo como asento e como mesa; o outro único moble era unha caixa trapezoidal dun deseño semellante ás que se atopan nalgunhas casas de labranza do norte de Gales, que se empregan cun propósito idéntico; isto é, para que a masa de Pace-lo pan se garde alí para que levede antes de a meter no forro. A tapa desta caixa estaba chea de lixo, vasillas esmichadas, un caldeiro medido de auga e codias de pan mouro monadas. Un enxame de moscas brillaban aborrecidas sobre todos estes obxectos coa tranquilidade de saber que ninguén as amolaría.

O forno de tras da caixa que daba fronte á lareira, era de proporcións megalíticas; a lousa de pedra gra, sobre el, chegaba deica o tellado como para debalar o grande perigo do lume na “palloza”. Ao extremo final desta había tres compartimentos semellantes a palcos, que se empregaban como dormitorios por unha banda, e como gaiola de poliños pola outra. Non había barreiras sólidas entre a vivenda dos humanos e a dos animais. As galiñas zango-neaban dunha parte a outra picoando no non varrido chan; unha fileira de fuciños porcúns asomaba por embaixo dos escanos, ao redor da lareira, mentres unha pacífica vaca remoía satisfeita nun recanto, mesmo debaixo de dúas tixolas de mango longo que penduraban nunha andeireira metida na parede. Este moble a medio construír estaba firmemente cravado na parede, a un pé máis ou menos do nivel do chan.

O cabeza de familia, señor López, xa se deitara, e o rapaz loiro que se chamaba Xosé, parecía ser o que o representaba. Había outros dous fillos. Un era de beizo leboreiro e falaba, ou mellor berraba, con sons de vocal, e o outro estaba sentado tirando astelas dun par de zocas, sen erguer a cabeza da súa tarda. Había tamén dúas fillas: Manuela, unha trigueira de vinteseis anos, que aprendera a costura na pequena cidade de Ponferrada ao pé dos Ancares, e Xosefa, que non saíra dalí e que tiña uns xeitos bruscos ata a incivilidade.

“Nós podemos darlles pousada”, dixo Xosé cunha desalentadora carencia de entusiasmo, cando rematou de ler a carta de don An-

tonio. “Iso é todo o que podemos facer”, engadiu Manuela, que estivera mirando sobre o ombreiro del. “¿Trouxeron vostedes algunhas provisiones? Teño dous nenos pequenos e éme imposible coidar de alguén máis. Terán que cocinar vostedes mesmos. Xa que logo, poden empregar o noso lume”. Contemplei a lareira un algo dubidosa. “¿Cabería obter auga quente esta noite?”, preguntei. Manuela negou coa cabeza sorrindo, como se eu pedise un luxo raro (e, en efecto, érao, pois parecía que ninguén se lavase na “palloza”). “¿Podríamos xantar algo?”, continuí. De novo ela abalou a cabeza. “Temo que esta noite non, pero mañá (iseempre mañá!) poderei darlles pan, leite, ovos, patacas e cebolas”. Engadiu que tamén podíamos mercarlle manteiga a un veciño de alí, quen nola vendería ao prezo do mercado, ou sexa a trinta e cinco pesetas kilo. Había polos e podían matar un porco se o desexabamos. “¡Agardo que non esteamos aquí tanto tempo como para comer un porco enteiro!”. “Pregúntalles se teñen coñac”, murmurou Roberto, anicrándose para apertar a venda ao redor do nocello. Con grande sorpresa, dada a pouquidade das súas provisiones, eles posuían unha botella de coñac español (soubemos despois que o señor López era partidario desta bebida), que Xosé foi procurar ao dormitorio anexo a través do patio.

Esta casa exterior estaba dividida en dous pequenos dormitorios e un cuarto grande e ventilado empregado como escola durante os meses longos do inverno, no que tiñan reservada para as visitas unha cama excesivamente dura. Foi esta a cama, dominada por unha bandeira española e un mapa do mundo coas posesións españolas pintadas de cor laranxa, sobre a que me chimpei unha hora máis tarde, despois de espartanas ablucións nunha almofía chea de auga xeada da montaña.

Roberto, conducido por Xosé, desapareceu na escuridade máis alá da parede exterior da “palloza”. Como non había nesta cuarto para el, acomodárono na casa dun veciño. Avisáronno, non obstante, de que tiña que compartir o cuarto cun dos fillos da familia. Estaba erguéndose vento e unha nube, transparente como un veo, pasou correndo por diante das estrelas cara ás fogueiras da montaña, que se mantiñan aínda en todo o seu furor sobre as barranqueiras ao oeste do val. A xente da “palloza” non parecía amosarse atenta: pois non quixeron darlle pousada ao noso guía, quen se viu obrigado a voltar á súa casa, sen sequera unha oferta de refrixerio. Nós, sen embargo, pagámoslle xenerosamente polos seus moitos traballos. Nin a porta nin as fiestras do meu cuarto pechaban como era debido; faltaban varios cristais destas e había anchas fendas entre as táboas do piso; non podía unha queixarse de falta de aire. O anexo onde me atopaba estaba construído sobre unha serie de cortellos, pois o corpo principal da “palloza” non era abondo grande para acomodar a tódolos animais que posuía a familia López. Sempre ouvira que os animais das casas de labranza pasan as noites inquedados, e como se daba a casualidade de que teño o sono lixeiro, estaba nunha excelente posición para garantir a verdade desta teoría. En efecto, agora podo afirmar que os animais das casas de labranza sofren de insomnio agudo, tanto que me preguntei icomo é posible que sexan tan activos durante o día!

Mesmo embaixo da miña cama estaba unha vaca que posuía particularmente podentes marmelos, e que comeu arreo durante a meirande parte da noite. Preto da vaca había un cabalo inquedo que

non parou nunca de abanear a crina, bater os seus cascos ou rinchar, mentres o extremo afastado, a vulgar polo persistente tanguer de campañas, estaba ocupado por unha familia de cabras. De cando en vez un ou outro dos animais facía as súas necesidades ruidosamente e co conseguinte mal cheiro. Ademais destes impedimentos para poder ter unha boa noite de descanso, os horribles parásitos agachados no leito mantiñanme nun temor seminconsciente, agravado polo coñecemento de que non tería a oportunidade de coller nin unha pulga pola pouca e atariñante luz que daba a vela a carón da miña cama. Cada cinco segundos sentía un proído puramente imaxinario, ata que o momento da horrible realidade chegou cando sentín claramente o furtivo avance do inimigo (realmente eran dous), un na miña perna e o outro no meu ombreiro. Senteime na cama e acendín a vela, pero o vento apagouna case de contado. Desde alí en adiante os dous parásitos visitáronme tódalas noites que pasei na “palloza”; sempre escolleron áreas moi afastadas para operar, pero, cousa estraña, aínda que as sentía arrastrarse sobre min nunca parecían trabar. O acoro do adiantamento era case peor que a trabadura verdadeira, sen embargo, e a súa soa presenza mantiñame desperta, alerta e desacougada.

Non obstante, as miñas amoladuras non foron nada en comparación co que Roberto aturou na súa “palloza”. Tamén a el lle deran unha cama nun anexo, pero este só tiña unha pequena fiestra pechada hermeticamente de día e de noite, estando o cuarto, polo tanto, nunha completa escuridade. Era, ademais, moi baixo e estaba por riba dos cortellos ocupados por un rabaño de cabras. A súa presenza producía o efecto de calefacción central no cuarto de arriba, sendo o cheiro inaturable. Verbo das pulgas... había que as ver para crelo. Se os Ancares son famosos para os botánicos polos seus raros asfódelos, seguramente deberían ser igualmente famosos entre os entomólogos polo grandor e a perfección funcional das súas pulgas. Os espectáculos de pulgas ameistradas están pasados de moda, pero se as dos Ancares fosen coñecidas polos domadores destes feros e intelixentes bechos, non dubido de que voltarían a se facer moi populares de novo. Estas pulgas xigantes dos Ancares nunca probaran antes sangue inglesa, así que agora gustaron da súa cara delicadeza. Viñan de tódolos recantos da “palloza” para atacar o van, as costas e nocellos de Roberto (polas partes do cal tiñan unha curiosa predilección), e o resultado da súa voracidade era horrible de contemplar. As pegadas dos seus festíns duraron semanas, despois de que deixamos os Ancares.

Á mañá seguinte fun despertada bruscamente, pouco despois do amencer, por unha serie de prolongados e amoladores berros no patio, acompañados polo arrastrar de portas mal axustadas ao abrilas de golpe. Polo babel de chíos, gruñidos, muxidos e rinchos que se sentían, parecía como se tódolos ocupantes da Arca de Noé se estivesen xuntando antes de os tirar da “palloza”.

Deixara avarentamente medio xarro de auga para me lavar pola mañá, pero non había sitio algún onde botar a auga sucia das miñas operacións de aseo da noite. Achegueime á fiestra e mirei cara a unha corredeira. Había unha parede baixa enfronte, rodeando unha “palloza” semellante á nosa, co seu anexo, un hórreo e a súa entrada escura e afumada. Mirei a corredeira arriba e abaixo; non había ninguén á vista. Despois dun breve momento de dúbida,

pois a acción que ía facer non me era familiar, guindei o contido da miña almofía á corredeira. (Non había instalación sanitaria de ningunha clase, así que tiñamos que inventala nós mesmos; unha operación que levaba consigo unha molesta subida pola banda da montaña e procurar un sitio entre os penedos onde se agachar, pois había sempre alguén polos arredores da aldea, ora un pastor de ovellas, un cabreiro, ou un coidador de vacas. O primeiro día que pasamos en Piornedo non choveu, pero choveu arreo nos días seguintes, e o noso cotián subir á montaña fíxose a máis ordálica das probas).

Abrín a porta e fíquei de pé nos chanzos que conducían ao patio para mirar a “palloza” á luz do día. Era unha escena triste e sombriza, unha escena de barro, porcallada e esterco. Había un “hórreo” con teito de barda á beira da “palloza”; tres pedras servían de chanzos para atinxir o nivel da estrada. No medio do tellado, unha tosca cabeza esculpida en pedra de faciana apachocada e rasgos corroídos, miraba sobre as montañas con fitar espaventoso dunha vítima humana.

Roberto saíu da “palloza” levando a nosa pequena teteira de aluminio e unha cazola con auga quente. Fixera algo de té, un té exquisito que tivemos que beber nunha cunca esmichada. O maior traballo consistiu en facer ferver a auga, pois o lume non estaba aceso cardo el chegou, e a Manuela leváralle moito tempo xuntar as varias cousas que cumprían: o leite, o azucre, as cuncas e as culleres.

Todo na “palloza” está espaxado de mal xeito e fóra do seu propio lugar. Ninguén sabía onde se podía atopar unha cousa, pese a que había moi poucas cousas na “palloza”. Só había un caldeiro para ir procurar auga á fonte de abaixo da corredeira, só un xarro para munguir a vaca (e como nunca estaba limpo, o leite nunca se mantiña fresco máis alá de doce horas). Ao cabo, cousa por cousa, déronnos dous pratos, dúas cuncas con dous pratiños, dous vasos, dous garfos e dúas culleres. Empregamos as nosas navallas para cortar.

Non só eran estas xentes sucias e incapaces, eran ademais desprevidas. Nunca había leña dabondo na casa, e, nunha ocasión, en troque de ir procurar ao monte veciño máis, adoptaron o expediente de Bernardo de Palissy, partindo e queimando mobles, iescasos como estaban eles! Facían a súa sinxela vida enormemente complicada (especialmente as mulleres), correndo sen saber a onde dun lado para outro, incapaces de facer dúas cousas a un tempo, nunca buscando melloras, e menos embelecer a súa vida case de besta.

Os únicos obxectos nos cales as mulleres amosaban un pouco de talento feminino eran as tesas mantas caseiras tecidas corno tapetes, semellantes ás alfombras que unha atopa nas tendal de campaña dos bereberes da África do Norte; non só na textura, senón tamén nalgúns dos seus debuxos e no brillante corido do broslado de la, tales como os triángulos isósceles, as “mans de Fátima”, etc.

Roberto díxome que (fóra das pulgas) a súa “palloza” era superior á da familia López. O piso estaba varrido, a leña estaba ben apiada nun lado, e o vello e a súa muller que vivían nela eran un pouco máis afables que os López.

Vivir ao aire libre nos Ancares non era garantía de boa saúde, e as antihixiénicas condicións prevalectes dentro das “pallozas” cobraban a súa portaxe. O señor López, ao que atopamos por vez primeira tomando o seu almorzo de pan e leite (sen azucre, sendo o pan agre) á beira do lume, sufría moito de asma e tusía e cuspiá arreo, de especial cando se sentaba outravolta á beira do lume pola noite, mentres preparabamos a nosa comida. Ben é verdade que todos tušímamos un pouco polas noites por mor do fume que facía o lume de piñeiro, e un ou outro da familia tiña que se anicrar pondo as mans no chan para soprarlle aos remois, pois o fol non se atopaba nunca cando cumpría. Mesmo o fillo de Manuela, de seis meses de idade, que correntemente era unha criaturiña tranquila pese ás moscas espalladas sobre o seu berce caseiro de carballo como se fosen unha colcha, esfregaría os seus ollos e tusiría ata que correse o seu pobre nariz rosado, abandonado de todos na amoladora atmosfera.

A señora López finara de cancro había dous anos, e Manuel sufría de ter o figado inchado. A xente da montaña dubida en chamar ao médico do val, pois está lonxe de ser rica e os médicos resultan caros. Ademais, aos médicos non lles gusta nada subir á rexión das “pallozas”, aínda que sexa a cabalo, e cando o fan piden demasiado pola súa molestia. Manuel díxome que o médico que mandaran buscar para lle pór á súa nai unha inxección, cobráralles dúas mil catrocentas pesetas pola visita. Outro médico, chamado para asistir a unha muller de parto en Donís, chegou cando a criatura xa nacera; nin tan sequera agardou para ver como ía a nai, volveu a cabeza do seu cabalo cara ao val e teimou en que tiñan que lle pagar imil duascenas pesetas polo tempo que perdera!

Non obstante, nós non estabamos convencidos de cheo de que a xente da montaña fose tan pobre como quería facer crer. Polo menos eran moi independentes. As súas necesidades eran poucas. Facían eles mesmos as súas propias zocas, xugos e carros. Os únicos vicios nos que podían gastar os cartos eran os de fumar e beber, e estes non parecían dominalos moito. Unha a penas podía chamarlle bébedo ao señor López, porque entrara no seu cuarto ás once tódalas mañás para descorchar ruidosamente unha botella, saíndo logo de novo, un pouco máis contento, tres minutos despois.

Aínda que a xente da “palloza” nunca tiña cambio, e parecía asustada cando debía devolver quince pesetas dun billete de cincuenta ao lles mercar un kilo de manteiga, posuían certamente diñeiro, aforrado das súas vendas de manteiga e gando. Ademais desta forma de recursos, a familia López posuía minas de chumbo e prata no val, e falaban de construír unha casa moderna, igual que a xente de abaixo da rúa. Escoitamos o son familiar dos cinceis no granito desde a mañá deica á noite no extremo afastado da aldea, onde un grupo de canteiros de Pontevedra andaba a ampliar o perímetro dunha vella “palloza”, e a construír portas e fiestras na nova parede. Esta medio modernizada “palloza” parecía moi estraña. As núas madeiras de antiga tellada de barda semellaban os radios dunha enorme roda, e había un espacio baleiro de dous pés de anchura entre este vello tellado e a recentemente construída parede. Despois de que os canteiros de Pontevedra rematasen o seu traballo, os telladores de barda locais engadirían un anaco novo de barda. Ollamos sinais de ampliación semellantes noutras “pallozas” de Piornedo, incluíndo a nosa mesma, que tiña un arre-

dor desigual e con chepa, suxeito por un entrelazado de ponlas igual que unha trenza. Este trenzado, do que hai correntemente de oito a dez circos arredor da cúspide do cono do tellado de barda, dálle á “palloza” un parecido de algo exótico e africano. Nos vales, os “hórreos” con tellado de barda están reforzados tamén deste xeito, aínda que unha pensase que sería máis necesaria a engadida protección nas rexións montañosas azoutadas polo vento. Esta trenza está feita de ponlas flexibles de torga, que medra ata unha grande altura por estes lugares. Fanna dous homes; mentres un sostén as ponlas (coas flores murchas aínda nelas) horizontalmente en ramallos de tres ou catro, o outro, empregando soamente ponlas descascadas, crava un extremo na barda e entrelaza o resto da ponla ao redor do tendido horizontal, a intervalos regulares, por todo o percorrido ao redor do tellado. A barda é moi grosa, dun pé máis ou menos polo xeral, e está sempre sostida por unha pesada armazón de táboas.

Os canteiros de Pontevedra traballaban moi rápido. Estaban desexosos, certamente, de rematar o seu traballo antes da chegada das chuvias outonais, e así mesmo desexosos, sen dúbida, de poder voltar a lugares máis gratos. Traballaban arreo desde que amencía deica o anoitecer, cando os seus cinceis se movían máis de vagar para, ao cabo, pararse case de mala gana. A parede que construían víase aumentar de tamaño a cada hora inda que eles tiñan que facer todo, desde tirar os bloques de pedra gra na canteira e darlles forma ata o seu transporte en laiantes narrias arrastradas por bois, cara a atrás e cara a adiante, entre as corgas da montaña cubertas de flores silvestres e a antuciada “palloza” na aldea.

Presumimos que o dono da “palloza” mudárase á casa dun veciño durante esta operación, que expuña o interior a tan desacostumada cantidade de luz e de aire libre, e posto que nós estabamos interesados en comparar interiores de “pallozas”, un día preguntámoslle aos obreiros se podíamos entrar a velo. “Desde logo”, dixeron, así que avanzamos sobre os bloques de pedra aínda en bruto deica o lar baixo no centro, onde ardía o lume. De primeiras crimos que os obreiros vivían na “palloza” e que acenderan o lume para facer as súas comidas; pero cando chegamos ao lar e comezamos a observar como estaban colocadas as trabes, Roberto deume no cóbado de súpeto e exclamou, todo desconcertado, nun borbórioño: “¡Deus santo! Alí está o dono da palloza, na cama. ¡Saíamos de aquí de contado!”. E, en efecto, alí deitado, mirándonos con rechineira desde embaixo das roupas da súa cama, estaba o dono da “palloza” coa súa faciana moura e sen rasurar. “¡Ah!”, fixénlle notar co ar inquiridor e despreocupado dos visitantes estranxeiros que os fai tan impopulares entre os nativos, “esta é unha palloza onde o ancho escano da beira do lume se emprega como leito. Esta é, probablemente, máis primitiva... a maior parte das outras que vimos contaban con compartimentos afastados para dormitorios”.

Esparexuse de seguida a nova pola aldea de que nós non eramos cataláns, como de primeiras se pensou, trabucadamente, senón viaxeiros ingleses, e o xeito de proceder dos veciños fíxose máis amigable e expansivo. Os expertos cataláns, que teñen un senso dos negocios aínda máis esperto que os galegos, entraban a miúdo no seu territorio para roubar, e mesmo nos mares frecuentados polas flotas pesqueiras, e as moitas amarguradas liortas entre ámbolos dous pobos

non foran esquecidas. Era mellor ser ingleses que cataláns se queiramos ser populares.

Fixeramos o noso primeiro xantar de ovos fervidos, queixo e “membrillo”, acompañados por varios anacos de pan mouro con manteiga, axudado todo con grolos de leite, nunha corga da montaña embaixo de Piornedo, protexidos do vento baixo unha enorme pedra de granito. Tamén atopamos cousas agradables neste lugar salvaxe: transparentes floriñas silvestres, bosquiños de aciveiras e abelairas, diminutos feitos entre cachenos de carriza nas beiras de regueiros de auga clarísima; e, o máis raro de todo, unha listrada píntega, cos seus brillantes negros e amarelos, avantando decidida no breixo cara un destino descoñecido. (Non é cousa corrente atopar estas píntegas polo día. Quizais esta procuraba un lugar no que invernar).

Piornedo está situado baixo o cono cuberto de toxo do Monte Penalonga, desde onde pode unha albiscar a provincia de León. Fronte a nós estendíase un longo e profundo val deica perderse na borrenta distancia das fonduras, alá embaixo, e montañas máis altas que na que estabamos pechaban o cuadrángulo no que nos atopabamos tan agradablemente illados do resto do mundo. Non había ningunha outra aldea á vista. Os únicos sinais de actividade humana eran as faixas de campo tan pacientemente cortadas nas abas da montaña á nosa dereita, moi lonxe de “palloza” algunha.

Mestas nubes comezaban a se xuntar sobre o cume chan que cruzamos o día antes, e axiña a chuvia e a neve escureceron o val, formando unha cortina opaca que nos afastou de cheo de todo, agás da pequena meseta na que estaba Piornedo.

Agora que Roberto torcera o nocello, Piornedo tiña que ser o noso cuartel xeral fixo ata que puidese andar de novo. Os nosos desexos de vagar pola Serra tiveron que se abandonar. Era moi evidente que entrabamos nun período de tempo de ventos, case monzóns, e a perspectiva da vida de “palloza” en tales condicións estarrecíanos; non había, sen embargo, outra alternativa. Aínda se existise un camiño máis doado para saír da Serra que o que polo que viñeramos, sempre batiríamos coa encostada pendente do Monte Penalonga, unha empresa imposible para calquera que tivese un nocello escordado.

Era igualmente obvio que non poderíamos ir a Pedrafitas para a nosa cita con don Antonio, aínda que nos servía de consolo pensar que se o mal tempo seguía, el sentiríase moi satisfeito de deixar sen efecto a subida ao Cebreiro.

Cando voltamos á “palloza” para ver como estaba o lume antes de decidir o que poderíamos cociñar para a nosa cea, dixeramos que Xosé baixaría a cabalo a Becerreá dentro de dous días para procurar a provisión mensual de comestibles, tabaco e licores para a comunidade, e que gustoso lle levaría unha mensaxe a don Antonio para o informar do noso estado. (Xosé tamén se ofreceu voluntario para nos traer máis queixo e “membrillo”, dos que estaríamos necesitados cando el voltase). Roberto declarou con firmeza que xa podería andar de novo para o domingo seguinte, pero que tiña que admitir que o longo camiño de volta a San Martín sería demasiado para el. Despois dunha aquecida discusión entre os membros da familia, todos se puxeron de acordo en que o camiño máis leveiro para saír da Serra, sería o de ir andando deica a aldea de Degrada,

unhas catro millas ao oeste, ao remate do val do Ser. Parece que había unha especie de estrada deica Degrada desde a outra banda da Serra, e, polo tanto, suxeriuse que lle pedisemos a don Antonio que nos mandase un automóbil para que nos recollese alí na tardiña para nos levar a Becerreá.

Manuela preguntounos se nos gustaría polo para o noso xantar, porque se fose así iría cabo dos veciños para nos procurar un. Dixémoslle que nos encantaría, coa condición de que ela se ocupase de matalo e desplumalo, pois nós non nos considerabamos capaces de o facer. (Fíxome lembrar isto algunhas experiencias desafortunadas no Exército de Terra, e desde aquela endexamais desexara pór as miñas mans no pescozo dunha galiña outravolta).

Roberto estaba encantado ante a perspectiva de poder asar unha ave sobre un lume de leña verdadeiro. “Atravesarémolo cunha broqueta de madeira”, dixo, “e que sorte que teñamos tanta manteiga para ir botándolla: estaría tan celmosa como as atraentes aves doutras que un olla dándolles voltas na Rôtisserie de la Reine Pédantique, de París”.

Manuela volveu de contado traendo un fermoso poliño no colo. “Queren vintecinco pesetas por el. Toquen e vexan o gordo que está”, díxonos. Sopesamos o animal sentíndonos algo criminais, e asentimos con ela. O poliño mirábanos acalmado, cunha ollada case nobre que nos fixo afastar os ollos. Poucos momentos despois, reapareceu esluado e gramexoso, listo para o rito da cremación.

Desgraciadamente para os nosos esforzos culinarios, a familia López decidiu pendurar o seu aborrecido e negro pote sobre o lume no mesmo instante no que comezabamos a asar a ave, que estaba destinada a ser, sen esaxero de máis, a nosa “pièce de résistance” para o resto da semana.

A familia López nunca vira preparar antes desta forma unha ave, e todos vixiaban a operación con incrédula fascinación, mesturada cun excecicismo ben fundado. Estabamos torrados nós mesmos moito antes de que o polo se puxese teixo. A suor corría polas nosas faces. Recollemos a graxa nunha das tixolas de mango longo, metemos unhas patacas a asar entre os remois, e puxemos un caldeiro de auga a quentar á beira do lume, pois estabamos decididos a aproveitar a ocasión de nos dar un lavado de auga quente despois do noso suculento xantar. Observei que as mulleres da “palloza” non se molestaran en lavar os centos de patacas peladas que botaron no pote para o seu “caldo”, e sorprendéronse de que nós desexasemos lavalas antes.

O lume era regular, e, ao chegar outras persoas á “palloza”, sentímonos temesiños para ir nós mesmos procurar máis leña. Roberto dáballes voltas e máis voltas ao condenado polo, pero este negábase tozudamente a se volver máis tenro. Despois de case tres horas de tan pouco satisfactorio como incómodo traballo, declarámonos vencidos e retirámonos coa nosa teimuda vítima ao illamento da casa escola. Manuela atopou dous pratos e tróuxonos abondoso leite no escuro “puchero”, tan axiña como a vaca foi munguida. (As horas de munguir nunca eran regulares, o derradeiro munximento do día facíase a calquera hora entre as sete e as dez da noite).

Facía frío no local da escola despois da nosa sesión á beira do lume, e a atariñante luz da nosa pequena lámpada provocábanos sono. Non obstante, o noso apetito era extremadamente saudable, e



ámbolos dous tiñamos bos dentes. Roberto preparouse para esnaquizar a dura e dourada ave con gusto, valéndose dunha navalla. Esta estaba ben afiada, pero, ¡ai!, era impotente contra os rexos tendóns da ave incompletamente asada; co maior sentimento (e tamén amarguexo, pois sentiámonos verdadeiramente humillados) vímonos obrigados a abandonar todo intento e a volver a caer sobre o noso queixo e “membrillo”. Tratamos de nos consolar comendo as patacas cocidas ao forno (eran cocidas ao forno) botándolles moita manteiga.

Despois dun detido exame da ave, resolvimos que ao día seguinte meteríamola na ola para cocela. Iso proporcionaríanos dous pratos: sopa de polo, seguida de polo cocido. Pero aínda este plan resultou cobizoso de máis. O tozudo animal estaba tan duro como a pedra gra do seu chan natal, e non polo moito cocer amoleceu. Aínda que nunca parecía alterar ou trocar de forma, zumegaba, non obstante, zumes excelentes que se facían máis fortes cada día, mesmo ata o oitavo e último, cando xuntamos o que quedaba e o puxemos nun anaco de papel para Lira, a cadela cobradora que nunca probara nada tan delicioso na súa curta vida, e que saíu correndo de contado con todo para disfrutalo tranquila no extremo da “palloza” onde estaba a vaca. (Doume présa en engadir, para ben dos donos da cadela, que os ósos eran grandes, e así non había perigo de que Lira se afogase con eles).

Desde a segunda noite en adiante choveu con penosa teimosía na Serra, e vímonos confinados todo o día na nosa “palloza” húmida e chea de correntes de aire, agás durante a inevitable viaxe pola mañá cedo á beira da montaña.

As nosas existencia de queixo e “membrillo” mirraron tan rapidamente que tivemos que nos racionar. Unha sebe á beira da corredoira proporcionábanos vitaminas en forma de amoras, que xamais tocaba a pouco imaxinativa xente da montaña, inda que esta era a única froita proveitosa. As verduras alí non eran compartidas con ninguén. As verzas ananas e as poucas fabas que se daban nos pequenos hortos tras das “pallozas” eran para o “caldo” vespertino da familia López, e non había abondas para llas dar aos forasteiros. Había, non obstante, moitas cebolas e patacas, ás que se nos convidaba cordialmente para que nos servisemos delas por nós mesmos. Xosefa ía procurar ás terras as patacas necesarias para o día, traéndonos nunha gran cesta cha con moito equilibrio sobre a súa cabeza. As cebolas estaban almacenadas en caixas dentro do “hórreo”. “¿Como é por dentro?”, pregunteille a Roberto a primeira vez que gabeou a el para procurar cebolas para a nosa cea. “Moi sorprendente. Está moi coidado e limpo; en efecto, é o lugar máis limpo que ollei ao redor da palloza”, respondeume. Ademais das cebolas, o “hórreo” contiña as anchas fogazas de pan mouro que quedaban da fornada do mes anterior, e uns xarros que parecían ter anacos de carne de porco salgada.

A nosa “palloza” estaba construída máis abaixo da capela da aldea, un illado e pequeno edificio, sen fiestras, agás unha estreita abertura á dereita do altar sempre estaba pechada e soamente unha vez ouvimos tanguer a campá. Isto puido deberse ao vento, pois Manuela díxonos que o crego rifara coa dona da “palloza” na que vivía, e ao pechar a capela e abandonar a aldea, os que querían ir á misa os domingos víanse obrigados a baixar a Donís, que tiña un

crego que atendía a tres aldeas. Agora que me lembro, nunca ollei un cemiterio en ningunha das aldeas de “pallozas”. ¿Levarán aos seus mostos ao val para que descansen en paz lonxe das frías neves da montaña? ¿Terán medo aos vivos de seren visitados e superados en número pola “Santa Compañía” que volve á terra cada primeiro de novembro para vagar nunha interminable estadea pola montaña e o páramo? Esta “Santa Compañía” de espíritos é ben coñecida dos habitantes dos Pirineos. ¿Non poderían atinxir o remate da cadea aquí, na Serra dos Ancares?

Non só non había crego en Piornedo daquela, senón que non había mestre de escola tampouco. Había dúas razóns para isto: primeira, os pais dos nenos só deixaban libres dos labores do campo a estes na improductiva estación do inverno, pois alí non hai cousa tal como a educación primaria obrigatoria; e segunda, os mestres de escola das aldeas están moi mal pagos e non poden vivir cos miserables soldos. Nas rexións máis ricas, preto das cidades, sempre poden gañar unhas pesetas dándolle leccións particulares a aqueles que as poden pagar. As mestras nomeadas para Piornedo polas autoridades de educación distantes, atoparon as condicións de vida na “palloza” demasiado malas, e non había quen puidese persuadilas a ocupar o seu cargo. Isto causou resentimento entre a xente de Piornedo, que comezou a sentir que os desprezaban. Os cabezas de familia máis emprendedores discutiron o asunto mentres tomaban unha copa de coñac do señor López, e remataron por mandar unha delegación ao crego para lle preguntar se el podía facer algo sobre iso. O crego viuse practicamente forzado a aceptar o posto de mestre, pero... iso foi no inverno último, antes de que rifase coa súa caseira e abandonase Piornedo. Díxome Manuela que o seu irmán Xosé indicáralle que neste inverno daría el clases se non mandaban a ninguén “de abaixo”.

Despois de varios días de teimosa chuvia, Piornedo era tan incómodo como unha trincheira da primeira guerra mundial. A leña rematárase, estas xentes subiron a cortala das xa poucas árbores que había nas súas montañas, e volveron cun carro de bois cargado con ponlas verdes que non poderían arder. O patio era unha poza de lama, e dentro da “palloza” o cheiro que se ergueu de borra mollada, plumas de aves e pel de porco, era algo completamente único na nosa experiencia. A auga pingaba dentro do local da escola e cada noite o ritmo das pingueiras variaba co aumento de manantíos que deixaban pasar a auga; a porta abríase de golpe co vento, os frouxos cristais das fiestras facían un ruído penetrante e as refoladas de vento cargadas de po subían por entre as anchas fendas das táboas do piso. A esfarrapada bandeira española sobre o meu leito, movíase arreo abanándome desagradablemente a faciana toda a noite. Os días eran grisallos e fríos. A nosa existencia de zapatos e botas estaba empaxada de auga, e era imposible procurar máis dunha bebida quente ou comida cada día, xa que o lume xamais se acendía ata o entardecer. (Xa había días que esgotamos o combustible do noso pequeno inferniño).

Levou ben máis de dúas horas quentar un caldeiro de auga, que nunca puido pendurarse do único gancho que había enriba do lume, xa que estaba monopolizado pola comida familiar, pero mereceu ben a pena agardar; o noso baño de pés nocturno representaba un “sumum” de luxo e comodidade, polo que agardabamos anceio-

sos case todo o día. Era ademais case unha orixe de divertimento. Como a auga tendía a se arrefriar rapidamente e só había un caldeiro e unha almofia, non era posible levar a auga en condicións ata a lúgubre “palloza” de Roberto, así que o meu cuarto fíxose o centro de operacións. Unha noite corresponderíame lavar os meus pés primeiro, e á noite seguinte tocaríalle o turno a Roberto. A nosa toalla chegou a estar tan mollada (moito antes de rematar a semana) que tiven que empregar os dous vestidos de verán de reposto que levaba na miña mochila, e que nunca poría de novo naquela tempada.

Roberto estaba moi ledo, pese ao feito de estar pasando magoantes noites sen durmir, e víuse obrigado a se rasurar cunha crema de afeitar española que debía usarse con auga quente, e non se prestaba, polo tanto, ás condicións da “palloza”; pero eu volvíame de cada vez máis deprimida e aborrecida, ao me erguer polas mañás despois dunha ollada ao anaco de ceo plúmbeo cargado de chuvia a través da miña fiestra. Auga fría para me lavar e pan mouro para almorzar era todo o que a unha lle agardaba no despertar na mañá húmida. Comezaba a entender como unha podía volveuse unha deprimida maniática.

A xente de Piornedo sacara capas de la adobiadas cunha banda escarlata que ataban á fronte cando chovía. Isto asemellábase aos beduínos, especialmente ao ollalos desde a fiestra do meu cuarto, desde onde as súas faces eran invisibles e unha só ollaba as figuras encapuchadas camiñando senlleiras, coas súas cabezas anesgadas, dun lado para outro, entre os seus “hórreos” cubertos de lama e as súas tristes “pallozas”. Sentiámonos compartillar o sino dunha desaloxada tribu do norte de África que fora arrastrada e encallada, polos malévolos ventos, nos desertos cumes montañosos dun posto avanzado norteño do antigo imperio árabe.

Os animais, na aldea, eran moito máis atraentes que os seus donos: as vacas de doce cara, os resignados bois, as pequenas ovelas brancas e negras, e, especialmente, as mal encaradas cabras, cunha longa e satinada pelamía que nos fixo lembrar o “vellocino de oro” de Jasón. Case tódalas pallozas de Piornedo tiñan cabras. Tódolos días un individuo dunha “palloza” diferente tocaba no mesmo sitio unha frautiña de son estridente: era este o sinal para que toda a comunidade de cabras se xuntase para ser conducida a pacer nas montañas. Tódolos días un mozo diferente camiñaba a longos pasos polo carreiro, baixo un gran paraugas negro, á fronte dun anxeioso rabaño de trescentas cabras de trote rápido, ao que se arrecían ocasionalmente unhas poucas ovelas. Estas últimas, non obstante, eran levadas correntemente a pacer por separado noutra dirección. Algunhas veces as que chegaban tarde subían correndo cos seus donos detrás, que lles berraban con desespero ao pastor do día: “¡Chama ás cabras! ¡Chama ás cabras tras ti!”, e alá ían todo o día, ata que o delicado bater das súas pequenas e limpas pezuñas volvían a se ouvir de novo ao baixar das montañas ao anoitecer.

A xente de Piornedo sentía que ollasemos as súas montañas por primeira vez con tan mal tempo. “Vostedes deberon vir en agosto”, dicían, engadindo: “¡Veñan máis cedo o ano que vén!”. “Pero vostedes necesitan chuvia”, lembrámoslles, pois estiveran queixándose da seca poucos días antes. “Certo, certo”, admitiron, “pero agora ti-vemos xa auga dabondo; ademais a chuvia non é boa para tódalas

cousas. Agora estamos cansos dela”. Tamén o estabamos nós, e agardabamos impacientes pola volta de Xosé coa resposta de don Antonio. Manuela pensou que Xosé, probablemente, tería que se deter máis dunha vez na súa viaxe por mor da chuvia.

Xosé chegou ao cabo, non obstante, ao entardecer do venres, moi mollado e cargado con paquetes todos empapuxados tamén. Tivera que pasar a noite anterior nunha aldea a medio camiño entre Quindós e Piornedo. Dixo que se sentía contento de estar de novo na casa, pois o camiño estivera moi esvaradizo, facéndose tedioso. Seguirono a través da aldea media ducia de aldeáns, que lle fixeran compañía deica o enlamado patio cheo de porcos chións e sucias galiñas. Estiveran fitando con fixos ollos bovinos desmontar a Xosé; despois adiantáronse anxeiosos, en grupo, axudándolle a meter os seus paquetes no cuarto á beira do meu, e axiña o son de pesas, moedas e descorchar de botellas sinalou a execución dalgún negocio. Xosé non volveu aparecer ata moi adiantada a noite, vermello e gozoso polo resultado da súa proveitosa viaxe. Entregoume unha carta de don Antonio, na que nos aseguraba que mandaría un automóbil a nos procurar a Degrada ao domingo seguinte pola tarde. “¿Non especificou a que hora?”, preguntámoslle a Xosé. “Non, dixo soamente “pola tarde”, pero realmente non importa. O automóbil agardará ata que vostedes cheguen”, dixo confiadamente.

O cuñado de Manuela, un xove electricista que traballaba instalando cables nunha aldea ao pé da Serra, quedou citado para que nos servise de guía. Aproveitou esta viaxe para lle traer o correo á xente de Donís e Piornedo, pois o peón remataba o seu cometido no río Ser. Alén deste límite, ou máis ben sobre el, xamais ningún carteiro puxo pé, ora polo seu traballo ou por gusto. O correo deixábo nunha casa á beira do río e entregábaselle aos pouco frecuentes transeúntes dunha ou outra aldea da montaña, aos que se lle confiaba a súa distribución xeral.

Aínda chovía moito na mañá do domingo, e o cuñado de Manuela, que puxera o seu mellor traxe para nos acompañar na nosa volta á civilización, pero que non parecía dispor dunha gabardina, pensou que sería mellor agardar deica o mediodía antes de saír, xa que caía demasiada auga para o cabalo de carga que ía levar a nosa equipaxe. O cuñado chamábase Manolo, un nome familiar e ledo que non lle cadraba, pois era delgado, esluado e serio. Manolo soa tipicamente español de máis para lle ser dado a outro que non sexa un toureiro ou o protagonista picaresco dunha novela. O noso Manolo, non obstante, era de carácter calado e teimudo, e a súa cuñada dáballo ordes despoticamente, coa acostumada crenza de que ela pertencía ao “reximento monstruoso” que ten plenos poderes na Galicia matriarcal.

As nubes abríronse un algo despois do mediodía e o sol brillou, secando os lamazais no menor tempo posible. Cometimos o erro de dicir que faríamos unha fotografía da familia fronte da “palloza” antes de marchar. ¿Quen o ía supór? Unha hora xustamente lle levou á familia prepararse para se pór diante da cámara, facendo con iso que tódalas nosas esperanzas de os retratar no seu estado natural se viñesen abaixo. O señor López estaba como forzado, tusindo e cus-pindo máis que nunca, cando un desacostumado colo duro suxei-taba o seu cetrino pescozo. O neno de peito estaba todo envurullado no que desde lonxe semellaba un chal tolerablemente limpo;

unha pesada chaqueta de pel de cabra agachaba as deficiencias indumentarias da nena; Xosefa lavou a cara e mesmo se peiteou, mentres Manuela apareceu, corno sabéndose mirada, cun negro vestido limpo e o seu cabelo peiteado con raia ao medio, caéndolle solto sobre os ombreiros.

Levounos cinco horas chegar a Degrada, cinco inesquecibles horas de subir e baixar as costentas montañas e camiños ao longo do río Ser. Manolo ía diante andando e conducindo do ramal ao cabalo, semellando case airoso de máis coa súa chaqueta de cor azul ceo que lle chegaba aos cadrís, mentres nós camiñabamos detrás, deténdonos a cada momento para admirar a paisaxe.

En Donís torcemos á esquerda por un camiño que baixaba dándolle voltas á montaña, pasaba por unha estreita ponte e subía despois outra montaña. Os pasteiros da aldea estendíanse moito máis alá, onde estaban os “cominos” ou colmeas do lugar. Son estas de madeira e teñen tres pisos, cun tellado de pedra gra, todas situadas a unha media milla da aldea, pois as abellas son completamente salvaxes.

Cando estabamos a medio camiño ao redor da segunda montaña, ollamos a tranquila aldea de Xantas, atobada entre castiñeiros. Non dexergamos unha alma ao atravesala. Podería pensar unha que fora abandonada, se non fose polo cheiro acre da leña que se queimaba, ou o son do forte alentar dos porcos tras das baixas paredes de pedra.

Alén de Xantas, un dos vales forqueábase a cada banda dunha montaña cónica que tiña o seu cimo cuberto de feitos, dous vales onde brillaban bidueiros lanzais á beira dos máis verdes pasteiros que xamais olláramos. Tampouco dexergamos a ninguén, pero escoitamos risos de venos resoando ledamente sobre nós. Unhas cantas vacas pacían acougadamente á beira do Ser, que non é maior que un regueiro, aínda que lle chamen río; ipero que regueiro tan tranquilo e feiticeiro é!, gurgullando feliz entre feitos e castiñeiros moi chatonados de froito que lle subministrarian á xente da montaña a base da súa alimentación no inverno. Nun destes vales, os pasteiros atinxían ata a metade da costa da montaña; resulta interesante ollar como se arranxan as vacas para se soste de pé na case perpendicular costa. Os pasteiros ao longo do río Ser reducíanse a longas faias aveludadas, tan mestas, tan uniformes e tan ben coidadas que parecían pertencer a un parque particular. Esta parte semellaba arrequecida, moi diferente da espida meseta que rematabamos de deixar e dos senlleiros conos riba de nós. Eu nunca vira antes vales tan pequenos e vivaces, e non agardara ollalos nos, por outra parte, desertos Ancares.

A derradeira etapa foi a máis dura, e a subida da montaña a Degrada era tan contenta que, cando erguemos os ollos cara o cume cuberto de feitos, só podíamos dexergar o monte, a cor de ferruxe, enaguas con tinta de outono baixo as capas aínda verdes das follas.

Roberto, a quen comezaba a lle doer o nocello, dixo entre dentes que non había moita diferenza entre elixir o camiño que vai a Quindós e o que vai a Degrada. Iamos subindo, abafados, pola metade da corga da última montaña, cando batemos cun home que baixaba cun cabalo, ao paso cómodo dun verdadeiro montañés. Mirounos, burleiro, ao nos desexar “buenas tardes”, e antes de nos dicir sen emoción algunha: “¡Ah!, vostedes deben ser as persoas ás que

veu buscar o automóbil en Degrada”. Nós quedémonos parados, fíndoo asustados, chocándonos o emprego que facía do tempo pasado. “¡Home!, ¿Chegou xa o automóbil?”, preguntoulle Manolo.

–“O automóbil veu, deu a volta, e foise de novo”, dixo o home concisamente.

–“¿Dixo o chofer cando volvería a nos buscar?”, preguntueille.

–“¡Ouh, non!. Foise para non voltar. Adeus”, dixo o home seguindo o seu camiño. Quedeime mirándoo con moito disgusto e sen dicir palabra. “Bueno, non me sorprende nada”, exclamou Roberto con riso sarcástico.

–“Estaba a agardar algunha cousa como esta desas cabezas aporvadas. Nada pode estar propiamente organizado, ninguén traballa de acordo cun plan... desorde, desorde, desorde, ineficacia e irresponsabilidade”.

–“¿E como é Degrada? ¿Atoparemos acomodo alí?”.

–“Si, hai unha “fonda”. Non moi grande, desde logo. Os choferes de camión que veñen buscar troncos de árbores pasan a noite alí algunhas veces, pero, de tódolos xeitos, debe haber camas dabondo”.

–“¿E mañá que? ¿Subirá de seguro o automóbil de novo? Don Antonio non pode deixarnos aquí embarrancados; despois de todo el sabe que Roberto ten encordado un nocello”.

– “Penso –dixo Roberto amarguradamente– que sería mellor tornar precaucións para o caso de que o automóbil non volva, e procurar o xeito de saír de Degrada polos nosos propios medios mañá”.

Despois do esforzo para chegar ao cume da montaña, atopámonos nunha meseta sen vexetación que daba a un val sen árbores. Unha estrada mala e lamacentasobre a que se notaban os frescos sinais de cubertas de automóbil levaba a dúas miserentas casoupas con tellados de pizarra baixo o agreste da montaña. “¿É iso Degrada?”, preguntueille anceiosamente. Manolo asentiu coa cabeza. Non obstante, había que andar un pouco máis; había un terceiro edificio ao volver a esquina, a tenda co seu despacho de viños e a “posada”, e un grupo de sucias casas de labranza abaixo, ao nivel da estrada, incluíndo unha “palloza” en ruínas, empregada agora como palleiro.

Un grupo de homes estaban sen facer nada á porta da pousada. Entre eles figuraba un dos finos do señor López, o mourán que estivera ocupado arreo en facer zocas e calzado para a neve. Fora diante de nós co fin de levar o cabalo de novo a Piornedo aquela tarde.

Entramos a pedir unha ronda de viño e enteirarnos sobre as nosas camas. A moza do mostrador que serviu o viño díxonos que podíamos xantar arriba, e que a súa nai vería sobre as camas... ¿cantas nos cumprían? A súa faciana púxose seria cando lle dixemos que necesitabamos tres, unha para cada un, e chamou á súa nai para ver corno podía levarse a cabo esta fazaña. A nai era do tipo que moveu a Estrabón a comentar tan friamente sobre a forza e barileza da femia galega.

Preguntamos de seguida como poderíamos marchar á mañá seguinte, no caso de que non mandasen o automóbil de novo, inda que Manolo estaba convencido de que viría. Se baixasemos andando pola estrada unhas dez millas, díxéronnos, bateríamos coa “ponte”, e nesta ponte podíamos coller o ómnibus que vai tódolos días de Pedrafitas a Liber, e que pasa por alí ao entardecer. O lugar de Liber

estaba soamente a cinco millas de Becerreá, podíamos durmir en Liber e seguir a Becerreá á mañá seguinte no ómnibus das oito. Agar-daba de todo corazón que voltase o automóbil a nos buscar.

“Suban e descansan mentres lles preparamos algo para xantar”, suxeriu a moza de cabelo corredío de tras do mostrador. Subíase ao primeiro piso por unha rampa á beira da casa, e a través dunha porta aberta a unha lúgubre pasaxe que levaba ao “comedor” semellante a aquel de Quindós, amoblado cunha mesa e dous bancos. O termo “comedor” era grande de máis para llo aplicar a este miserento cuarto, veciño dun dormitorio con dúas camas e sen fiestras. A nai da familia estaba a facer estas dúas camas para Roberto e Manolo á luz dunha vela cunha chama longa e delgada que tremía atariñante ante o vento que se ergueu de súpeto. Aínda que non houbera fiestras no cuarto, había abondo regandixas e buratos para que entrase o saloucante vento. A sombra da faciana da muller comezou a bailar na parede; os seus rasgos facíanse longos e afiados corno os dos bonecos nunha comedia xavanesa de sombras, e os seus dedos osudos apertaban as sabas igual que un engulipador de cadáveres collería unha mortalla. Despois de a fitar atentamente, Roberto declarou que el durmiría enriba do banco no cuarto de enfronte.

Facía frío e sentiámonos moi cansos. Sentámonos nos duros bancos e miramos pola metade da pequena fiestra do comedor (a outra metade estaba pechada por un postigo de madeira solta, terminado por unha barra de ferro enferruxado). Estabamos á beira dun val en forma de ferradura. No solpor grisallo a sombriza cadea de montañas de enfronte parecía sen releve e sen vida, igual que unha augada sen rematar. Pensei unha vez máis como habería seres humanos que elixisen lugares semellantes, imperdoables para vivir. Imperdoables... si, era esta a palabra que os describía mellor. Sentimos que non tiñamos dereito, en absoluto, a estar alí. Ningún ser humano o tiña. Era unha ruta para almas abandonadas, unha Vía Láctea espiritual. As negras figuras que rondaban ao fondo coas luces das súas lámpadas atariñantes, debían ser nomeados como choróns permanentes desta metade de camiño entre a terra e o ceo. Escoltamos o vento, e un sentimento de desacougo adonábbase de nós conforme a noite alagaba a Serra.

Por casualidade servíronnos repetido, o xantar de Quindós: tortilla de patacas, bonito e ensalada de tomate. Tallamos un pouco do noso “membrillo” para postre e despois, ao se facer moi intenso o frío, retireime ao meu pequeno cuarto e mentime no leito. Aínda alí, baixo as pesadas mantas igual que alfombras como as dos Ancares, unha non se sentía protexida de cheo contra o vento, nin libre de desacougantes presaxios.

Os invisibles membros da familia foron entrando, un por un, arrastrando os pés, no dormitorio veciño, afastado do meu só por un tabique delgado de madeira e unha abertura cadrada cuberta cun trapo descolorido. Mesmo os estólidos aldeáns dos Ancares non son inmunes aos pesadelos. Quedei sorprendida ao ouvir o inquedos que pasan a noite, e o que falan e rosmán en soños. Había tamén outros sons máis intimamente domésticos... Escoitei a Manolo roncar suavemente, mentres o renxer do banco do comedor á esquerda e un ocasional suspiro insinuaron que Roberto pasou sentado toda a noite, como dixo que faría.

Erguinme sobre os cóbados e mirei ao val azoutado polo vento. A lúa lucía brillante, iluminando os cumes das empequenecidas fi-leiras de montañas que se estenden cara ao Cebreiro e a Serra do Caurel. O Cáliz Sagro do Monte Cebreiro era a última cousa que eu quería ver antes de deixar Galicia. En espírito eu estaba case alí xa. Só unhas poucas millas ao lonxe, onde voa o corvo, onde un opalescente manto penduraba lixeiramente sobre as montañas máis distantes, estaba o santuario do “Santo Milagre”; un lugar sagro por-que moitos peregrinos foran alí con fe crendo na posibilidade dun milagre, e volveran inflamados por unha faísca de inspiración espi-ritual que podía conducirlos a executar nobres accións. ¿Será esa a vontade do Cáliz Bando se fai visible? ¿Será simplemente a encar-nación dunha forza ennobrecida que vén de Deus?

Como na Noiteboa, a noite estaba cargada de brillantes radia-cións. Sentíase a merma expectación, o mesmo presentimento dunha visita sobrenatural. ¡Ai!, quedei durmida antes de que ocorrese, para despertar moito máis tarde, na noite, cun sentimento de frustración, como se perdese algo de grande importancia. Pois, fose o que fose, pasara xa sobre as montañas e desaparecera. A lúa agachárase tras dunha cortina de mestas nubes e o vento erguérase de novo en al-porizadas refoladas que batían nas fiestras igual que un exército de monos tolos dedicados á destrucción. Chegou o abreinte ao cabo, vagacento e corno morto ao nacer. Non había vida no día. Era hú-mido, gris e deforme.

Erguinme de mala gana. No cuarto veciño Roberto estaba a pedir chocolate quente (non había café) e ovos fritos para tres. Manolo paseaba arriba e abaixo, como desesperado fronte á pousada, coa súa chaqueta azul ceo, pensando no que faría despois. O dono do único cabalo de carga que valía en Degrada pediulle que se decidi-se rápido, porque se nós non necesitabamos os seus servicios parti-ría de contado para a feira de Pedrafita. Non podíamos deixar pasar esta única oportunidade, porque se o auto non viña, veriámonos obrigados a ir andando, e non podíamos cargar nós mesmos coa equipaxe.

Ollamos a Manolo e ao home co cabalo camiñar penosamente ao longo da lamacentada estrada e desaparecer na curva, mentres nós quedabamos paseando arriba e abaixo para nos quentar. Pagamos despois as nosas contas por facer algo. Tivemos que liquidar dúas: unha coa vella patrona pola tortilla e as camas, e outra coa filia polo viño e as latas de bonito. As dúas contas fixeron a respectable suma do valor dunha libra esterlina: respectable para os Ancares.

Como non aparecera ningún automóbil despois de agardar unha hora, que se nos fixo moi longa, resolvemos saír camiñando para o val. Polo menos iríamos cara a un obxecto definido, cara á distante ponte que nos permitiría restablecer relacións co mundo exterior. Aínda que Roberto tiña o nocello dorido e inchado, tamén el pre-feriu baixar da Serra en cómodas etapas, mellor que agardar indefi-nidamente. Así mesmo, comezabamos a nos decatar, algo disgusta-dos, de que, en calquera caso, sería parvada agardar, porque ningún automóbil subiría a nos buscar. Escoltamos unha vez o son dun motor e miramos esperanzados, só para ver un camión avatando con esforzo, cargado de serranchíns de madeira mal encarados.

Despois de deixamos Degrada non ollamos máis “pallozas” entre as casas de labranza na retorta estrada. Soamente atopamos a

un home cun porco, e despois un grupo de homes a cabalo, que asentiron coa cabeza secamente en resposta aos nosos ledos “buenos días”. As castañas medraban mestas nas árbores, as pegas barullaban nas valgadas dun verde escuro; de vez en vez chegaban a nós os primeiros esvaídos cheiros do outono que saían dos bosques, e as nosas línguas sentían o proer do gusto acedo das follas mortas. Isto foi cando baixamos ao val e anovamos o contacto co ciclo das estacións, porque a montaña de riba de nós estaba tan arredada de toda esta melancolía como un místico o está da emoción humana.

Chegamos ao cabo, á ponte, unha ponte moi pequena por certo, sobre unha rápida corrente de auga clara. Empoleirado sobre un cotarelo piramidal estaba o restaurado castelo de Doiras, do século XIV, pouco maior que un torreón, e de difícil acceso. A diferenza do torreón do señor Carrera, este era, non obstante, habitable. Era o castelo que pertencía ao amigo sudamericano do señor Castroviejo. Agora comprendo por que tivera un “jeep” e non un “Cadillac”, para chegar ata á súa posesión.

Había unha pousada preto da ponte e atopamos a Manolo sentado sobre un barrelo baleiro fóra dela, coa nosa equipaxe apiada aos seus pés. O home co cabalo fora camiño de Pedrafita. A pousada era lixeiramente superior á que deixáramos atrás en Degrada. Subíase ao primeiro piso do mesmo xeito, ou sexa, por unha rampa á beira da casa; pero unha vez que chegamos alí atopámonos con que a cociña facía tamén de comedor. Había unha estupenda cociña económica con azulexos brancos, que servía de mesa, e na que podíamos quentar as pernas mentres xantabamos a nosa invariable comida de pousada.

O autobús para Liber probablemente chegaría tarde, pensou a xove muller do pousadeiro. Era unha muller de cara esluada e cabelo loiro que estaba preñada, coa graxenta complexión que caracteriza a miúdo o estar en tal condición. Mentres ceabamos asoábabase de vez en vez cos dedos, e despois limpaba estes na enagua.

Xustamente no momento en que comezabamos a crer que o autobús se avariara, para completar o ciclo das nosas desgracias, ouvimos un retumbar xordo que viña de máis alá da ponte, e albiscamos un achaparrado e negro vehículo que se achegaba chuscando as luces como se fosen un par de cansos e irados ollos. Foi saudado ruidosamente cando parou, todo tremante e renxente diante da pousada, e un número increíble de persoas saltaron del. O chofer estaba tan canso que refugou a invitación amigable do pousadeiro para beber algo. Sentado ao volante, e fumando, mirou o negro baleiro que tiña diante ata que se foron tódolos viaxeiros, que ficarían alí cos seus paquetes, e subimos nós, seguidos por un homazo que levaba un par de pistolas.

Manolo esforzouse inutilmente en persuadir, e mesmo en subornar, ao chofer para que nos levase ata Becerreá. “Demasiado tarde. Levamos xa tres horas de retraso”, respondeulle o chofer. “¿Atoparemos acomodo en Liber?”, preguntámoslle ao acompañante do chofer, que era tan modoso no falar e de bo xenio como o chofer era túzaro e groseiro. Asentiu coa cabeza con optimismo. “Seguramente, seguramente”, dixo.

Chegamos a Liber a medianoite e paramos fronte á consabida pousada, cos seus barrelos de viño e latas de bonito, aos que agora lles estamos tomando moita rabia. Os catro homes que xogaban ás

cartas sobre un dos barrelos estiveran agardando, evidentemente, polo noso autobús para pechar despois a pousada. Había só outra pequena casa á vista, a onde se dirixiu de seguida o home das pistolas, e outra escura casa de labranza máis embaixo da estrada. Puiden ver pola ollada de anguria na cara de Roberto, que o seu pé molestábo despois da longa camiñata desde Degrada, pero parecía que non ía descansar aínda.

O pousadeiro tiña sono e estaba determinado a se ir deitar tan axiña como fose posible. Certamente non pensaba en tomar a amoladela de atender a cansos e fastientos viaxeiros a tales horas; así que nos dixo secamente que non había cuarto na pousada e pechounos a porta nos fuciños. “Imos ver na casa de labranza de enriba da estrada”, suxeriu o acompañante do chofer en voz baixa. “¿Que distancia hai desde aquí?”, preguntoulle Roberto. “¡Ouh!, nada... nada..., só un quilómetro”. “¡Un quilómetro enteiro!”, rosmou Roberto, “e Deus sabe as moitas pulgas que haberá ao final. Quedaría de mellor gana no autobús”.

O axudante do chofer, canso como estaba, acompañounos deica a casa en cuestión e regresou de novo connosco, pois non había cuartos alí tampouco, e estaba moi preocupado polo que nos sucedía. Comezou a chover e os bicos de enriba de nós parecían acazapados entre as nubes como sombrizos touros negros. Durante o camiño de volta da casa de labranza, o noso compañeiro falounos longamente sobre as súas condicións de traballo. Nós, coxeando, escoitabamos con tanta simpatía como podíamos coa nosa mente, entón algo egoísta, o que nos dixo das súas moitas horas de traballo e pequeno soldo. Recentemente ofrecéranlle unha colocación mellor en Madrid, e, despois de todo, ¿non era esa a ambición de todo cobrador de autobús español, de poder exercer o seu oficio na Gran Vía madrileña? ¿Como podía compararse a chepuda estrada entre Pedrafita e Libar con aquela?. Pero el era galego. “Dubido marchar para Madrid”, dixo suspirando, despois de detallar tódalas vantaxes que tal cambio lle daría, “porque ía botar de menos os verdes vales da miña Galicia. Non hai nada como eles no mundo”.

Manolo camiñaba pesadamente, silandeirol, á nosa beira. Fíxeráse á idea de ir camiñando as cinco millas que nos afastaban de Becerreá, pero cambiou de xeito de pensar cando comezou a chover, probablemente mirando pola súa chaqueta azul.

O noso autobús estaba inclinado á beira da estrada, a pouca distancia da pousada. Parecía como abandonado. Roberto comentounos que sempre pensou que teríamos que pasar a noite nel. O axudante do chofer abriu a porta e convidounos a entrar coa airosa reverencia dun lacaio nun hotel de luxo. “O asento de atrás é o menor”, indicounos con xeneroso aceno dos seus brazos. Despois, cando escollemos os nosos sitios respectivos para pasar a noite, el tirou e envolveu coidadosamente a súa vella e gasta chaqueta de cor café, entregándoma gasalleiramente para que me servise de almofada, antes de nos desexar que pasáramos unha noite tan boa como fose posible, dadas as circunstancias.

Logo dalgunha discusión, fixen que Roberto, que era con moito o máis alto de nós os tres, ocupase o longo asento de atrás. Elixín para min un asento do medio da banda esquerda, que me viña case xusto, con tal de que encollese os xeonllos ata que me tocasen o queixo. Manolo escolleu o asento de diante e de seguida abriu a xa-

neliña do seu lado, deixando entrar unha corrente de aire frío e húmido.

“¡Que extraordinario individuo é!”, borboriñou Roberto desde atrás. “Cando compartimos o pequeno cuarto de Degrada nin tan sequera permitiu a porta aberta, e agora, neste maldito autobús, teima en abrir a xaneliña”.

A noite decorría interminable, sementada de pesadelos, de desvelos tremantes e súpetos ataques de caímbre. Ata o abrente parecía tomarse moito tempo en se ceibar da súa mortalla de brillo prateado. Logo chegou o cobrador do autobús para tirar o toldo que cubría a baca, preparado para saír de novo cara a Pedrafita. Sentámonos e boquexamos. Tiñamos os ollos pesados e sentiamos a anguria que produce o estar sen se lavar e peitear.

Algunhas persoas viñan andando para agardar o autobús de Becerreá. Viñan limpos e levaban zapatos moi brillantes, mirando con aglaio o noso bruto calzado montañés todo cheo de lama e esterco. Nós sentiamos non poder levar un letreiro pendurado do pescozo, que informase á xente que rematabamos de chegar de pasar unha semana nunha “palloza”.

O chofer do noso coche-cama apareceu co mesmo mal xenio que a noite anterior, rifándolle ao suave cobrador por nos consentir durmir no autobús. Realmente estaba picado porque ninguén lle pedira permiso primeiro. Mirounos todo acoso e berroulle ao cobrador que se faltaba algo faríallo pagar a el. (Non había moito que levar, iagás que desmantelasemos o autobús!). O cobrador riu pacientemente e non respondeu.

O coche para Becerreá chegou con hora e media de retardo, e viña tan cheo que desesperabamos de atopar un pouco de sitio para ir de pé, pero a xente de dentro, moi atenta, comprimíuse de tal xeito que puidemos acomodarnos, e así fomos, alentando con traballo, ata que o brillar dos balcóns das casas de Becerreá apareceu ante a nosa vista entre os carballos ananos.

O lugar de Becerreá, despois dunha semana de chuvia, ás nove da mañá cargado de humidade, pareceunos moi diferente do poeirento lugar queimado polo sol e de vida abritada que viramos durante a feira de gando só dez días antes. Un fachendoso automóbil sudamericano estaba á porta do único hotel. Por desgracia, os seus ocupantes eran dabondo numerosos como para ocupar tódalas habitacións, e a propietaria moveu a cabeza negando, tan axiña como nos viu na porta, cheos de esperanza. Entón, Manolo levounos pola rúa a unha “fonda” administrada enteiramente por mulleres; dúas vellas grosas (probablemente viúvas) gobernaban a cociña, e dous mozos delgados servían a mesa. Todo parecía limpo. Había un cuarto de baño pisado de baldosa, e cobertores novos de la de León nas camas. Despois dunha semana pasada na “palloza”, todo representaba para nós o maior luxo.

Manolo deixounos para que nos lavasemos e descansasemos, mentres ía á casa da súa nai a procurar mostras dos produtos das súas minas de chumbo. Pensaba que podía haber uranio netas, e así podíamos facer todos unha fortuna, porque ouvira que o precio de tal artigo de moda cifrábase ao redor de mil libras esterlinas por quilo. Nós podíamos ter o cincuenta por cento das vendas, engadiu xenerosamente. Aínda que Roberto e mais eu non sabíamos moito de uranio, dubidabamos sobre o sentido práctico da proposta. Ro-

berto opinaba que cumpría un número considerable de rocha e chumbo para poder extraer un de uranio, e, ademais, ¿non había regulaci3ns intemacionais, ou un monopolio do goberno, ou algo igualmente restrictivo?, “¡Ouh, si!”, dixo Manolo de seguida, “pero podíamos embarcalo doadamente de contrabando para Inglaterra”; suxeriu que partos illados, como Corme e Muxía, podían servir para este propósito. Cando estabamos tratando de o persuadir do difícil do plano e o estraño que resultaba para o noso xeito de ser, apareceu o irmán máis novo de don Antonio cun sorriso apoloxético e unha longa cadea de excusas para nos explicar o por que o automóbil non volvera a nos buscar. Confesou que fora falta súa por non ser “debidamente explícito”, co chofer, rematando por nos convidar a un té español ás sete da tarde. Pero non nos sentiamos dispostos a esquecer o que considerabamos máis importante aínda: o noso único día en Becerreá era a nosa última oportunidade de ver o Santuario do Cáliz Sagro do Cebreiro, antes de regresar a Lugo, e de alí a Vigo, rumbo ao noso país.

Pasamos a mañá arranaxándonos, e mesmo tomamos un baño. Foi unha operación laboriosa, pois non había instalaci3n de auga na “fonda”. Tivemos que encher o baño a man, cubo a cubo. O home da “fonda” que tiña ao seu cargo esta esgotadora operaci3n, era un home encanecido que, ademais de estar medio entalado, sufría de ataxia. Carretaba auga durante o día e facía de sereno durante a noite. Por sorte, había unha fonte mesmo fronte da “fonda”, na deserta praza onde estaba a casa do concello. Este estaba profusamente adobiado con símbolos falanxistas e unha chacoteada torre de reloxos que parecía fráxil de máis verbo do resto da sólida estrutura. Este reloxos estaba alumado de noite por unha lámpada eléctrica que penduraba sobre o número doce; valéndose dalgún mecanismo interno, repetía as horas dúas veces cun intervalo de dez segundos. Descubrimos máis tarde que isto tiña unha intenci3n, e que os habitantes de Becerreá estaban convencidos de que tódolos reloxos de concello repetían as horas, “para o caso de que vostedes non oian ben a primeira vez”, explicáronnos.

Visitamos a don Antonio para lle dicir adeus, e atopámolo ocupado cun colega. Atesouse un pouco ao nos ver, marcóuselle máis a dobre barbela, e estendeu a súa man friamente. Pensamos que, dadas as circunstancias, sería máis axeitado en nós, adoitar un aire de ofendidos. Don Antonio, non obstante, nunca aludiu á nosa desditada experiencia recente, pero preguntounos, se, sobre os planos de inmediato futuro. Cando lle mencionei O Cebreiro, dixo que falaría cun amigo seu para que nos levase alí en automóbil pola tarde. Decatándome da ollada de alarma de Roberto, indiqueille que podíamos facer nós mesmos todo o necesario para o transporte. Pero don Antonio foi inflexible. “Vostedes teñen que comer cedo”, díxonos, “e subir ao Cebreiro mentres haxa boa luz para tirar fotografías. Eu direille ao meu amigo que os vaia procurar entre a unha e as dúas”. Quizais era este o seu xeito de emendar as cousas, discutín despois con Roberto.

Persuadimos ás viúvas da “fonda” para que nos servisen a comida cedo, e logo sentámonos a agardar. Eran as tres da tarde e non aparecía ningún automóbil, nin mensaxe, nin explicaci3n. Despois de que Roberto desafogase cunha xustificaci3n andanada de “xa cho dicía eu”, saíu a grandes pasos e entrou nun café para preguntar por

un taxi. Os homes que estaban alí sentados tomando café, abanearon a cabeza lenta e desalentadamente. “Non hai ningún taxi”, dixeron. Un home alto e ben vestido ergueuse de súpeto e veu cara a nós. “Eu teño un automóbil”, dixo, “e podo levalos ao Cebreiro, se queren, por trescentas pesetas”. Aceptamos encantados. Resultou ser o representante local dunha marca de xerez, anglófilo e anticlerical (igual que moitos outros homes que atopamos en Galicia) e satisfeito de atopar unha oportunidade de gañar unhas pesetas.

Ao cabo estabamos camiño do Cebreiro. Desde Becerreá a Pedrafita a estrada vai dando voltas a metade do camiño, subindo as montañas en longos e estreitos repregues, pasando aldeas grisallas entre arboredas de castiñeiros, as anchas chemineas das cales deixaban saír retortas columnas de fume azul dun sabor tigre. Os grandes vales, tronzados en rombos de cor cobre, estaban beirados por grupos de freixos; as bagas escarlata abalábanse ao vento e o enrugado fieito que coroaba as montañas renxía penosamente de vello. No ceo opalino grandes nubes brancas remontábanse tan rápido que non deixaban sombra algunha.

Despois de que levabamos rodado unha hora máis ou menos, o representante do xerez sinalou coa man unha meseta entre dúas montañas fronte a nós. “Alí está o Santuario do Cebreiro”, díxonos. Os nosos ollos percorreron a cadea de montañas que marcaban a súa silueta contra o ceo branco; no centro só podíamos distinguir o contorno dunha pequena igrexa románica con algo que semellaba unha “palloza” á beira dela.

Pedrafita estaba sinalada no noso mapa con caracteres lixeiramente máis pequenos que os de Becerreá, pero eran aínda abondo grandes como para parecer dalgunha importancia. Quedamos, polo tanto, sorprendidos ao descubrir que só consistía nunha rúa de casas, e que era un pouco maior que unha aldea.

Pasamos diante da botica para preguntar onde vivía o crego, pois era o que tiña as chaves do Santuario e tería, polo tanto, que subir connosco. O crego do Cebreiro era novo. Dous anos atrás, díxonos, aínda estaba estudiando no Seminario de Santiago, e esta era a súa primeira parroquia. Tódalas mañás subía á montaña para misar na “Igrexa do Santo Milagre”, como chegou a se lle chamar. O crego novo nunca levara visitantes ingleses ao Cebreiro, e de primeiras pareceu dubidar un pouco sobre se debería expor as preciosas reliquias ao seu coidado, ante a nosa mirada herética. Cando estabamos a medio camiño do Cebreiro, preguntoume de súpeto: “¿Creen vostedes no sobrenatural?”. Cando lle aseguramos que si, pareceu tirárselle un peso de enriba; entón procedeu a nos contar a lenda do Cáliz Sagro do Cebreiro.

“O milagre ocorreu a comezos do século XIII”, díxonos o crego novo. “Literati eruditos discutiron verbo de si ou non O Cebreiro é unha ponla dun ciclo de lendas que coñeceron e espaxaron os peregrinos que ían a Santiago, e os moitos troveiros que se mesturaban con eles. Persoalmente son da opinión de que a historia do Cebreiro é xenuína e que non ten nada que ver con tal ciclo”. Sinalounos coa man unha pequena aldea no val ao pé do Cebreiro. “Ese é o lugar onde Xoán Santiñas, o heroe da lenda, vivía. Era un home extremadamente piadoso e devoto do santuario do Cebreiro, que existe desde o século XII (algúns din desde o XI). Unha mañá de inverno, no medio dunha treboada de neve, un pouco antes do Nadal,

Xoán Santiñas ouviu tanguer a misa na temesiña e pequena campá da igrexa do Cebreiro, misa que se di alí diariamente desde a fundación da propia igrexa. Pensou que habería pouca xente na misa ese día, quizais ninguén; atristurouno pensar que só o crego sería testemuña da presenza de Deus sobre o illado cume da montaña, e que non habería ningunha congregación para o adorar e cantar a súa louvanza. Xoán estaba a se facer vello; as xuntas dos seus membros eran máis rixas do que adoitaban ser, especialmente nestes amargurados meses de inverno, e leváballe máis tempo que na súa mocidade subir a encostada montaña. Non obstante, decidiui intentalo. Axiña sería o Nadal... Noso Señor non podía ser abandonado en tal momento. Xoán envurullouse ben na súa capa de la de cor café, calzou os seus zapatos para a neve, colleu o seu caxato e partiu, meténdose no cegador ventosío”.

“Facía un frío de xeo na igrexa do Cebreiro e o crego preparábase para misar sen entusiasmo algún. A faísca da fe morrera nel había moito tempo, non podía lembrar cando nin como. Agora cumpría as lúas obrigas automaticamente e desexaba que o trasladasen do austero Cebreiro, coa súa pobre e pequena parroquia de espaxados aldeáns que soamente viñan á igrexa nalgún número o oito de setembro, festividade de Nosa Señora. Tiña aspiracións intelectuais e sociais, e non podía deixar de sentir que a parroquia estaba por baixo do seu valer, pero o bispo de Santiago, ao que apelara varias veces, mantiñase inflexible. ¡Que invernos interminables eran estes, e que acolados! O crego sorriu cun algo de cinismo cando pasou fronte do altar. ¡Outra misa máis aínda nunha igrexa baleira! Era evidente que ninguén, agás un tolo, deixaría a súa palloza nun día tal. A penas abandonara a súa mente o pensamento, cando, ante o seu aglaio, ouviu que se abría a porta e sentiu os pesados pasos dun vello que entraba na igrexa. O crego chegara ao solemne momento de Alzar, pero volveuse pasmado para ver quen viñera andando a través da treboada de neve: “Soamente para mirar un cáliz e un anaco de pan”, segundo pensou. Na escuridade da igrexa sen alumar, o crego albiscou a voluminosa figura de Xoán Santiñas axeonllado, con tal extasiada expresión na súa faciana e nos seus ollos, que o crego receoso entusiasmouse sen o querer, volvéndose cara o altar para segui-la misa; pero agora tamén el se deixou caer de xeonllos e cruzou as mans con medo e adoración; porque o humilde cáliz que sostivera nas súas mans só un momento antes, transformárase milagreiramente no Cáliz Sagro, e a luz que irradiaba era case enceguedora no seu relumbrar celestial”.

Aí remata a historia. Nada sabemos do que foi do crego e de Xoán Santiñas, pero si sabemos que a sona do Cebreiro se espaxou ata moi lonxe, e que o santuario estaba sinalado como punto de parada no itinerario do “Camiño Francés” dos peregrinos a Santiago de Compostela. Un hospital e unha hospedería construíronse á beira do santuario para os peregrinos ingleses e irlandeses, e mandáronse monxes bieitos ao mosteiro desde Santiago. No século XV os Reis Católicos, Fernando e Isabel, pasaron unha noite no Cebreiro e amosáronselle as reliquias que tódolos peregrinos viñan adorar aquí: dúas pequenas redomas, unha contendo sangue e a outra un miúdo anaco de carne humana, son as probas tanxibles da efémera aparición, coas que se convence a aqueles que necesitan ver para crer.

Os Reis Católicos pensaron que as redomas eran un receptáculo demasiado humilde para tales obxectos sagros, e así, en memoria da súa visita, remesaron ao Cebreiro un delicado relicario de prata e cristal dentro dun fermoso cofre de prata.

Despois da Reforma, cando o número de peregrinos a Santiago diminuíu, o “Camiño Francés” fíxose menos e menos frecuentado, ata que se volveu tan agreste e descoidado como o camiño dos peregrinos a Canterbury. As preciosas reliquias murcharon no seu primeiro relicario, e cando a onda de anticlericalismo do século XIX invadiu España, traendo consigo o esleimento e abandono dos mosteiros, O Cebreiro e o seu Cáliz Sagro foron completamente esquecidos polo mundo exterior. “Os aldeáns das veciñas montañas aínda cren e son fieis”, dixo o xove crego, “pero ninguén máis volveu subir ao Cebreiro”. Este crego, non obstante, parece sentirse completamente feliz nesta parroquia aldeá. “Milleiros deles subiron este ano o oito de setembro”, díxonos. “Tiven que traer seis confesores para me axudar e todos estivemos moi ocupados absolvendo xente antes da Comuñón, desde as oito da mañá ata as dúas da tarde. A xente foi moi sincera”, engadiu, “e estaba imbuída do espírito de humildade e sacrificio. Vostedes ollarán unha cousa estraña nunha das capelas dos lados: unha colección de trenzas de mulleres, cada unha coidadosamente trenzada e atada cunha fita de cor. Cortáronas das súas cabezas ao chegar, como ofrenda votiva. O costume das mulleres por estas partes é facer iso”. O xove crego parecía dubidar un algo sobre eses cadrellos e abaneou a cabeza do mesmo xeito que o vendedor de velas de Santiago fixera ao se referir ás ofrendas anatómicas de cera que o Arcebispo tanto desaprobaba. “¡Ah!”, exclamou despois dun momento de reflexión, “supoño que sexa un sacrificio xenuíno, e, despois de todo, iiso é o que conta!”.

O vento sopraba tan forte cando chegamos ao cume do Cebreiro, que pensei que o noso pequeno automóbil sería arrastrado e feito anacos contras as paredes que rodean a modesta igrexa; anacos que se espaxarían polas rexións de Galicia, León e Asturias, pois estábamos nos límites de todas tres.

Achegueime andando deica a estreita meseta sobre a que se construíu o increíble santuario. Este está apegado como unha lapa só batido polo vento matugeiro. Trátase dun edificio escuro, dunha cor de cinza, cunha tosca torre románica sen adobío algún. Unha capela metodista non podería ser máis sinxela que esta. Fiquei de pé mirando a austera pía de pedras. ¿Podía ser este, realmente, o nun tempo famoso santuario no mundo, ao que viñan visitar milleiros de peregrinos dos sitios máis afastados? ¿Era esta a igrexa que se elixira entre todas para ter a honra extraordinaria de ser visitada polo Cáliz Sagro? Entrei polo pórtico, que podía pertencer a calquera igrexa parroquial de Galicia, medio agardando e medio temerosa de atopar desfigurado o interior polo traballo de mal gusto dos imaxineiros locais. En troques disto, ao pasar polo renxente piso de táboas, batín co interior de igrexa máis espido que vira nunca en España. Non había ningún banco na curta e ancha nave, nin unha imaxe, agás a bizantina de Nosa Señora no altar maior. As trenzas ás que se referira o cura novo penduraban pateticamente de cravos na parede da ala este, á beira dun crucifixo grande. Había tumbas baixo as táboas do piso, e o crego agardaba ter axiña os fondos suficientes para poder facer unha pescuda nelas. Sobre

as paredes caleadas estaban pintados cruamente con letras vermelas algúns textos bíblicos.

Cando chegamos ao altar, demos a volta, case instintivamente, cara á porta a través da cal pasara Xoán Santiñas. O crego abriu un armario e tirou unha rachada sobrepeliz branca, que puxo antes de se achegar ás reliquias. Estaban Bardadas estas nunha caixa comente de madeira, marcada co nome de “Cebreiro”. Sacounas e amosounas, permitíndonos collelas e levalas ata a fría luz do día fóra da igrexa, para fotografalas; o cáliz románico de prata e o relicario de cristal e prata, con ser imposible de recoñecer o que se di un anaco de carne humana, moliguenta e dunha cor esluada, e descoridas manchas de sangue.

Facía tanto frío que os meus atecidos dedos a penas podían soste a cámara. Voltamos tremando para dentro da igrexa, e miramos como o crego pechaba as reliquias na sinxela caixa de madeira. Fixemos tan longo camiño, pensei un pouco amarguradamente, cheos de expectación, e... iisto era todo! ¿Agardaba eu ollar algo suntuoso e espectacular? Non, o santuario do Cebreiro non se menciona entre as xoias arquitectónicas de Galicia. ¿Agardaba eu algunha cousa diferente das reliquias? O cáliz era fermoso, seguramente, pero non único... Camiñei de vagariño pola nave, mirei as baixas paredes caleadas e exclamei en voz alta: “¡Este lugar é tan humilde e escuro como o estábulo de Belén!”. Un lóstrego de comprensión aparecéuseme cando as palabras fuxiron dos meus beizos. Desde logo, O Cebreiro tiña que ser humilde. Como a luz do mundo nacera nun miserento presebe, procuránda os Magos inutilmente nos pazos e lugares suntuosos, así Ela se revelara outravolta aos pobres aldeáns, a fe dos que calettrara as esferas celestiais desde un remoto recanto das montañas galegas. O que era moito máis sorprendente era que permitisen que o santuario permanecese tan humilde, que se conseguise conservar a inocencia dunha parroquia rural a través das idades. Parece o mesmo hoxe que debeu parecer naquel frío día de inverno, cando no medio da treboada de neve Xoán Santiñas subiu con esforzo a montaña para ollar o milagre da súa vida, e inmortalizarse así nos anais dos que algúns son lendarios e outros historia auténtica.

O xove crego puxo a caixa de novo no seu armario e pechou con chave a renxente porta tras del. Deixámolo en Pedrafita (coa súa figura solemne e estudiosa levando a súa sotana voexando co fresco vento outonal), e despois partimos de volta pola longa estrada sobre penedos e illós, pasando pendurantes trepadeiras de cor carmesí. Volvémonos para lle botar unha derradeira ollada ao Monte Cebreiro coa estreita silueta da súa igrexa románica, empoleirada confiadamente preto do ceo, e logo debruzámonos cara a atrás pensativos, ata que Roberto rachou o silencio ao exclamar profeticamente: “A miña intuición dime que a lembranza deste lugar vaia adonar de nós durante longo tempo”.

Escribín ao comezo deste libro que moito do feito de Galicia é indescribible, e remato describindo o escenario no que se di que tivo lugar un milagre hai moito tempo. ¿Que pode ser máis incommunicable que o impacto dun milagre de hai setecentos anos nunha aldea esquecida da montaña? Aínda momentos e experiencias tales como estas, pertencen a esa intanxible atmosfera que fai que, en parte polo menos, Galicia se adone da imaxinación e a memoria do viaxeiro.